⁶ No Perfil BNE: “en castelán”

⁷ Termo médico extraído de [aquí](#). No Dicionario galego de termos médicos non aparece.

⁸ Desaparece o primeiro exemplo e o segundo pasa ao parágrafo anterior:

245 00 \$a[Tres obras de teatro holandesas, século XX]

245 00 \$a[Informe dos comités de Carolina do Norte sobre o cancro do colo do útero]

Título paralelo propiamente dito (2.3.3)

ELEMENTO NÚCLEO cando se toma da mesma fonte ca o título propiamente dito.
Os títulos paralelos propiamente ditos tomados doutras fontes son opcionais.

MARC21: 245 \$b ou, ao non ser repetible, outro subcampo coa puntuación ISBD adecuada (=)

Rexistre sempre os títulos paralelos que aparezan na mesma fonte ca o título propiamente dito. Rexistre títulos paralelos doutras fontes dentro do recurso se o considera importante para a identificación do recurso.

Se o título propiamente dito se tomou dunha fonte externa ao recurso, tome só aqueles títulos paralelos que figuran na mesma fonte. Se a fonte do título paralelo é diferente á do título propiamente dito e se considera importante consígnalo, redacte unha nota especificando a fonte (2.17.2.3). Véxase tamén a sección **Nota sobre o Título (2.17.2)**.

245 10 \$aJeux de cartes pour enfants =\$bChildren's playing cards
246 31 \$aChildren's playing cards

245 00 \$aModern problems of pharmacopsychiatry =\$bModerne probleme der Pharmakopsychiatrie = Problèmes actuels de pharmacopsychiatrie

Se o considera necesario, rexistre variantes dos títulos paralelos segundo o establecido no apartado Variantes de título (2.3.6).

Información complementaria do título (2.3.4)

ELEMENTO NÚCLEO se se toma da mesma fonte ca o título propiamente dito.

MARC 21: 245 \$b ou, ao non ser repetible, outro subcampo coa puntuación ISBD adecuada (:)
D.1.2.2

Rexistre a información complementaria do título cando figure na mesma fonte ca o título propiamente dito (2.3.4.2).

245 14 \$aThe courage of cowards :\$bthe untold stories of First World War conscientious objectors

Se existen varios elementos de información complementaria do título, por norma xeral, rexístreos todos. Se considera que son demasiados, rexistre só aqueles que crea importantes para a identificación do recurso. Rexistre todos os elementos no mesmo subcampo 245 \$b, separándoos mediante puntuación ISBD (espazo, colon, espazo), tendo en conta a orde de secuencia, presentación e tipografía da fonte de información (2.3.4.3)

245 00 \$aTLC :\$btutoring, leading, cooperating : training activities for elementary school students

Se hai un título de parte, sección ou suplemento, rexistre a información complementaria do título do recurso maior nunha nota:

245 00 \$aRecreation information.\$pNews sheet

500 ## \$a"Opportunities for people with intellectual disability"

[Na fonte: Recreation information / Opportunities for people with intellectual disability / News sheet]

Cando dubide de se unha frase forma parte da información complementaria do título ou da mención de responsabilidade, aplique 2.4.1.8:

→ Se:

- a secuencia, presentación ou tipografía na fonte de información indica que un substantivo ou frase substantivada foron feitos como parte da mención de responsabilidade

→ e:

- a frase substantivada é indicativa do rol da persoa, familia ou entidade corporativa nomeadas na mención de responsabilidade

→ entón:


- trate o substantivo ou a frase substantivada como parte da mención de responsabilidade:

En caso de dúbida, trate o substantivo ou frase substantivada como parte da mención de responsabilidade:

245 04 \$aThe coming of the night /\$ca novel by John Rechy
[Na fonte: «a novel by» aparece nunha liña e «John Rechy» aparece en liña separada debaixo]

Pero

245 02 \$aManfred :\$ba dramatic poem /\$cby Lord Byron
[Na fonte: «a» e «dramatic poem» aparecen en liñas separadas e «by Lord Byron» está impreso entre dúas barras horizontais]



Información complementaria paralela do título (2.3.5)

MARC 1: 245 \$b ou, ao non ser repetible, outro subcampo coa puntuación ISBD adecuada (:)
D.1.2.2

Se hai títulos paralelos propiamente ditos:

Tome a información complementaria paralela do título da mesma fonte ca o título paralelo (2.3.5.2). Rexistre a información complementaria paralela do título na mesma orde do título paralelo ao que corresponda a información (2.3.5.3):

245 00 \$aOn tour :\$b10 British jewellers in Germany and Australia = Auf Tournee: zehn britische Goldschmiede in Deutschland und Australien

Se non hai títulos paralelos propiamente ditos:

Rexistre unha información complementaria do título que apareza noutras linguas ou escrituras como información complementaria paralela do título (2.3.5.3):

245 14 \$aThe Zazoo :\$bI don't know what to wear! = Je ne sais pas quoi mettre!

[O recurso non ten título propiamente dito paralelo en francés]

Variantes de título (2.3.6)

ELEMENTOS NÚCLEO para BNE o título corrixido cando exista algunha inexactitude ou erro tipográfico no título propiamente dito.

MARC 21: 246 (Variante de título) \$a (Título propio/Título en breve), \$b (Resto de título), \$i (Texto de visualización), \$n (Número de parte ou sección da obra), \$p (Nome de parte ou sección da obra), 500 \$a (Nota xeral)

Rexistre nunha nota o título corrixido cando exista algunha inexactitude ou erro tipográfico no título propiamente dito.

245 10 \$aHeirarchy in organizations

246 1# \$iTítulo corrixido : \$aHierarchy in organizations

Transcriba calquera outro título que difira do título propiamente dito se o considera importante para a identificación e o acceso (títulos doutras fontes, partes do título que poidan confundirse co título propiamente dito, variacións no título propiamente dito procedentes de substituír palabras por numerais etc.).

Transcriba as variantes de título do mesmo xeito ca o título propiamente dito, sen omitir os artigos iniciais.

A táboa seguinte serve como guía simplificada para a codificación das variantes de título no campo 246.

INDICADOR 1	INDICADOR 2	CLASE DE TÍTULO	Etiqueta asociada
0 (se se considera necesaria unha NOTA)	#	\$i Subtítulo da cuberta \$i Título do colofón \$i Título paralelo na cuberta \$i Título da p. 4 da capa \$i Título paralelo da p. 4 da cuberta⁹ \$i Título da portada adicional en romanés (<i>no caso de linguas pouco coñecidas</i>) \$i Na cuberta, ademais (<i>para información que non se poida cualificar como complementaria do título, con significado máis amplo ou máis relativo</i>)	Non ten que xerar ningunha etiqueta por defecto. Utilízase como etiqueta a asociada a \$i
1 (se se consideran necesarios unha NOTA e un punto de acceso secundario)	#	\$i Título da etiqueta (<i>ou outras fontes de recursos electrónicos</i>) \$i Precede ao título (<i>cando introduce unha nota ou variante sobre o título</i>) \$i Título corrixido (<i>cando hai unha errata no título</i>)	Non ten que xerar ningunha etiqueta por defecto. Utilízase como etiqueta a asociada a \$i
3 (non hai nota, hai punto de acceso adicional)	#	- Números non ordinais como parte do título que non sexan datas. - O Título é un ano - Letras numerais (números romanos) como parte do título - Números ordinais, cando a xuízo do catalogador resulten útiles	Non ten que xerar ningunha etiqueta
3	0 (parte do título)	- Título alternativo - Parte de título (\$b ou \$p significativos) - Forma abreviada ou extensa dun título con valor equivalente na mesma fonte que xa consta no \$b	Non ten que xerar ningunha etiqueta. Na busca por palabra clave ten que facer a busca desa forma tamén e tense que poder indexar. Non se sacarán variantes do subtítulo en 245 da fonte.
3	1	Título paralelo (xa descrito no 245)	Non ten que xerar ningunha etiqueta
1	3	Variante de título (usarase excepcionalmente: cando estea dentro do propio texto ou non se poida identificar a fonte cun dos outros indicadores)	Etiqueta: Variante de título
1	4	Título da cuberta	Etiqueta: Título da cuberta
1	5	Título da portada adicional	Etiqueta: Título da portada adicional
1	6	Título da cabeceira	Etiqueta: Título da cabeceira
1	7	«Titulillo ¹⁰ »	Etiqueta: Titulillo
1	8	Título do lombo	Etiqueta: Título do lombo

Para maior información sobre boas prácticas no rexistro de variantes de título no campo 246, consulte as pautas da LoC en 2.3.6.3 ([é na súa tradución das Concrecións da BdC](#))

⁹ A páxina 4 da cuberta é a contracuberta.

¹⁰ Titulillo???

Utilice o campo 500 para rexistrar variantes de título só cando as diferentes posibilidades do campo 246 non llo permitan.

Rexistre unha variación nalgún subelemento do título nalgún volume dunha obra en varias partes se o considera importante para a identificación e o acceso.

Para máis información, véxase o apartado **Título e Mención de responsabilidade** no **ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes**

Exemplos da versión anterior do Perfil:

246 1# \$iTítulo do volume 2: \$aHistorie de la Grande Anglaterre

246 1# \$iTítulo paralelo do v. 2\$aHundred-flavour cuisine

246 0# \$iSubtítulo do v. 2 \$a Síndromes clínicos y su tratamiento manipulativo

500 ## \$aTítulo particular do volume 2: La Santa Inquisición

Mención de responsabilidade (2.4)

CONTÉN ELEMENTOS NÚCLEO

MARC 21: 245 \$c

Distínguense os seguintes subelementos:

- Mención de responsabilidade relacionada co título propiamente dito (2.4, 2.4.2) **NÚCLEO**
- Mención de responsabilidade paralela relacionada co título propiamente dito (2.4.3) **NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito.**

Mención de responsabilidade relacionada co título propiamente dito (2.4, 2.4.2)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 245 \$c

Unha mención de responsabilidade pode:

- Nomear un ou máis axentes, ou non nomear ningún, senón unha frase xenérica.

245 10 \$a... \$cJane Austen and another lady

245 10 \$a... \$cby a group of students with a Korean resource person

- Incluír substantivos ou frases substantivadas que aparecen en conxunción cos responsables (2.4.1.8).

245 14 \$aThe coming of the night /\$ca novel by John Rechy

[Na fonte: «a novel by» aparece nunha liña e «John Rechy» aparece en liña separada debaixo]

- Incluír ou non as funcións dos responsables. Cando se necesite aclarar a función dun axente, agregue unha palabra ou frase entre corchetes que o aclare (2.4.1.7).

245 10 \$a... \$b edited and introduced by Mrs. C.F. Leyel

245 10 \$a... \$b [collected by] Chet Williams

Fontes de información (2.4.2.2)

Siga esta orde de preferencia para elixir a fonte:

- a) A mesma fonte do título propiamente dito (2.3.2.2)
- b) Outra fonte dentro do mesmo recurso (2.2.2)
- c) Unha das outras fontes de información especificadas en 2.2.4

Rexistro dunha mención de responsabilidade relacionada co título propiamente dito (2.4.1.4)

Rexistre as mencións de responsabilidade relacionadas cos **creadores do contido intelectual ou artístico da obra** (mención de responsabilidade principal), tomándoas de calquera fonte.

Cando non haxa mencións de responsabilidade dos creadores, ou en caso de dúbida, rexistre as mencións de responsabilidade que aparezan na fonte preferida, a cuberta, outros preliminares e o colofón, por esta orde.

Dentro da mesma fonte, rexistre as mencións na orde indicada pola secuencia, a presentación ou a tipografía.

Transcriba unha mención de responsabilidade tal e como aparece na fonte de información.

- Inclúa os termos que expresen orixe, tratamento, profesión, dignidade ou cargo.
 - *En xeral, non aplique a omisión opcional en 2.4.1.4 que permite abreviar unha única mención de responsabilidade sen perda de información esencial, salvo nos casos nos que esa información sexa demasiado extensa e pouco significativa para a identificación ou se tome de fóra do recurso.*

245 13 \$aLa intimidad ibero-americana \$cdiscurso pronunciado por D. Rafael M. de Labra...

[Na fonte: discurso pronunciado por D. Rafael M. de Labra en el que el banquete celebrado en la noche del 6 de noviembre de 1892, en honor a los periodistas y pedagogos de Portugal y las repúblicas del sur de américa que tomaron parte en el congreso pedagógico hispano-portugués-americano verificado en Madrid en octubre de 1892]

245 14 \$aLos expertos opinan en trombosis venosa profunda :\$bensayo clínico comparativo entre el tratamiento con bemiparina una vez al día frente a la enoxaparina dos veces al día /\$cDr. José María Pedrajas Navas, Dra. Sara Ibáñez García

[Na fonte: Dr. José María Pedrajas Navas, Servicio de Medicina Interna, Hospital Clínico Universitario San Carlos, Madrid, Grupo de Trabajo FEMI de Enfermedad Tromboembólica, Dra. Sara Ibáñez García, Servicio de Farmacia Hospitalaria, Hospital General Universitario Gregorio Marañón, Madrid]

- Transcriba todos os responsables, independentemente do seu número. Non abrevie o número de axentes que realizan a mesma función (ou que teñen o mesmo grao de responsabilidade) salvo que resulte unha cantidade excesiva e non o considere necesario para identificar o recurso (por exemplo, relatores nun congreso, poetas nunha antoloxía, autores nunha compilación de ensaios etc.). Nunca abrevie o número se non son máis de tres responsables. Transcriba o primeiro nome e reflecta a omisión dos restantes interpolando entre corchetes o número de responsables que se omiten en galego.

245 10 \$a ... /\$cBrüder Grimm [e outros dez]

Pode rexistrar outras mencións de responsabilidade non principais se as considera importantes para a identificación (2.4.1.6). Rexístreas na orde indicada pola secuencia, a presentación ou a tipografía da fonte. Se a orde non está clara, rexístreas na orde máis lóxica. Para este tipo de mencións **non principais**:

Aplique a omisión opcional en 2.4.1.4 e 2.4.1.5:

Abrevie unha mención de responsabilidade só se se pode facer sen perda de información esencial. Non utilice marcas de omisión (...) para indicar tal omisión.

Se unha única mención de responsabilidade nomea máis de tres axentes que realizan a mesma función (ou co mesmo grado de responsabilidade), transcriba o primeiro nome e reflicte a omisión dos restantes interpolando entre corchetes o número de responsables que se omiten en galego¹¹.

Rexistro de cambios na mención de responsabilidade dunha obra en varias partes (2.4.1.10.1)

Faga unha nota (2.20.3.6.1) se se engade, suprime ou cambia unha mención de responsabilidade nunha parte subsecuente dunha monografía en varias partes e o considera importante para a súa identificación ou acceso.

*Para máis información véxase o apartado **Mención de responsabilidade (245 \$c)** no **ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes***

Mención de responsabilidade en máis dunha lingua ou escritura (2.4.2.4)

Rexistre a mención na lingua ou escrita do título propiamente dito. Se este criterio non é aplicable, rexistre a mención que apareza primeiro.

**245 10 \$aTin prices, 1956-1973 :\$bLondon and Penang /\$cInternational Tin Council
[O recurso leva a mención de responsabilidade en francés, español, ruso e inglés]**

Mención de responsabilidade paralela relacionada co título propiamente dito (2.4.3)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito.

Tome as mencións de responsabilidade paralelas da mesma fonte ca o correspondente título paralelo (2.3.3.2)

**245 10 \$aP'esy /\$cA.P. Chekhov = Plays / Anton Chekhov
[A fonte leva o título propiamente dito e a mención de responsabilidade en cirílico con título paralelo e mención de responsabilidade en inglés]**

¹¹ A modificación consiste nun cambio no modo de poñer a información, non hai información nova na instrución.

Mención de edición (2.5)

CONTÉN ELEMENTOS NÚCLEO

MARC 21: 250

Distínguense os seguintes subelementos:

- **Designación de edición (2.5.2) NÚCLEO**
- **Designación paralela de edición (2.5.3) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación de edición.**
- **Mención de responsabilidade relacionada coa edición (2.5.4) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación de edición.**
- **Mención de responsabilidade paralela relativa á edición (2.5.5) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte da correspondente designación paralela.**
- **Designación de una revisión mencionada dunha edición (2.5.6) NÚCLEO**
- **Designación paralela dunha revisión mencionada dunha edición (2.5.7) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación da revisión.**
- **Mención de responsabilidade relativa a unha revisión mencionada dunha edición (2.5.8) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación da revisión.**
- **Mención paralela de responsabilidade relacionada cunha revisión mencionada dunha edición (2.5.9) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a correspondente designación da revisión.**

Fontes de información (2.5.1.2, 2.5.2.2)

Siga esta orde de preferencia para elixir a fonte do subelemento **Designación de edición**:

- A mesma fonte do título propiamente dito (2.3.2.2)
- Outra fonte dentro do recurso mesmo (2.2.2)
- Unha das outras fontes de información (2.2.4)

Para os restantes subelementos, elixa en primeiro lugar a fonte da **Designación de edición** salvo que se indique o contrario.

Rexistre entre corchetes calquera subelemento tomado dunha fonte de fóra da manifestación (2.2.4)

Rexistro da mención de edición (2.5.1.4)

Transcriba unha mención de edición tal e como aparece na fonte preferida (2.5.1.4, 1.7).

250 ## \$a3rd edition
 250 ## \$aDeuxième édition revue et augmentée
 250 ## \$aprimeira edición: setembro de 2018
 250 ## \$aEdición: 2016
 250 ## \$a3ª edición: 2017
 250 ## \$aData de edición: 2017

Aplique a adición opcional:

Se ao recurso lle falta unha mención de edición pero se sabe que contén cambios significativos respecto doutras edicións, proporcione unha mención de edición, se se considera importante para a identificación ou acceso. Indique en NOTA á manifestación que a información se tomou dunha fonte externa ao recurso (2.2.4).

250 ## \$a[Edición corrixida e coloreada á man]
 500 ## \$aEdición tomada da páxina web do editor

- **Rexistro de cambios nas mencións de edición en obras en varias partes (2.5.1.6.1)**

Siga o indicado no apartado **Mención de edición (250)** do ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Designación de edición (2.5.2)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 250 \$a

En caso de dúbida sobre se unha mención é unha designación de edición, considere a presenza destas palabras ou frases como evidencia de que é unha designación de edición:

- Unha palabra tal como *edición, entrega, lanzamiento, nivel, estado ou actualización* (ou os seus equivalentes noutra lingua)
- Unha mención que indique:
 - a. Unha diferenza no contido
 - b. Unha diferenza na cobertura xeográfica
 - c. Unha diferenza na lingua
 - d. Unha diferenza na audiencia
 - e. Un formato ou presentación particular
 - f. Unha data diferente asociada co contido

Rexistro de designacións de edición

Unha mención que detalle o número de copias impresas non é unha designación de edición. Este dato pode ser rexistrado en NOTA á manifestación (500).

Se unha designación de edición consiste nunha ou varias letras e/ou números sen outra palabra que os acompañe, engada entre corchetes o termo adecuado:

250 ## \$a3a [édition]
250 ## \$aTercera [edición]
250 ## \$a[Version] 1.1

Se unha designación de edición é unha parte integrante do título propiamente dito, información complementaria do título ou mención de responsabilidade ou a designación está ligada gramaticalmente con calquera destes elementos, rexistre a designación de edición como parte integrante do elemento ao cal está integrada ou ligada. Non a rexistre de novo como unha designación de edición:

245 14 \$aThe compact edition of the Oxford English dictionary

Máis dunha designación de edición

Rexistre as mencións en campos separados, seguindo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía da mención na fonte de información:

250 ## \$aSecond edition
250 ## \$aInternational edition

Designación de edición en máis dunha lingua ou escritura (2.5.2.4)

Rexistre a designación de edición na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura nesa lingua, rexistre a mención que apareza en primeiro lugar.

250 ## \$a4th edition

[Título propiamente dito en inglés. Designación de edición en inglés e francés]

Designación paralela de edición (2.5.3)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE a primeira designación paralela (segundo a orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca a designación de edición.

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre a designación paralela de edición se figura na mesma fonte preferida da designación de edición.

Se hai máis dunha designación de edición, rexistre só a primeira segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía da mención na fonte de información.

250 ## \$aEdition critique =\$bEdizione critica

[na fonte tamén aparece a designación de edición en inglés no terceiro lugar]

Mención de responsabilidade relacionada coa edición (2.5.4)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación de edición.

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (/)

Rexistre a mención de responsabilidade relativa á edición se figura na mesma fonte da designación, aplicando as instrucións básicas sobre o rexistro da mención de responsabilidade dadas en 2.4.1.

Rexistre a mención de responsabilidade relativa á edición como mención de responsabilidade relativa ao título propiamente dito nos seguintes casos (2.4.2):

- a) En caso de dúbida sobre se unha mención de responsabilidade é aplicable a todas as edicións.
- b) Cando non hai designación de edición
- c) Cando se describe a primeira edición.

Mención de responsabilidade relativa á edición en máis dunha lingua ou escritura (2.5.4.4)

Rexistre a mención de responsabilidade relativa á edición na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura na dita lingua, rexistre a mención que apareza en primeiro lugar.

Mención de responsabilidade paralela relativa á edición (2.5.5)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE a primeira mención (segundo orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca a correspondente designación paralela de edición.

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (/)

Rexistre a mención de responsabilidade paralela relativa á edición se figura na mesma fonte da correspondente designación paralela.

Se hai máis dunha mención de responsabilidade paralela, rexistre a mención correspondente á designación paralela de edición que rexistrase. Se non hai designación paralela correspondente, non rexistre a mención de responsabilidade.

Designación de una revisión mencionada dunha edición (2.5.6)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 250 \$b Aplique a puntuación ISBD correspondente (,)

Rexistre a designación dunha revisión dunha edición cando conteña cambios con respecto á edición revisada:

250 ## \$a3rd edition, reprinted with corrections
250 ## \$a3rd edition, 2nd (corrected) impression

Rexistre a designación da revisión despois da mención de responsabilidade da edición cando haxa unha:

250 ## \$a4th edition /\$brevised by H.G. Le Mesurier and E. McIntosh, reprinted with corrections

Designación dunha revisión mencionada dunha edición en máis dunha lingua ou escritura (2.5.6.4)

Rexistre a designación da revisión dunha edición na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura na dita lingua, rexistre a mención que apareza no primeiro lugar.

250 ## \$a3rd corrected impression
[Título propiamente dito en inglés. A designación dunha revisión mencionada dunha edición aparece tamén en francés]

Designación paralela dunha revisión mencionada dunha edición

ELEMENTO NÚCLEO para BNE a primeira designación paralela (segundo orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca a designación da revisión).

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre a designación paralela da revisión dunha edición se figura na mesma fonte ca a designación da revisión.

Se hai máis dunha designación paralela, rexistre só a primeira segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía das mencións na fonte de información.

Mención de responsabilidade relativa a unha revisión mencionada dunha edición (2.5.8)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca a designación da revisión.

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (/)

Rexistre a mención de responsabilidade relacionada coa revisión dunha edición se figura na mesma fonte preferida da designación de revisión coa que se relaciona (2.5.6.2)
Rexistre a mención de responsabilidade despois da designación de revisión:

250 ## \$a2nd edition, 3rd revision /\$bby N. Schmidt.

Se a designación da revisión dunha edición figura tras unha mención de responsabilidade da edición, preceda á mención de responsabilidade relativa á revisión da correspondente puntuación ISBD (espazo, barra, espazo):

250 ## \$aRevised edition /\$bwith revisions, an introduction, and a chapter on writing by E.B. Whitte, 2nd edition / with the assistance of Eleanor Packard.

Mención de responsabilidade relacionada cunha revisión mencionada dunha edición en máis dunha lingua ou escritura (2.5.8.4)

Rexistre a mención de responsabilidade relacionada coa revisión dunha edición na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura na devandita lingua, rexistre a mención que aparece primeiro.

250 ## \$bby N. Schmidt
[Título propiamente dito en inglés. Mención de responsabilidade relacionada cunha revisión mencionada dunha edición tamén aparece en alemán]

Mención paralela de responsabilidade relacionada cunha revisión mencionada dunha edición (2.5.9)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE a primeira mención paralela (segundo orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca a correspondente designación paralela.

MARC 21: 250 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre unha mención paralela de responsabilidade relacionada cunha revisión mencionada dunha edición se figura na mesma fonte da correspondente designación paralela. Se non hai designación paralela correspondente, no rexistre a mención de responsabilidade.

Mención de publicación (2.8)

Contén ELEMENTOS NÚCLEO

MARC 21: 264 #1

Distínguense os seguintes subelementos:

- **Lugar de publicación (2.8.2) NÚCLEO**
- **Lugar paralelo de publicación (2.8.3) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o lugar de publicación.**
- **Nome de editor (2.8.4) NÚCLEO**
- **Nome paralelo de editor (2.8.5) NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o nome do editor.**
- **Data de publicación (2.8.6) NÚCLEO**

Fontes de información (2.8.1.2)

Siga esta orde de preferencia para elixir a fonte dos subelementos **Nome do editor** e **Data de publicación**:

- a) A mesma fonte do título propiamente dito (2.3.2.2)
- b) Outra fonte dentro do mesmo recurso (2.2.2)
- c) Unha das outras fontes de información de 2.2.4

Para os restantes subelementos, elixa en primeiro lugar a fonte do *Nome do editor* salvo que se indique o contrario.

Rexistre entre corchetes calquera subelemento tomado dunha fonte de fóra da manifestación (2.2.4)

Rexistro da mención de publicación (2.8.1.4)

Transcriba os lugares de publicación, os nomes dos editores e a data de publicación como aparecen na fonte de información. Aplique as pautas xerais sobre transcripción (1.7) e sobre números expresados como números ou como palabras (1.8).

264 #1 \$a[Jaén] :\$bInstituto de Estudios Gienenses,\$c[2015]
 264 #1 \$a[Murcia] :\$b[Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología],\$c[2014]
 264 #1 \$aGranada :\$bComares,\$c2016

Se algún dos elementos núcleo non aparece no recurso, proporcione un elemento coñecido ou probable sempre que sexa posible.

Rexistro de cambios na mención de publicación de obras en varias partes

Rexistre un cambio nunha mención de publicación nunha obra en varias partes en NOTA (véxase 2.17.7.5.1) se as mencións difiren dunha parte a outra e a diferenza se considera importante para a identificación ou acceso.

Para máis información, véxase o apartado **Mención de Publicación, Distribución e Fabricación (264)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes.

500 ## \$aVol. 2 publicado por el Ayuntamiento de Leganés; v. 4 publicado por el Ayuntamiento de Parla
 500 ## \$aVol. 2 publicado en Madrid

Aplique a alternativa

Se os cambios son numerosos, faga unha nota xeral

500 ## \$aA mención de publicación varía

Lugar de publicación (2.8.2)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 264 #1 \$a

Rexistro do lugar de publicación (2.8.2.3)

Rexistre o lugar de publicación aplicando as instrución básicas dadas en 2.8.1. Inclúa, se está presente na fonte de información:

- a) A localidade (cidade, vila etc.)

264 #1 \$aKöln

- b) O nome da xurisdición ou xurisdicións maiores (estado, comunidade autónoma, provincia etc. e/ou país)

264 #1 \$aAldershot, Hampshire, England

- c) Calquera preposición que apareza co nome do lugar que sexa necesaria para darlle sentido á mención:

264 #1 \$aV Praze¹²

Aplique a segunda adición opcional

Proporcione entre corchetes un nome de xurisdición maior que non figura no documento (estado, comunidade autónoma, provincia etc., e/ou país) como parte do nome do lugar nos seguintes casos:

- i. **Homonimias:** Engada a xurisdición maior para resolver homonimias de lugares cando sexa importante para a identificación do lugar.

264 #1 \$aSada [A Coruña]¹³
264 #1 \$aSada [Navarra]
264 #1 \$aLondon [Ontario]

pero

264 #1 \$aLondon
[Cando se trate de Londres, Gran Bretaña]

Cando se trate dunha homonimia entre un lugar español e un estranxeiro, engada a xurisdición maior só no caso do lugar estranxeiro.:

264 #1 \$aMérida [México]
264 #1 \$aMérida

¹² "en Praga"??

¹³ O exemplo da BNE é Vilarmayor (A Coruña) / Villarmayor (Salamanca), que non ven moi acaído aquí.

ii. **Cando non figure o nome completo e o lugar non sexa especialmente coñecido:**

Considere preferible a mención do lugar adicional á interpolación do resto do nome, xa que con isto se resolve a homonimia e a identificación da área xeográfica maior.

264 #1 \$aVillaviciosa [Madrid]
[e non: 264 #1 \$aVillaviciosa [de Odón, Madrid]]

Cando, non obstante, o procedemento resulte insuficiente para resolver o conflito, recorra ao sistema dobre (interpolación do resto do nome e lugar adicional):

264 #1 \$aColmenar [Viejo, Madrid]
264 #1 \$aColmenar [de Oreja, Madrid]

Se o nome do lugar que figura no recurso é ficticio ou require unha aclaración, elabore unha nota proporcionando o nome real do lugar (2.17.7.3):

264 #1 \$aLerpwl
500 ## \$aPublicado en Liverpool

Máis dun lugar de publicación 2.8.2.4

Se se menciona máis dun lugar de publicación na fonte de información, rexístreos segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía dos nomes na fonte de información:

264 #1 \$aToronto ;\$aMontréal
264 #1 \$aNew York :\$bDutton ;\$aToronto :\$bClarke, Irwin

Excepción:

Non aplique a regra anterior para aqueles casos nos que o propio logotipo do editor inclúe as súas sedes. Para estes casos, rexistre unicamente o lugar de publicación real¹⁴:

264 #1 \$aBuenos Aires :\$bPanamericana
[Na portada: Buenos Aires, Bogotá, Caracas, Madrid, México, Santiago de Chile, Sao Paulo. No verso da portada: Buenos Aires]

Lugar de publicación en máis dunha lingua ou escritura (2.8.2.5)

Rexistre o lugar de publicación na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura nesa lingua, rexistre o nome de lugar que apareza primeiro.

264 #1 \$aGenf

¹⁴ [A excepción do caso da editorial McGraw-Hill, ou Panamericana..., nos que aparece o logotipo, incluíndo todas as sedes da editorial. Nestes casos, transcríbese o lugar de edición que corresponda, que habitualmente está no verso da portada]



[Título propiamente dito en alemán. O lugar de publicación tamén aparece como: Genève]

Lugar de publicación non identificado nas fontes de información (2.8.2.6)

Se o lugar de publicación non está identificado no recurso, rexistre nesta orde de preferencia:

- a) A localidade se se coñece, incluída a xurisdición maior se é necesaria para a identificación:
264 #1 \$a[Nova York]
264 #1 \$a[Cambridge, Inglaterra]
- b) Unha localidade probable, marcada cun signo de interrogación:
264 #1 \$a[Cidade de México?]
264 #1 \$a[Ames, Iowa?]
264 #1 \$a[San Petersburgo?, Rusia]
- c) A provincia, comunidade autónoma, estado, país etc. se se coñece:
264 #1 \$a[Estados Unidos]
264 #1 \$a[Canadá]
- d) Unha provincia, comunidade autónoma, estado, país etc. probable, marcada cun signo de interrogación:
264 #1 \$a[España?]
264 #1 \$a[Suecia?]
- e) A seguinte fórmula que especifica que non foi identificado o lugar:
264 #1 \$a[Lugar de publicación non identificado]

Lugar paralelo de publicación (2.8.3)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o lugar de publicación.

MARC 21: 264 #1 \$a, aplique a puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre un lugar paralelo de publicación se figura na mesma fonte ca o lugar de publicación. Se hai máis dun lugar paralelo, rexistre só o primeiro segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía das mencións na fonte de información.

Nome de editor (2.8.4)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 264 #1 \$b

Rexistro do nome do editor (2.8.4.3)

Rexistre o nome do editor na forma na que aparece (incluído, se é o caso, un artigo inicial).

264 #1 \$aMadrid :\$bEditorial Casariego S.L.,\$c2017

E non:

264 #1 \$aMadrid :\$bCasariego,\$c2017

Non considere mención de publicación os logos, anagramas, **páxinas web**, símbolos e debuxos que aparezan no pé de imprenta. Nestes casos, tome o dato doutra fonte.

264 #1 ... :\$bOnada Edicións
[Na portada: onadaeditions.com]

Non aplique a omisión opcional que prescribe omitir os niveis de xerarquía corporativa que non se requiren para identificar o editor:

264 #1 \$aMadrid :\$bMinisterio para las Administraciones Públicas, Instituto Nacional de Administración Pública

264 #1 \$aChicago :\$bHumanities Association, Literatura Division, Renaissance Literature Section
[Na fonte: Humanities Association, Literature Division, Renaissance Literature Section]

Rexistre as palabras ou frases que indican a función (diferente da publicación) desenvolvida por un axente tal e como aparecen na fonte de información (2.8.4.4).

264 #1 \$a... :\$bSAGE Publications on behalf of McGill University
[Na fonte: Published by SAGE Publications on behalf of McGill University]

Se hai un logo e unha mención de editor xuntas, prefira a mención.

Se o nome do editor que figura no recurso é ficticio ou require unha aclaración, elabore unha nota na que dea o nome real do editor (2.17.7.3).

264 #1 \$aNeverland :\$bFairy Glen Press,\$c2009
500 ## \$aRealmente publicado en Londres por Hachette Partworks

Máis dun editor (2.8.4.5)

Se na fonte de información se menciona máis dun axente como editor do recurso, rexistre os nomes dos editores na orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía dos nomes. Se están enlazados gramaticalmente, transcríbaos tal e como figuran.

264 #1 \$a... :\$bThe British Psychological Society and The Royal College of Psychiatrists

Nome de editor en máis dunha lingua ou escritura (2.8.4.6)

Rexistre o nome do editor na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura nesa lingua, rexistre o nome do editor que apareza primeiro.

Editor non identificado na manifestación (2.8.4.7)

Tome o nome do editor dunha fonte externa. Rexístreo entre corchetes:

264 #1 \$aEdinburgh :\$b[Royal Society of Edinburgh]

Se non é posible identificar o editor, non proporcione un nome probable e rexistre «[*editor non identificado*]».

264 #1 \$a[Edinburgh] :\$b[editor non identificado]

Autor-editor inferido

Cando o editor non estea identificado no recurso, pero poida inferir que é o propio autor, rexístreo de xeito abreviado mediante a inicial do nome e o seu primeiro apelido:

264 #1 ... : \$b[M. Rodríguez]

[No verso da portada: ©Margarita Rodríguez López]

Se o editor é o propio autor pero figura como tal na mención de publicación, non siga a pauta anterior e rexistre a mención de publicación tal e como apareza no recurso:

264 #1 \$aDos Hermanas :\$bO autor,\$c2021

264 #1 \$a... :\$bAna Rebollo,\$c2021

[No recurso, Ana Rebollo aparece como autora do libro e tamén como editora]

Nome paralelo de editor (2.8.5)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o nome de editor.

MARC 21: 264 #1 \$b, aplique a puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre un nome paralelo de editor se figura na mesma fonte ca o lugar de publicación. Se hai máis dun nome de editor paralelo, rexistre só o primeiro segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía das mencións na fonte de información.

Data de publicación (2.8.6)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 264 #1 \$c

Rexistro da data de publicación (2.8.6.3)

Rexistre a data aplicando as instrucións básicas dadas en 2.8.1.

264 #1..., \$c2011

264 #1..., \$cMay 2000

Aplique a segunda alternativa de 1.8.2:

Rexistre os números como aparecen na fonte. Agregue os números equivalentes na forma preferida pola axencia que crea os datos.

264 #1..., \$cMCM [1900]

Se os números aparecen expresados con palabras, rexístreos en números arábigos (1.8.3).

Cando a data non sexa do calendario gregoriano ou xuliano, **aplique a adición opcional:**

Engada a data ou datas correspondentes do calendario gregoriano ou xuliano

264 #1..., \$c4308 [1975]

Se se sabe que a data que figura na publicación é ficticia ou incorrecta, redacte unha nota proporcionando a data real (2.17.7.3).

Data de publicación en monografías en varias partes (2.8.6.5)

- Primeiro volume dispoñible

264 #1..., \$c1988-

- Primeiro e último volume dispoñible ou todo dispoñible

264 #1..., \$c1988-2005

- Último volume dispoñible

264 #1..., \$c-2005

- A mesma data para todos os volumes

264 #1..., \$c2016

- Se non dispón nin do primeiro nin do último volume, pero coñece as datas de iniciación e terminación, proporcióneas:

264 #1..., \$c[1998]-	<i>A primeira entrega dispoñible: v. 1, no. 3, July 1998</i>
264 #1..., \$c1997-[2000]	<i>A última parte non está dispoñible, pero dispónse de información sobre a data de terminación.</i>
264 #1..., \$c[1988-1991]	<i>A primeira e última entregas non están dispoñibles, pero dispónse de información sobre as datas de iniciación e terminación.</i>

Se non coñece as datas de iniciación e terminación, siga a política de LC-PCC¹⁵ e rexistre as datas dos volumes que ten entre corchetes angulares para indicar que se trata de información incerta ou temporal.

264 #1..., \$c<1998->

A primeira entrega dispoñible: v. 1, no. 3, July 1998

Para máis información, véxase o apartado Data de publicación, distribución, fabricación ou copyright (264)no [ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes](#).

Data de publicación non identificada na manifestación (2.8.6.6)

Se non figura a data de publicación, non a substitúa pola de DL, de impresión nin de copyright. Proporcione unha data entre corchetes baseándose nas seguintes pautas:

- Data inferida a partir doutros datos da manifestación:
 - DL
 - Distribución
 - Impresión
 - Edición
 - e/ou copyright

264 #1..., \$c[2013]

15 Library of Congress – Program for Cooperative Cataloging [PS = Policy Statements]

- Data coñecida por unha fonte externa (1.9.2.1)

264 #1..., \$c[2011]

- Data certa entre dous anos consecutivos (1.9.2.2)

264 #1..., \$c[1971 ou 1972]

- Data probable (1.9.2.3)

264 #1..., \$c[2011?]

- Data probable entre un rango de anos non consecutivos (1.9.2.4)

264 #1..., \$c[entre 1846 e 1853?]

- Data coñecida entre un rango de anos non consecutivos (1.9.2.5)

264 #1..., \$c[entre 1902 e 1905]

- Data máis antiga ou última data coñecida na que puido publicarse (1.9.25)

264 #1..., \$c[non despois de agosto 21, 1492]

- Se descoñecemos a data de publicación, rexistre: **[data de publicación non identificada]**. Evite o seu uso e intente sempre cubrir unha data.

264 #1..., \$c[data de publicación non identificada]

Mención de distribución (2.9)

MARC 21: 264 #2 \$a, \$b, \$c

Distínguense os seguintes subelementos:

- Lugar de distribución (2.9.2)
- Nome de distribuidor (2.9.4)
- Data de distribución (2.9.6)

Os subelementos *Lugar paralelo de distribución* (2.9.3) e *nome paralelo do distribuidor* (2.9.5) non se rexistran en ningún caso.

Rexistro da mención de distribución

Rexistre unha mención de distribución que apareza na fonte de información do título propiamente dito ou do nome de editor se o considera importante para a identificación do recurso.

Rexistre unha mención de distribución que figure noutras fontes só cando careza dalgún dos elementos núcleo da mención de publicación.

264 #1 \$aBarcelona :\$c[editor non identificado], \$c2016

264 #2 \$aBarcelona :\$bdistribuido por Pemax, S.L., \$c2016

[O nome de editor non figura no recurso; o nome do distribuidor figura no colofón]

Sempre que rexistre algún dato de distribución, rexistre a mención de distribución cos subelementos **lugar**, **nome** e **data**, se dispón da información, aínda que a data ou o lugar coincidan coas de publicación.

- Para rexistrar o lugar de distribución (2.9.2), siga as instrucións relativas ao rexistro do **Lugar de publicación** (2.8.2).
- Para rexistrar o nome do distribuidor (2.9.4), siga as instrucións relativas ao rexistro do **Nome de editor** (2.8.4).

- Para rexistrar a data de distribución (2.9.6), siga as instrucións relativas ao rexistro da **Data de publicación (2.8.6)**.

264 #1 \$a[San Sebastián] :\$bFederación Foros del Campo Lacaniano en España, \$c2017
264 #2 \$a[Rotterdam] :\$bdistribuye, ReadOnTime, \$c[2017]

[O nome do distribuidor figura na fonte preferida; a data infírese a partir doutros datos da manifestación e o lugar a partir de fontes externas (non do lugar de edición)]

Mención de fabricación (2.10)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE cando o impresor é español e o editor estranxeiro.

MARC 21: 264 #3 \$a, \$b, \$c

Distínguense os seguintes subelementos:

- Lugar de fabricación (2.10.2)
- Nome de fabricante (2.10.4)
- Data de fabricación (2.10.6)

Os subelementos *Lugar paralelo de fabricación (2.10.3)* e *Nome paralelo do fabricante (2.10.5)* non se rexistran en ningún caso.

Rexistro da mención de fabricación:

Rexistre unha mención de fabricación sempre nos casos nos que a Manifestación estea publicada por un editor estranxeiro e fabricada por un impresor español.

Rexistre unha mención de fabricación¹⁶:

- Cando a mención de publicación teña un editor persoal

264 #1 \$aMadrid :\$bAlfonso Guijuelo,\$c[2017]
264#3 \$almpreso en Madrid:\$bpor Gráficas IMAX,\$c2017

- Cando careza dalgún dos elementos núcleo da mención de publicación e non puidese rexistrar a mención de distribución.

264 #1 \$aMadrid :\$b[editor non identificado],\$c2016
264 #3 \$aMadrid :\$bGráficas Alquimia,\$c2016
[Os nomes de editor e distribuidor non figuran no recurso; o nome do impresor figura no colofón]

**Sempre que rexistre algún dato de fabricación, rexistre a mención de fabricación cos subelementos lugar, nome e data se dispón da información, aínda cando a data ou o lugar coincidan coa data e o lugar de publicación e/ou distribución.

- Para rexistrar o lugar de fabricación (2.10.2), siga as instrucións relativas ao rexistro do **Lugar de publicación (2.8.2)**.

¹⁶ Desaparecen as seguintes instrucións:

- *Rexistre unha mención de fabricación que apareza na fonte de información do Título propiamente dito ou do nome do editor se o considera importante para a identificación do recurso.*
- *Rexistre os datos dunha mención de fabricación que figuren noutras fontes:*

- Para rexistrar o nome do fabricante (2.10.4), siga as instrucións relativas ao rexistro do **Nome de editor (2.8.4)**.
- Para rexistrar a data de fabricación (2.10.6), siga as instrucións relativas ao rexistro da **Data de publicación (2.8.6)**.

264 #1 \$aMadrid :\$b[A. Guedes], \$c2020

264 #3 \$a[Madrid] :\$bVillena Artes Gráficas, \$c[2020]

[O nome do fabricante figura na fonte preferida; a data infírese a partir doutros datos da manifestación; o lugar infírese a partir de fontes externas (non do lugar de edición)]

Data de copyright (2.11)

MARC 21: 264 #4 \$c

Rexistre a data de copyright presente na manifestación. No caso de que haxa máis dunha, rexistre a que se corresponda coa edición que se está catalogando (cuxos datos figuren en 264 #1 \$a \$b \$c)

Rexistre a data de copyright tal e como apareza no recurso, incluídas as palabras ou símbolos que acompañen a data.

264 #1 \$aMadrid\$bEdiciones Akal, S.A.\$c[2007]

264 #4 \$c©2007

[Na fonte: ©Deutsche Taschenbuch Verlag, 2004 e ©Edicións Akal, S.A., 2007]

Mención de serie (2.12)

CONTÉN ELEMENTOS NÚCLEO

MARC 21: 490

Distínguense os seguintes subelementos:

- Título propiamente dito da serie (2.12.2) **NÚCLEO**
- Título propiamente dito paralelo da serie (2.12.3) **NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da serie**
- Información complementaria do título da serie (2.12.4)
- Mención de responsabilidade relacionada coa serie (2.12.6)
- ISSN da serie (2.12.8) **NÚCLEO para BNE**
- Numeración dentro da serie (2.12.9) **NÚCLEO**
- Título propiamente dito da subserie (2.12.11) **NÚCLEO**
- Título paralelo propiamente dito da subserie (2.12.11) **NÚCLEO para BNE se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da subserie**
- Información complementaria do título da subserie (2.12.12)
- Mención de responsabilidade relacionada coa subserie (2.12.14)
- ISSN da subserie (2.12.8) **NÚCLEO para BNE**
- Numeración dentro da subserie (2.12.17)

Os subelementos *Información complementaria paralela do título da serie* (2.12.5), *Mención paralela de responsabilidade relacionada coa serie* (2.12.7), *Información complementaria paralela do título da subserie* (2.12.13) e *Mención paralela de responsabilidade relacionada coa subserie* (2.12.15) non se rexistran en ningún caso.

A MANIFESTACIÓN PODE:

- Pertencer a máis dunha serie (2.12.1.5).
- Pertencer a unha serie que non figure no recurso (lembre que a sobrecuberta se considera parte do recurso), nese caso rexistrárase entre corchetes (2.2.4).
- Presentar unha frase con aparencia de serie que non é serie. Ese dato pode transcribirse nunha nota ou non transcribirse, a xuízo do catalogador.¹⁷

500 ## \$a"Interscience publication"

- Incluir o título da serie no título propiamente dito da manifestación. Neste caso, non o rexistre como título de serie a non ser que haxa outra mención independente.

Fontes de información (2.12.1.2)

Siga esta orde de preferencia para elixir a fonte do subelemento ***Título propiamente dito da serie***:

- a) A portada da serie (2.3.2.2)
- b) Outra fonte dentro do recurso mesmo (siga a orde de preferencia de 2.2.2)
- c) Unha das outras fontes de información de 2.2.4

Para os restantes subelementos, elixa en primeiro lugar a fonte do título propiamente dito da serie, salvo que se indique o contrario.

Rexistre entre corchetes calquera subelemento tomado dunha fonte de fóra da manifestación (2.2.4).

Cambios na mención de serie (2.17.11.5)

Siga o indicado no apartado **Cambios na Mención de Serie(490)** do [ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes](#)

Título propiamente dito da serie (2.12.2)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 490 \$a

Rexistro do título propiamente dito da serie (2.12.2.3)

Rexistre o título propiamente dito da serie aplicando as mesmas instrucións que se seguen para o rexistro do título propiamente dito da manifestación. Teña en conta as especificacións de 2.3.2.

Non rexistre como parte do título propiamente dito da serie palabras introdutorias que non forman parte do título.

490 0# \$aLiteratura dramática
[Na fonte: Serie: Literatura dramática]

¹⁷ Nestes casos pódese redactar un rexistro de autoridade para a frase e especificarase no campo **643 \$aFrase equivalente a serie; non incluír na mención de serie**.

Se o título propiamente dito da serie inclúe a numeración como parte integral do título, transcriba a numeración como parte do título propiamente dito da serie.

490 0# \$aPublicación número 3703 de la Institución Fernando el Católico¹⁸
490 0# \$aThe twenty-sixth L. Ray Buckendale lecture

Aplique a **Excepción** cando esta numeración inclúa máis dun número:

Omita a numeración do título propiamente dito da serie. Utilice un signo de omisión (...) para indicar tal omisión. Rexistre a numeración como numeración dentro da serie (véxase 2.12.9)

490 0# \$aPublication ... of the Indiana University Research Center in Anthropology, Folklore, and Linguistics

Título da serie en máis dunha lingua ou escritura (2.12.2.4)

Rexistre o título propiamente dito da serie na lingua ou escritura do título propiamente dito. Se non figura na devandita lingua, rexistre o título da serie que apareza primeiro (2.3.2.4)

Título en máis dunha forma (2.12.2.5)

Se a fonte preferida ten varios títulos diferentes, pero na mesma lingua ou escritura, siga esta orde de preferencia para elixir como título propiamente dito da serie:

- a) O indicado segundo a secuencia, presentación e tipografía
- b) O título máis completo se non hai unha elección clara segundo o criterio anterior (2.3.2.5)

Título propiamente dito paralelo da serie (2.12.3)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE o primeiro título paralelo (segundo orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da serie.

MARC 21: 490 \$a, preceda o subcampo da puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre un título propiamente dito paralelo da serie se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da serie.

Se hai máis dun título propiamente dito paralelo da serie, rexistre só o primeiro segundo a orde indicada pola secuencia, presentación ou tipografía das mencións na fonte de información:

490 0# \$aSkarby muzeiv Ukraïny = \$aSokrovishcha muzeev Ukraïny

Transcriba o título propiamente dito paralelo da serie seguindo as instrucións de 2.3.3.3.

Información complementaria do título da serie (2.12.4)

MARC 21: 490 \$a, aplique a puntuación ISBD correspondente (:)

Rexistre a información complementaria do título da serie só cando o considere importante para a identificación da serie:

490 0# \$aDetroit area study, 1971 : social problems and social change in Detroit ;\$vno. 19

¹⁸ Substitúe a este exemplo: **490 0# \$aPublication #122 of the Social Science Education Consortium**

Mención de responsabilidade relacionada coa serie (2.12.6)

MARC 21: 490 \$a, aplique a puntuación ISBD correspondente (/)

Rexistre a mención de responsabilidade relacionada coa serie só se o considera importante para a identificación da serie.

ISSN da serie (2.12.8)

ELEMENTO NÚCLEO PARA BNE

MARC 21: 490 \$x

Rexistre o ISSN da serie sempre que figure no recurso. Transcríbaos tal e como apareza, incluído o guión.

490 0# \$a..., \$x0065-017X

Se figuran no recurso tanto no ISSN da serie como o da subserie, rexistre ambos, cada un inmediatamente detrás do seu título correspondente.

Numeración dentro da serie (2.12.9)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 490 \$v

Rexistre os números, letras, outros caracteres, datas como aparecen na fonte (2.12.9.3, 1.7, 1.8), salvo se os números aparecen expresados con palabras, neste caso rexístranse en números arábigos (1.8.3)

490 0# \$a...; \$v100 [mais non] **490 0# \$a...; \$vCen**
490 0# \$a...; \$v1º [mais non] **490 0# \$a...; \$vPrimeiro**

As palabras ou letras que preceden á numeración e non dean idea de volume conservanse:

490 0# \$aBolsillo Blackie ; \$vBOB5

Se a numeración consiste nun ano e un número, de ambos. Se o número é división do ano, rexistre o ano primeiro (2.12.9.3)

490 0# \$a...; \$vvolume 3, number 2 (September 1997)
490 0# \$a...; \$v2000, no. 3
[Na fonte: "no. 3, 2000]

Se sabe que a numeración é incorrecta, transcríbaa sen corrixir. Redacte unha nota co número correcto (2.17.11.4).

500 ## \$aNumeración correcta da serie: Bd. 25

Se o número non figura no recurso, pero pode deducir cal é, rexístreo entre corchetes.¹⁹

¹⁹ Desaparece a instrución: **Se a serie ten punto de acceso, rexistre a numeración correcta tamén no punto de acceso.**

Inclúa calquera frase que sirva para diferenciar secuencias de numeración distintas dentro da mesma serie (2.12.9.6):

490 0# \$a...;\$vnueva serie, v. 3

Se as frases non aparecen no recurso e é necesario diferenciar secuencias, engada «nova serie» ou o termo adecuado entre corchetes:

490 0# \$a...;\$v[serie 3], nº 1

Se o título propiamente dito da serie inclúe a numeración como parte integral do título, transcriba a numeración como parte do título propiamente dito da serie:

490 0# \$aPublicación número 3703 da Institución Fernando o Católico
490 0# \$aThe twenty-sixth L. Ray Buckendale lecture

Título propiamente dito da subserie (2.12.11)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 490 \$a

****Se rexistrou ISSN ou numeración da serie principal, utilice un novo subcampo \$a:**

490 0# \$aDepartment of State publication ;\$v7846. \$aDepartmente and Foreign Service series ;\$v128

****Se non rexistrou ISSN nin numeración da serie principal, utilice o mesmo subcampo \$a e aplique a puntuación ISBD correspondente (.):**

490 0# \$aActa Universitatis Stockholmiensis. Stockholm studies in the history of literature

Cando a manifestación pertenza a unha serie principal e a unha subserie, rexistre ambas como subelementos dunha mesma mención de serie. Se ten dúbidas de se un título corresponde a unha subserie ou a outra serie principal, rexistre os dous títulos como títulos de series distintas (2.12.10.5)

490 0# \$aMonograph number 21 of the Society of American Caving
490 0# \$aCave explorations international ;\$vv. 19

Rexistre o título propiamente dito da subserie aplicando as mesmas instrucións que se seguen para o rexistro do título propiamente dito da serie.

Teña en conta que a subserie pode consistir nun título, unha designación ou unha combinación de ambas:

490 0# \$aActa Universitatis Stockholmiensis. Stockholm studies in the history of literature
490 0# \$aMusic for today. Series 2
490 0# \$aCommunications of the Dublin Institute for Advanced Studies. Series D, Geophysical bulletin

Se o recurso ten unha serie principal sen numeración e aparece algunha frase que sirva para diferenciar secuencias de numeración distintas dentro da mesma serie («nova serie», «second series» etc.), rexistre esa frase como título propio dunha subserie (2.12.1.4).

490 0# \$aCambridge studies in international and comparative law. New series

Título paralelo propiamente dito da subserie (2.12.11)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE o primeiro título paralelo (segundo a orde de secuencia, presentación ou tipografía) se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da subserie.

MARC 21: 490 \$a, preceda o subcampo da puntuación ISBD correspondente (=)

Rexistre un título propiamente dito paralelo da subserie se figura na mesma fonte ca o título propiamente dito da subserie.

Se hai máis dun título propiamente dito paralelo da subserie, rexistre só o primeiro segundo a orde indicado pola secuencia, presentación ou tipografía das mencións na fonte de información.

Transcriba o título propiamente dito paralelo da subserie seguindo as instrucións de 2.3.3.3.

Información complementaria do título da subserie (2.12.12)

MARC 21: 490 \$a, aplique a puntuación ISBD correspondente (:)

Rexistre a información complementaria do título da subserie só se o considera importante para a identificación da subserie.

Mención de responsabilidade relacionada coa subserie (2.12.14)

MARC 21: 490 \$a, aplique a puntuación ISBD correspondente (/)

Rexistre a mención de responsabilidade relacionada coa subserie só se o considera importante para a identificación da subserie.

ISSN da subserie (2.12.8)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE

MARC 21: 490 \$x

Rexistre o ISSN da subserie sempre que figure no recurso. Transcríbaos tal e como apareza, incluído o guión.

Se figuran no recurso tanto o ISSN da serie como o da subserie, rexistre ambos, cada un inmediatamente detrás do seu título correspondente:

- Serie principal con ISSN

490 0# \$aAmerican education today,\$x0177-... \$aDevelopments in elementary education

- Subserie con ISSN

490 0# \$aElectrical engineering studies. Electrostatics applications series, \$x0177-...

- Serie e subserie con ISSN

490 0# \$aBiblioteca de arte,\$x0177-... \$aArtes aplicadas,\$x0177-...

Non aplique a Omisión opcional de 2.12.16.3 que prescribe non rexistrar o ISSN da serie cando se rexistra o da subserie

Numeración dentro da subserie (2.12.17)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 490 \$v

Rexistre a numeración dentro da subserie seguindo as mesmas pautas estipuladas para o rexistro da numeración dentro da serie.

Se figuran no recurso tanto a numeración da serie como a da subserie, rexistre ambas, cada unha inmediatamente detrás do seu título correspondente.

Serie principal numerada:

490 0# \$aAmerican education today ;\$v44.\$aDevelopments in elementary education

Subserie numerada:

490 0# \$aElectrical engineering studies. Electrostatics applications series ;\$vno. 9

Serie e subseries numeradas:

490 0# \$aBiblioteca de arte ;\$vno. 8.\$aArtes aplicadas ;\$v2

Pautas xerais para a descrición de soportes (3.1)²⁰

Basee a descrición na evidencia que presenta o recurso (3.1.1).

As manifestacións dunha obra están a miúdo dispoñibles en diferentes formatos. Rexistre os elementos que se aplican ao soporte da manifestación que se describe (3.1.2).

“Cando se describa un facsímile ou reprodución, rexistre os elementos que describen o soporte do facsímile ou reprodución” (3.1.3).

“Cando vaia realizar unha descrición integral dun recurso que consta de máis dun tipo de soporte, aplique os métodos apropiados á natureza do recurso e o propósito da descrición” (3.1.4).

Como norma xeral, trate estes recursos como un material principal acompañado dun material anexo, atendendo á presentación do recurso e ao contido do mesmo. Considere que ambos soportes son material principal unicamente naquelas obras en varias partes nas que un dos volumes estea nun soporte distinto, pero non varíe o tipo de contido (por exemplo, unha obra impresa en varios volumes, uno dos cales é un CD-ROM ou pendrive con contido textual).

Recursos que constan de máis dun tipo de soporte:

→ Recursos cun tipo predominante de soporte

Se o recurso consta de máis dun tipo de soporte e un deles é predominante, rexistre o soporte secundario como material acompañante.

a) Rexistro do soporte acompañante ou anexo

Rexistre o número de unidades e un termo adecuado para o tipo de soporte. Prefira un termo de uso común (incluído un nome comercial se fose aplicable) antes ca os termos da lista en 3.3.1.3. Para soportes dixitais, use *CD-ROM*, *DVD-ROM*, *CD-Audio*, *DVD-Vídeo* e *memoria USB*.

Non reflicte as subunidades, salvo se se tratase de texto impreso.

300 ## \$a302 páxinas :\$bmapas (cor) ;\$c26 cm +\$e1 DVD-ROM + 1 volume (60 páxinas)

Reflicta as dimensións só cando sexan maiores ca as do soporte predominante.

**300 ## \$a342 páxinas :\$bilustracións (cor) ;\$c34 cm +\$e1 CD-ROM
300 ## \$a23 páxinas :\$c11 cm +\$e1 CD-ROM (12 cm)**

Redacte unha nota describindo o material anexo se o considerase importante para a identificación do recurso:

**500 ## \$aO volume anexo contén varios mapas
500 ## \$aTítulo do CD-ROM anexo: «Casos clínicos»**

No caso de que o material anexo estea en liña, redacte tamén as notas necesarias para especificar a forma de acceder a el se o considera necesario. Siga o indicado no apartado ao campo MARC 856 cando sexa necesario.

500 ## \$aAcceso a vídeos ilustrativos de cada capítulo mediante códigos QR
856 40 \$aVídeo dos capítulos 1 e 2 \$uhttp...
856 40 \$3Vídeo dos capítulos 3 e 4 \$uhttp...

→ **Recursos cun tipo predominante de soporte**

Cando o recurso conste de dous ou máis soportes e ningún deles fose predominante (monografías en varias partes nas que os distintos volumes se presentan en distintos soportes), aplique o presente perfil rexistrando os termos adecuados para cada tipo de soporte.

Consulte os apartados específicos sobre [Extensión](#) e [Tipo de soporte](#) no **ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes**

CAMBIOS NAS CARACTERÍSTICAS DO SOPORTE (3.1.6)

Siga o indicado no apartado **Cambios no tipo de Soporte (338)** no **ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes**

Se hai un cambio nas dimensións, aplique as instrucións dadas no apartado [Dimensións de recursos que consisten en máis dun soporte.](#)

Tipo de medio (3.2)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 337 \$a (Nome do tipo de medio) \$2 (Fonte) \$3 (Especificación de materiais)

Rexistre o tipo de medio utilizando termos da lista recollida na táboa 3.1:

- audio
- computadora
- estereográfico
- microforma
- microscópico
- proxectado
- sen mediación
- vídeo

Para monografías modernas impresas, este valor será sempre **\$asen mediación**.

Rexistre tamén a fonte da que tome ese termo como **\$2rdamedia** (no caso de rexistros redactados na BNE²¹, ambos os subcampos serán rexistrados de forma automática polo sistema)

300 ## \$a164 páxinas
337 ## \$aSen mediación \$2rdamedia

Cando a manifestación teña un material acompañante cun tipo de medio diferente, como norma xeral non se terá en conta e aplicarase a **Alternativa «a»**:

rexistre soamente o tipo de medio que se aplica á parte predominante do recurso.

O xuízo do catalogador determinará en que casos o material acompañante ten a entidade e importancia suficiente como para aplicar a **Alternativa «b»**:

rexistre o tipo de medio que se aplica ás partes máis substanciais do recurso.

²¹ Tamén na Biblioteca de Galicia

Nestes casos o tipo de medio do material acompañante codificarase noutro campo 337 e utilizarase o subcampo \$3 para especificar o material ao que corresponde este tipo de medio. Para especificar o material, prefira un termo de uso común (incluído un nome comercial se fose aplicable) antes ca os termos da lista de 3.3.1.3. Para soportes dixitais, utilice *CD-ROM*, *DVD-ROM*, *CD-Audio*, *DVD-Vídeo* e *memoria USB*. Para texto impreso, utilice impreso.

300 ## \$a244 páxinas \$c15 cm + \$e1 CD-Audio

337 ## \$3impreso\$asen mediación \$2rdamedia

337 ## \$3CD-Audio \$aaudio \$2rdamedia

[O recurso consiste nun libro con poesías infantís acompañado dun CD de audio coas recitacións.]

300 ## \$a188 páxinas \$c30 cm + \$e1 CD-ROM + 1 DVD-Vídeo

337 ## \$3impreso\$asen mediación \$2rdamedia

337 ## \$3CD-ROM \$acomputadora \$2rdamedia

337 ## \$3DVD-Vídeo \$avídeo \$2rdamedia

[O recurso é unha monografía sobre cirurxía acompañada dun CD-ROM con notas e unha gravación en DVD da operación.]

Tipo de soporte (3.3)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 338 \$a (Nome do tipo de soporte) \$2 (Fonte) \$3 (Especificación de materiais)

Rexistre o tipo de soporte utilizando termos da lista recollida na táboa de 3.3.1.3. No caso de soportes que non necesitan mediación, estes termos son:

- folia
- obxecto
- rolo
- rotafolio²²
- tarxeta
- volume

Para monografías modernas impresas, este valor será xeralmente **\$avolume**.

Rexistre tamén a fonte da que toma o termo como **\$2rdacarrier** (no caso de rexistros redactados na BNE²³, ambos os subcampos serán rexistrados de forma automática polo sistema).

300 ## \$a164 páxinas

338 ## \$avolume \$2rdacarrier

Cando a manifestación teña un material acompañante cun tipo de soporte diferente, como norma xeral non se terá en conta e aplicarase a **Alternativa «a»**:

rexistre soamente o tipo de soporte que se aplica á parte predominante do recurso.

O xuízo do catalogador determinará en que casos o material acompañante ten a entidade e importancia suficiente como para aplicar a **Alternativa «b»**:

rexistre os tipos de soportes que se aplican ás partes máis substanciais do recurso.

²²**Rotafolio** ou **papelógrafo** é un instrumento usado para a presentación de información en follas grandes de papel, tipicamente de formato A1. Consiste normalmente nun pizarrón branco montado nun cabaleta e sobre o que se fixa un bloc de papel suxeito ao cabaleta con argolas, cintas ou tachuelas.

²³ Tamén na Biblioteca de Galicia

Nestes casos o tipo de medio do material acompañante codificarase noutro campo 338 e utilizarase o subcampo \$3 para especificar o material ao que corresponde ese tipo de medio. Para especificar o material, prefira un termo de uso común (incluíndo un nome comercial se fora aplicable) antes que os termos da lista en 3.3.1.3. Para soportes dixitais, utilice CD-ROM, DVD-ROM, CD-Audio, DVD-Vídeo e memoria USB. Para texto impreso, utilice **impreso**. Para materiais en liña, utilice **en liña**.

300 ## \$a244 páxinas \$c15 cm + \$e1 CD-Audio

338 ## \$3impreso \$avolume \$2rdacarrier

338 ## \$3CD-Audio \$adisco sonoro \$2rdacarrier

[O recurso consiste nun libro con poesías infantís acompañado dun CD de audio coas recitacións.]

300 ## \$a188 páxinas \$c30 cm + \$e1 CD-ROM + 1 DVD-Vídeo

338 ## \$3impreso \$avolume \$2rdacarrier

338 ## \$3CD-ROM \$adisco de computadora \$2rdacarrier

338 ## \$3DVD-Vídeo \$avideodisco \$2rdacarrier

[O recurso é unha monografía sobre cirurxía acompañada dun CD-ROM con notas e unha gravación en DVD da operación.]

Extensión (3.4)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 300 \$a (Extensión)

Siga as instrucións adecuadas segundo o recurso consista **nunha soa unidade** ou en **varias unidades**.

Manifestacións que consisten nunha soa unidade

Para un recurso consistente nun único volume, rexistre a extensión en termos de páxinas, follas ou columnas de acordo co tipo de secuencia utilizado no recurso (3.4.5.2).

→ Páxinas (3.4.5.2)

Rexistre a última páxina numerada da manifestación, seguida de páxinas (ou páxina) cando a manifestación se compoña de follas numeradas por ambas caras:

300 ## \$a327 páxinas

→ Follas (3.4.5.2)

Rexistre follas (ou folla) no lugar de páxinas cando a manifestación se compoña de follas con numeración nunha soa cara:

300 ## \$a321 follas

→ Columnas (3.4.5.2)

Rexistre columnas no lugar de páxinas cando a manifestación se compoña de páxinas con múltiples columnas numeradas:

300 ## \$a381 columnas

→ **Secuencias múltiples (3.4.5.2)**

Cando a manifestación teña múltiples secuencias de páxinas, follas ou columnas, rexístreas na mesma orde na que aparecen na manifestación. Rexistre o último número de cada secuencia seguida do termo apropiado.

300 ## \$a27 páxinas, 300 follas

Se hai secuencias consecutivas do mesmo tipo, rexistre os números desas secuencias en conxunto seguidas do termo apropiado:

300 ## \$aXVII, 323 páxinas

300 ## \$a12, 43 follas

300 ## \$aX, 24 páxinas, 15 follas de láminas

→ **Forma dos números (3.4.5.2)**

Rexistre páxinas, follas ou columnas que aparezan na manifestación como numerais, usando a forma na que aparezan (numerais arábigos, romanos etc.). Rexistre numerais arábigos cando aparezan na manifestación páxinas, follas ou columnas numeradas como palabras:

300 ## \$a32 páxinas

[Na fonte: trinta e dous]

→ **Secuencias con letras (3.4.5.2)**

Se as páxinas, follas ou columnas están designadas con letras en lugar de con números, rexistre os rangos de letras de cada secuencia utilizando a forma das letras que aparezan na manifestación.

300 ## \$aPáxinas A-W

→ **Páxinas etc. sen numerar (3.4.5.3)**

Cando a manifestación ten unicamente páxinas, follas ou columnas sen numerar, rexístreas segundo esta orde de preferencia:

- a) O número exacto (cando sexa facilmente recoñecible) seguido de páxinas etc. sen numerar

300 ## \$a93 páxinas sen numerar

- b) Un numero estimado precedido de *aproximadamente*

300 ## \$aaproximadamente 600 páxinas

Se a manifestación consta de secuencias de páxinas, follas ou columnas numeradas e sen numerar, rexistre xeralmente as secuencias numeradas e non as non numeradas.

Excepción: Rexistre tamén unha secuencia non numerada cando:

- a) Se trate dunha parte substancial da manifestación, ou
- b) Haxa unha referencia a unha páxina da secuencia non numerada nunha nota.

Non rexistre secuencias non numeradas de anuncios, páxinas en branco, ou outro tipo de material insubstancial (3.4.5.3.2)

Cando rexistre secuencias numeradas e sen numerar, rexístreas na mesma orde na que aparecen na manifestación e rexistre unha secuencia non numerada como secuencia de páxinas etc. sen numerar.

300 ## \$a27 páxinas, secuencia de follas sen numerar
300 ## \$a12 páxinas sen numerar, 72 páxinas

Cambios na forma da numeración (3.4.5.4)

Cando a numeración dentro dunha secuencia de páxinas, follas ou columnas continúa, pero cambia de forma, rexistre o número como apareza na última páxina da secuencia e ignore calquera outra forma. Por exemplo, cando as páxinas estean numeradas «i, ii, iii, 4, 5... 50», rexistre:

300 ## \$a50 páxinas

Numeración inexacta (3.4.5.5)

Cando a numeración da última páxina, folia ou columna dunha secuencia non represente o número total de páxinas, follas ou columnas nesa secuencia, manteña a forma incorrecta a menos que dea unha impresión completamente falsa da extensión da manifestación. Cando se corrixa a numeración incorrecta, rexistre a numeración como apareza na última páxina ou folia seguida de «isto é» e o número correcto:

300 ## \$a48, isto é, 96 páxinas
300 ## \$a329, isto é, 392 páxinas

Paxinación complicada ou irregular (3.4.5.8)

Cando a manifestación ten unha paxinación complicada ou irregular, rexistre o número de páxinas, follas ou columnas usando un dos seguintes métodos a xuízo do catalogador:

300 ## \$a1000 páxinas en varias paxinacións
300 ## \$a256 follas en varias foliacións
300 ## \$a1283 columnas en varias numeracións

300 ## \$a560, 223 páxinas, 217 páxinas con numeración variada
[Recurso con 1000 páxinas con paxinación variada]

Páxinas etc. numeradas como parte dunha secuencia maior (3.4.5.7)

Cando as páxinas etc. estean numeradas como parte dunha secuencia maior (por exemplo, un volume dunha manifestación en varios volumes con paxinación continua), rexistre o primeiro e último número das páxinas etc., precedidos do termo apropiado.

300 ## \$aPáxinas 713-797

Follas ou páxinas de láminas non incluídas na paxinación (3.4.5.9)

Rexistre a extensión da secuencia de follas ou páxinas de láminas, independentemente de que estean xuntas ou separadas, ao final da secuencia ou secuencias de paxinación.

Véxase 3.4.5.9.1 para follas ou páxinas de láminas numeradas:

300 ## \$a246 páxinas, 32 páxinas de láminas
300 ## \$aX, 73 follas, 1 folia de láminas

Véxase 3.4.5.9.2 para follas ou páxinas de láminas non numeradas:

300 ## \$a10 páxinas sen numerar, 16 páxinas de láminas sen numerar
300 ## \$aXVI, 249 páxinas, 12 follas de láminas sen numerar

Cando a manifestación ten ambas (follas e páxinas de láminas), rexistre o número total seguido de páxinas de láminas ou follas de láminas dependendo de cal predomine:

300 ## \$a323 páxinas, 19 páxinas de láminas sen numerar
[O recurso ten 16 páxinas de láminas e 3 follas de láminas]

Follas pregadas (3.4.5.10)

Se as follas están pregadas, indíqueo:

300 ## \$a538 páxinas, 1 folla pregada sen numerar
300 ## \$a230 páxinas, 25 follas de láminas (algunhas pregadas)

Paxinación duplicada (3.4.5.12)

Cando a paxinación estea duplicada (por exemplo, nun libro con textos en paralelo) rexistre ambas as paxinacións na mesma orde na que aparecen na manifestación:

300 ## \$aXI, EN185, FR189 páxinas
[EN e FR aparecen na manifestación xunto ao número de páxina]

Redacte unha nota explicativa cando o considere necesario (3.21.2.7).

500 ## \$aDiccionario bilingüe con termos do inglés ao francés, seguidos de termos do francés ao inglés con paxinación separada

Páxinas numeradas en direccións opostas (3.4.5.13)

Rexistre secuencias de páxinas numeradas en direccións opostas na mesma orde na que apareza na manifestación, comezando desde a portada elixida como fonte para a descrición. Redacte unha nota explicativa se o considera necesario. Utilice o campo 500 para consignar información sobre a mera descrición física ou o campo 546 se tamén necesita dar información sobre as linguas.

300 ## \$aIV, 127, 135, VII páxinas
500 ## \$aPortada e textos contrapostos²⁴
[As partes contrapostas conteñen textos diferentes na mesma lingua]

300 ## \$aIV, 127, 135, VII páxinas
546 ## \$aPortada e texto contrapostos en catalán
[A parte contraposta contén o mesmo texto traducido]

²⁴ Substitúe a: **Texto en páxinas contrapostas**

Folla solta (3.4.5.14)

Rexistre a extensión dunha manifestación que se compón dunha única folla como **1 folla**. Cando a folla estea deseñada para ser lida en páxinas estando pregada, rexístrea como 1 folla pregada seguida polo número de páxinas que aparezan na folla, entre paréntese.

300 ## \$a1 folla
300 ## \$a1 folla pregada (6 páxinas)

Carpeta, estoxo, caixa etc. individual (3.4.5.15)

Rexistre o termo apropiado para o envase cando o material principal contido (sen ter en conta materiais acompañantes) non teña exclusivamente forma de volume:

300 ## \$a1 caixa

Aplique a adición opcional:

Especifique o número e tipo de subunidades (por exemplo, páxinas, follas, columnas) entre paréntese a continuación do termo que designe a carpeta, estoxo, caixa etc., segundo sexa apropiado:

300 ## \$a1 carpeta (24 follas)
[O recurso componse de 24 follas soltas contidas nunha carpeta]

300 ## \$a1 estoxo (30 páxinas, 2 follas)
[O recurso componse de 15 follas soltas paxinadas por ambas caras e dúas follas soltas numeradas só por unha cara]

Cando algunha das subunidades teña forma de volume, rexistre tamén a súa paxinación.

300 ## \$a1 caixa (2 volumes (15, 10 páxinas), 90 tarxetas)
[O recurso componse de dous volumes e 90 fichas soltas]

Se todas as unidades contidas teñen forma de volume, non rexistre en extensión o termo apropiado para o envase; siga o indicado no apartado²⁵ **Máis dun volume (3.4.5.16)**.

Para manifestacións que se compoñen de máis dunha carpeta, estoxo, caixa etc., véxase o apartado **Máis dunha carpeta, estoxo, caixa etc. (3.4.5.21)**.

Manifestacións que consisten en máis dunha unidade**Máis dun volume (3.4.5.16)**

Cando describa unha monografía en varias partes completas, rexistre a extensión dando o número de volumes:

300 ## \$a3 volumes

Se os volumes están contidos nun envase, redacte unha nota especificándoo:

500 ## \$aGardados en carpeta

²⁵ Substitúe a: Para carpetas, estoxos, caixas etc. que se compoñan de dous ou máis volumes, véxase o apartado

Cando a monografía non estea completa aínda (ou cando o número total de volumes por publicar non se coñeza), aplique as instrucións dadas en 3.4.1.10 e rexistre soamente a unidade especificada.

Para máis información, véxase o apartado **Extensión (\$a)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Volumes cunha paxinación continua (3.4.5.17)

Cando os volumes teñen paxinación continua, especifique o número de páxinas entre paréntese despois do número de volumes. Ignore as secuencias de paxinación separada dos preliminares dos volumes seguintes ao primeiro:

300 ## \$a3 volumes (XX, 800 páxinas)
[Páxinas numeradas: i-xx, 1-201; i-xx, 202-513; i-xxi, 514-800]

Para máis información, véxase o apartado **Extensión (\$a)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Volumes cunha paxinación independente (3.4.5.18)

Cando os volumes están paxinados individualmente, rexistre o número de volumes e aplique a **Adición opcional**:

Especifique o número de páxinas, follas ou columnas en cada volume (véxase 3.4.5.2 – 3.4.5.13). Rexistre esta información entre paréntese, a continuación do termo para o tipo de unidade.

300 ## \$a2 volumes (XVI, 329, XX, 412 páxinas)

300 ## \$a10 volumes (30 páxinas cada un)

300 ## \$a5 volumes (aproximadamente 40 páxinas cada un)

Para máis información, véxase o apartado **Extensión (\$a)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Máis dunha folla (3.4.5.20)

300 ## \$a3 follas

Para máis información, véxase o apartado **Extensión (\$a)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Máis dunha carpeta, estoxo, caixa etc. (3.4.5.21)

Rexistre o termo apropiado para os envases:

300 ## \$a2 estoxos

Aplique a adición opcional:

Especifique o número e tipo de subunidades (por exemplo, páxinas, follas, columnas, láminas, volumes) en cada carpeta, estoxo, caixa etc.

Rexistre esta información entre paréntese, a continuación do termo para o tipo de unidade.

300 ## \$a2 estoxos (IV páxinas, 16 follas; III páxinas, 20 follas)

Para máis información, véxase o apartado **Extensión (\$a)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Dimensións (3.5)**ELEMENTO NÚCLEO**

MARC 21: 300 \$c (Dimensións)

Rexistro das dimensións (3.5.1.3, 3.5.1.4.14)

Rexistre a altura do volume (medida ao longo do lombo) en centímetros redondeando ata a cifra seguinte e usando o símbolo métrico cm.

300 ## ...;\$c18 cm
[A altura do libro é 17,2 cm]

Non utilice a alternativa que permite usar un sistema de medidas diferentes.

Cando a altura é menor de 10 cm, rexístrea en milímetros, usando o símbolo métrico mm.

300 ## ...;\$c75 mm

Cando o ancho do volume sexa menor ca a metade da altura ou maior ca a altura, rexistre as dúas medidas, altura x anchura

300 ## ...;\$c20 x 8 cm
300 ## ...;\$c20 x 32 cm

Dimensións do envase (3.5.1.5)

Cando o recurso estea nun envase, menciónéoo. Rexistre as dimensións do envase (altura x ancho x fondo) cando se considere importante para a identificación ou selección, ademais das dimensións do soporte ou soportes.

300 ## \$a10 volumes ;\$c17 cm
500 ## \$aGardado en caixa (25 x 30 x 10 cm)

Recursos que consisten en máis dun soporte (3.5.1.6)

Cando os soportes sexan do mesmo tipo e do mesmo tamaño, rexistre esa única dimensión (3.5.1.4)

300 ## \$a3 volumes ;\$c24 cm
[Dimensións dun volume nun recurso que consiste en 3 volumes todos do mesmo tamaño]

Cando os soportes son do mesmo tipo, pero difiren no tamaño, rexistre as dimensións do máis pequeno e do máis grande:

300 ## \$a6 volumes ;\$c24-28 cm
[Dimensións do máis pequeno e máis grande dos volumes nun recurso que consiste en 6 volumes de diferente altura]

Non aplique a **alternativa** que permite rexistrar as dimensións do soporte máis grande seguido do «máis pequeno».

Para máis información, véxase o apartado **Dimensións (\$c)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Identificador da manifestación (2.15)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21: 017 (Número do DL), 020 (ISBN), 024 (Outros identificadores)

Fontes de información (2.15.1.2)

Tome os identificadores da manifestación de calquera fonte.

Rexistro de identificadores da manifestación (2.15.1.4)

Rexistre os identificadores da manifestación seguindo as pautas correspondentes en cada caso:

- Rexistro de ISBN
- Número de DEPÓSITO LEGAL
- Outros IDENTIFICADORES

Rexistro de ISBN

MARC 21: 020 \$a (ISBN válido) \$q (Cualificador) \$z (ISBN non válido)

Rexistre o ISBN tal e como apareza na fonte de información, respectando os guións no caso de telos. Non antepoña as siglas ISBN ao rexistrar o número.

020 ## \$a978-0-379-00550-9
020 ## \$a978841437615X

Rexistre todos os ISBN presentes no recurso (correctos ou incorrectos) seguindo os establecido no apartado **Varios ISBN para un mesmo recurso**.

Cualificadores (2.15.1.7)

Cando rexistre varios ISBN nun mesmo rexistro bibliográfico, utilice cualificadores para distinguir entre os distintos identificadores. Estes cualificadores poden referirse a tipos de encadernacións, nomes de editores, volumes ou obras completas, soporte ou contido etc.

Transcriba os cualificadores tal e como aparezan na fonte de información. Non abrevie o cualificador salvo que apareza abreviado na fonte. No caso de non figurar cualificador na fonte, proporcione un cualificador adecuado en español e sen abreviar (salvo o previsto no apartado **Rexistro de ISBN en publicacións en varias partes**) sempre que conte con esa información e o considere importante para a identificación do recurso.

020 ## \$a9780778554660 \$q(paperback)
[En inglés na fonte]

020 ## \$a978-1-4094-407-3 \$q(ebk-PDF)
[abreviado na fonte]

020 ## \$aa978-0-379-00550-9 \$q(obra completa)
020 ## \$a978-1-1184-5893-4 \$q(Collins)

Cando un ISBN necesítase varios cualificadores, a orde na que se consignan é a seguinte: editor ou lugar de publicación – parte compoñente – encadernación.

020 ## \$a978-1-1184-5891-4 \$q(Collins \$qobra completa \$qcartoné)
020 ## \$a978-1-1184-589-2X \$q(Collins \$qobra copleta \$qrústica)

Cando o recurso ten un só ISBN, engada como cualificador o tipo de encadernación se figura na fonte de información (2.15.1.7).

ISBN Incorrectos, non válidos, etc.

Rexistre os ISBN non válidos (ben por erro tipográfico ou ben porque lle foi asignado un ISBN erróneo a un recurso) no subcampo \$z.

020 ## \$z1234567890 \$q(paperback)

Cando aparezan na mesma manifestación un ISBN válido e o mesmo ISBN cun erro tipográfico, rexístreos no mesmo campo.

020 ## \$a978-1-887744-11-8 \$z978-1-887744
020 ## \$a978-1-887744-11-8 \$q(v. 1) \$z978-1-887744-11 \$q(v. 1)

Cando apareza nunha manifestación un ISBN non válido e poida pescudar o correcto noutras fontes (por exemplo, na base de datos do ISBN), rexístreos no mesmo campo:

020 ## \$a978-84-887744-11-8 \$z978-84-887744-11-3

Varios ISBN para un mesmo recurso

Cando nun recurso figuren varios ISBN diferentes:

- Transcriba en \$a aqueles que se refiran á propia manifestación (por exemplo, ISBN de diferentes editores nunha coedición ou ISBN diferentes para distintos tipos de encadernación nunha mesma edición).
- Transcriba en \$z aqueles que se refiran a manifestacións relacionadas (por exemplo, manifestacións equivalentes noutros formatos).

020 ## \$a978348127252 \$q(rústica)
 020 ## \$a9783428127251 \$q(tea)
 020 ## \$z9783428127250 \$q(PDF)

[Na fonte, os tres ISBN. Estase catalogando a edición en rústica. Pero entrou tamén un exemplar en tea, pero non se fai un rexistro específico por encadernación. Tense a versión electrónica catalogada na base de datos ou non se ten pero considérase que de tela debería contar cun rexistro independente como manifestación equivalente.]

Cando transcriba nun rexistro bibliográfico varios ISBN, siga a seguinte orde:

- Rexistre primeiro os ISBN correspondentes a un mesmo editor.
- Dentro destes, os que se refiran a partes compoñentes, comezando polo do conxunto.
- Dentro destes, os que se refiran á encadernación, comezando polos de cartonné.
- Dentro destes, rexistre os que teñan 13 díxitos primeiro e os que teñan 10 díxitos despois.
- Cando necesite rexistrar un ISBN non válido que non se poida asociar a un \$a coñecido, fágao ao final da lista.

020 \$a978-1-1184-5891-4 \$q(Collins \$qobra completa \$qcartonné) (1.º cartonné - 13 díxitos)²⁶
 020 \$a1-1184-5891-3 \$q(Collins \$qobra completa \$qcartonné) (2.º cartonné - 10 díxitos)
 020 \$a978-1-1184-589-2X \$q(Collins \$qobra completa \$qrústica) (3.º rústica - 13 díxitos)
 020 \$a1-1184-5892-5 \$q(Collins \$qobra completa \$qrústica) (4.º rústica - 13 díxitos)
 020 \$a978-1-1184-5893-4 \$q(Collins \$qv.1 \$qcartonné) (5.º cartonné - 13 díxitos – 1.º volume)
 020 \$a1-1184-5893-3 \$q(Collins \$qv.1 \$qcartonné) (6.º cartonné - 10 díxitos – 1.º volume)
 020 \$a978-1-1184-5894-X \$q(Collins \$qv.1 \$qrústica) (7.º rústica - 13 díxitos – 1.º volume)
 020 \$a1-1184-5894-5 \$q(Collins \$qv.1 \$qrústica) (8.º cartonné - 10 díxitos -1.º volume)
 020 \$a978-1-11997-311-9 \$q(Harper \$qobra completa \$qcartonné) (9.º cartonné - 13 díxitos – outra editorial)
 [... e así, sucesivamente]

Rexistro de ISBN en publicacións en varias partes

➔ Catalogación **integral** dunha obra en varias partes

Rexistre o ISBN da obra completa se o coñece e o de cada unha das partes. Non abrevie o termo da designación numérica das partes salvo que apareza abreviado na fonte. Se non figura o termo na fonte, rexístreo usando xeralmente as abreviaturas:

- v. (volume)
- t. (tomo)
- n. (número)

²⁶ A descrición do exemplo non ven no PerfilBNE.

No caso de necesitar outras abreviaturas, acuda en primeiro lugar ao [Dicionario de abreviaturas da RAG](#)²⁷ e, en segunda instancia, ao apéndice B das RDA.

Teña en conta que o ISBN da obra completa adoita ser expresamente indicado e, cando non hai indicación expresa, o ISBN proporcionado é o dun volume en particular.

020 ## \$a978-0-379-00551-4 \$q(obra completa)
 020 ## \$a978-0-379-00552-7 \$q(v. 1)
 020 ## \$a978-0-379-00553-X \$q(v. 2)
 020 ## \$a978-0-379-00554-3 \$q(v. 3)

Hai veces nas que un volume está dividido en varios tomos. Nestes casos as partes sepáranse por coma.

020 ## \$a84-239-5488-9 \$q(v. 45, t. 1)
 020 ## \$a84-239-5489-7 \$q(v. 45, t. 2)

Cando a parte estivese, pola súa vez, subdividida, utilizaría un punto para indicar esta segunda circunstancia.

020 ## \$a978-84-9849-145-6 \$q(t. 3, v. 1.1)
 020 ## \$a978-84-9849-146-3 \$q(t. 3, v. 1.2)

→ Catalogación analítica dunha das partes dunha obra en varias partes

Rexistre o número da parte que se está catalogando e o da obra completa cando a coñeza:

020 ## \$a978-0-379-00553-X \$q(v. 2)
 020 ## \$a978-0-379-00551-4 \$q(obra completa)

→ Catalogación dunha obra multimedia en varias partes

Aplícanse, en cada caso, as normas de obra en varias partes e danse os ISBN de cada un dos medios.

020 ## \$a978-1-887744-11-8 \$q(CD-ROM)
 020 ## \$a978-1-887744-12-6 \$q(libro do alumno)
 020 ## \$a978-1-887744-46-0 \$q(libro do profesor)

→ Catalogación dunha obra en varias partes con nivel de catalogación mínimo

Rexistre só o ISBN da obra completa cando exista. Se non, rexistre só o ISBN do primeiro volume.

Número de DEPÓSITO LEGAL

MARC 21: 017 \$a (Número de DL válido) \$b (Oficina de DL) \$z (Número de DL non válido)

Rexistre o número de DL indicando a provincia na súa forma abreviada, o número de DL e o ano. Separe o número do ano mediante un guión e o bloque numérico do alfabético mediante un espazo. Non rexistre números de DL que non sexan españois.

017 ## \$aM 4256-2014
 017 ## \$aLE 746-2015

²⁷ No PerfilBNE á Lista de abreviaturas de la RAE

En ocasións, publicacións españolas presentan o ano de depósito legal en número romanos. Neses casos, rexístreos como número arábigo, tendo en conta que o ano 1957 (cando entrou en vigor a normativa moderna sobre depósito legal en España) correspóndese co ano I.

017 ## \$aM 758-1997
[Na fonte: M-758-XLI]

Rexistre no \$b o nome da oficina de DL que asignou o número²⁸ (no caso de rexistros redactados na BNE, este subcampo será rexistrado de forma automática polo sistema).

➔ **Rexistro de diferentes números de DL en monografías en varias partes**

Cando catalogue unha obra en varias partes, e cada volume teña un DL diferente, rexistre no mesmo campo todos os números, cualificándoos entre paréntese.

017 ## \$aB 27862-2014 (v. 1) \$aB 9276-2015 (v. 2) \$bOficina Depósito Legal Barcelona

Para máis información, véxase o apartado **Número do Depósito Legal (monografías en varias partes)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Outros IDENTIFICADORES

MARC 21: 024 7# \$a (Número normalizado válido) \$q (Cualificador) \$z (Número normalizado non válido)

NIPO (Número de identificación das Publicacións Oficiais)

Rexistre o NIPO como identificador válido ou non válido, seguindo o establecido no apartado Varios ISBN para un mesmo recurso e precedéndoo das siglas NIPO. Especifique no subcampo \$2 a fonte do número.

024 7# \$aNIPO 032-16-002-5 \$2nipo

Digital Object Identifier (Identificador do Obxecto Dixital)

Rexistre o DOI nunha publicación impresa como identificador non válido (salvo as excepcións que se establezan para materiais multimedia), seguindo o establecido no apartado **Varios ISBN para un mesmo recurso** e precedéndoo das siglas DOI. **Rexístreos no formato no que o atope na publicación (número ou URL)**

024 7# \$zDOI 10.5284 / 1020234 \$2doi

024 7# \$zDOI <http://dx.doi.org/10.1145/1067269.1067287>

Outros identificadores

Cando exista outro identificador na manifestación que non poida ser rexistrado no campo 024, rexístreos como NOTA cando o considere importante para a identificación do recurso.

500 ## \$aNúmero do editor: BIS/Pub/0.0k/12/11/11.NP.URN 11/1386

²⁸ Orde da BNE, non para

Nota sobre a Manifestación (2.17)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

Fontes de información

Tome a información de calquera fonte de información (2.17.1.2).

Rexistro de notas sobre a MANIFESTACIÓN

Aplique as instrucións en 1.10²⁹ para as pautas xerais sobre a redacción de NOTAS. Teña tamén en conta as seguintes directrices:

- Utilice guións cando espere engadir información adicional posteriormente.
- Non utilice corchetes salvo cando estean incluídos nunha cita.
- Utilice corchetes angulares para datos temporais ou incertos.

Nota sobre o Título (2.17.2)

MARC 21: 246 (Variante de título) \$a (Título propio/Título [en] breve), \$b (Resto de título), \$i (Texto de visualización), \$n (Número de parte ou sección da obra), \$p (Nome de parte ou sección da obra), 500 (Nota xeral)

Nota sobre a fonte do título (2.17.2.3)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE cando se tome o título propiamente dito dunha fonte que non sexa a portada.

MARC 21: 500 (Nota xeral)

Rexistre sempre a fonte da que tome o título propiamente dito cando non sexa da portada.

500 ## \$aTítulo tomado da cabeceira

Rexistre a fonte da que tome o título propiamente dito paralelo só cando o considere importante para a identificación e o acceso.

500 ## \$aTítulo en galego tomado da cuberta

Outra información relativa ao título (2.17.2.5)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

Redacte unha nota sobre outra información relacionada co título non rexistrada no elemento *menção de título* cando o considere importante para a identificación, acceso ou selección.

²⁹ 1.10 Notas: Pautas Xerais sobre as Notas (maiúsculas, citas e referencias)

500 ## \$a palabra Brain aparece cunha X por enriba
[Título propiamente dito rexistrado como: My name is Brain [tachado] Brain]

500 ## \$aExposición celebrada en La Maison des Esclaves de Daker entre xullo e setembro de 2008
[Os datos sobre a exposición están no verso da portada, pero non se inclúen no 245 debido a que a información complementaria do título non pode extraerse dunha fonte que non sexa a do título propiamente dito]

Nota sobre a Mención de responsabilidade (2.17.3)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

Cando a información requirida para identificar a mención de responsabilidade non aparece nunha fonte que forme parte do recurso mesmo, indique que a información se tomou dunha fonte externa ao recurso mesmo por medio dunha nota (véxase 2.20).

500 ## \$aAutor tomado do catálogo de REBIUN

→ Atribución (2.17.3.3)

Cando a responsabilidade do contido intelectual ou artístico é atribuído a un axente que non está incluído nunha mención de responsabilidade, redacte unha nota sobre a relación dese axente coa manifestación se o considera importante para a identificación e o acceso.

500 ## \$aAtribuída inicialmente a J. S. Bach

→ Outra información relativa á mención de responsabilidade (2.17.3.5)

Redacte unha nota sobre a información relativa a unha mención de responsabilidade que non se rexistrase no propio elemento mención de responsabilidade cando o considere importante para a identificación, acceso ou selección. Inclúa unha palabra ou frase corta se fose necesario para aclarar o rol do axente.

500 ## \$aPrecede ao título: Instituto de Estudios Medievales

→ Cambios na mención de responsabilidade (2.17.3.6)

Redacte unha nota sobre as diferenzas nas mencións de responsabilidade dunha parte respecto da outra nunha monografía en varias partes cando as considere importantes para a identificación ou o acceso.

500 ## \$aVolume 2 traducido por Isabel Murillo

Aplique a alternativa

Cando os cambios son numerosos, redacte unha nota xeral.

500 ## \$aA mención de responsabilidade varía

Para máis información, véxase o apartado Mención de responsabilidade (245 \$(c)) no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

Nota sobre a Mención de Edición (2.17.4)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

→ **Outra información relativa á mención de edición (2.17.4.4)**

Redacte unha nota sobre información relativa a una mención de edición que non fose rexistrada no propio elemento *Mención de edición* cando se considere importante para a identificación, acceso ou selección.

Nota sobre a Mención de Publicación, Distribución e Fabricación (2.17.7-2.17.9)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

→ **Detalles relacionados coa mención de publicación, distribución e fabricación (2.17.7-9.3)**

Redacte unha nota sobre información relativa a unha mención de publicación, distribución, manufactura e copyright que non fose rexistrada no propio elemento *Mención de publicación, distribución, manufactura e copyright*, cando o considere importante para a identificación, acceso ou selección.

500 ## \$aEditor tomado da Axencia do ISBN

500 ## \$aPublicada en Oslo

[Lugar de publicación como se transcribiu na fonte: *Christiania*. Oslo é o nome actual de *Christiania*]

→ **Cambios na mención de publicación, distribución e fabricación (2.17.7.5, 2.17.8.4, 2.17.9.4)**

Redacte unha nota sobre as diferenzas na mención de publicación, distribución e fabricación dunha parte respecto doutra nunha monografía en varias partes cando o considere importante para a identificación.

500 ## \$aVolume 4 publicado polo Ayuntamiento de Leganés; volume 5 publicado polo Ayuntamiento de Parla.

500 ## \$aVolume 1 publicado en 2009

[Os volumes posteriores publicáronse antes]

Aplique a alternativa:

Cando os cambios son numerosos, redacte unha nota xeral.

500 ## \$aA mención de publicación varía

Para máis información, véxase o apartado **Mención de Publicación, Distribución e Fabricación (264)** no ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes.

Nota sobre o soporte da Manifestación (3.21.2)

Esta nota proporciona información sobre extensión, dimensións ou cambios nas características do soporte da manifestación que non fose rexistrada nos elementos correspondentes na descrición do soporte.

500 ## \$aFollas contrapostas con paxinación duplicada

500 ## \$aGardado en carpeta

**500 ## \$a5 tomos bibliográficos en catro volumes físicos
[No elemento extensión figuran 4 volumes]**

500 ## \$aFollas unidas e pregadas en acordeón

500 ## \$aFollas impresas por ambas as caras

**500 ## \$aPáxinas tamén numeradas como 290-406
[A paxinación forma parte dunha secuencia maior; a paxinación do volume está rexistrada en extensión]**

Nota sobre a Mención de Serie (2.17.11)

MARC 21: 500 (Nota xeral)

→ Mencions de serie complexas (2.17.11.3)

Redacte unha nota para aclarar información complexa que non se pode rexistrar nunha mención de serie.

500 ## \$aPartes 1 e 2 na serie: African perspective. Partes 3 e 4 na serie: Third World Series. Parte 5 en ambas as series

→ Título ou numeración incorrecta da serie (2.17.11.4)

Redacte unha nota na que rexistre o título ou a numeración correcta da serie ou subserie cando se sabe que os datos no elemento mención de serie son incorrectos.

**500 ## \$aNúmero da serie correcto: 25
[Numeración transcrita da fonte: Bd. 24]**

Nota sobre a parte usada como base para a descrición (2.17.13)

ELEMENTO NÚCLEO para BNE cando a base para a descrición dunha monografía en varias partes non é a primeira parte.

MARC 21: 588 (Nota de Fonte da descrición)

Redacte unha nota identificando a parte usada como base para a identificación cando a identificación dunha monografía en varias partes non se basee na primeira parte publicada.

588 ## \$aDescrición baseada en: parte 2

Se recibise a primeira parte con posterioridade, retire a nota e modifique a descrición baseándose na primeira parte.

Nota sobre o identificador da Manifestación (2.17.14)

Faga unha nota sobre outra información relacionada co identificador da manifestación cando o considere importante para a identificación, acceso ou selección.

500 ## \$aO ISBN da obra completa aparece incorrecto no volume 1; o volume 2 contén o ISBN correcto.

Nota de cita

Faga unha nota citando a información dalgunha fonte dentro do recurso se o considera importante para a identificación. Especifique a fonte da que toma a cita, salvo que se trate da fonte preferida de información. Utilice a puntuación ISBD apropiada.

500 ## \$a«El piso mil 3» – Capa

[A manifestación materializa unha parte dunha triloxía traducida ao español; o título común da triloxía aparece na cuberta, pero non se reflicte en ningún punto do rexistro bibliográfico, xa que en 240/245 aparece o título da parte e en 700 o título da triloxía na lingua orixinal]

500 ## \$a"Ebook descargable"

[A fonte de información fai mención a unha versión electrónica da manifestación, pero non especifica a maneira de acceder a ela, polo que non se pode redactar unha nota 530 ou un campo 856]

500 ## \$a"Formularios dispoñibles en liña"-cuberta

[A fonte de información fai mención a unha versión electrónica da manifestación, pero non especifica a maneira de acceder a ela, polo que non se pode redactar unha nota 530 ou un campo 856]

Véxase o índice de **Expresión** para rexistrar información sobre o contido suplementario.

Véxase o índice de **Relacións** para a nota sobre manifestación, obra e expresión relacionadas.

Obra

Os atributos de obra poden rexistrarse en MARC 21 tanto nun rexistro de autoridade como nun rexistro bibliográfico.

Este apartado recolle instrucións para o rexistro dos elementos de Obra en **rexistros bibliográficos**. Sígao para rexistrar os elementos Título da Obra (6.2), Punto de acceso autorizado que representa unha obra (6.27) e Información sobre unha tese (7.9).

Para información máis detallada, así como para instrucións sobre a redacción de **rexistros de autoridade de obra** (nos casos abaixo previstos), consulte o perfil específico de OBRA³⁰.

Cando redactar un rexistro de autoridade para a obra en monografías modernas? Sempre que:

1. Se trate dunha obra que xa conta con rexistro bibliográfico anterior no catálogo.
2. Se trate da catalogación analítica dunha parte pertencente a unha obra en varias partes.
3. Exista homonimia entre o punto de acceso de dúas obras.
4. A obra teña diferentes títulos (título alternativo, manifestacións con diferentes títulos etc.).
5. Se trate dunha obra de especial relevancia a xuízo do catalogador.
6. Sexa necesario para o seu uso como punto de acceso de materia.

Título da Obra (6.2)

CONTÉN ELEMENTOS NÚCLEO

Distínguense os seguintes subelementos:

- **Título preferido da Obra (6.2.2) NÚCLEO**
- **Variante de Título dunha Obra (6.2.3)**

Nota: Esta sección está dedicada ao título da obra como elemento RDA. Para instrucións sobre a elección e construción do punto de acceso autorizado dunha obra, véxase a sección *Punto de acceso autorizado que representa unha obra* (6.27)

Uso de maiúsculas (6.2.1.4)

Aplique as instrucións do apéndice A.3

Números expresados como cifras ou como palabras (6.2.1.5)

Rexístreos na forma na que aparezan na fonte de información.

245 10 \$a10 things you should know about big cats
245 10 \$aThree 20-minute plays

Marcas diacríticas

Transcriba as marcas diacríticas tal e como aparecen na fonte de información.

³⁰ En documento á parte.

Aplique a adición opcional:

Agregue marcas diacríticas que non están presentes na fonte de información de acordo co uso estándar da lingua na que se atopan os datos.

245 00 \$aFísica y química
[O título aparece sen marcas diacríticas³¹]

Artigos iniciais (6.2.1.7)

Rexistre o título da obra incluíndo o artigo inicial se está presente.
 Non aplique a **alternativa** que permite omitir os artigos

240 14 \$aThe remains of the day

Espazado en iniciais e acrónimos (6.2.1.8)

Non deixe espazo entre un punto e a inicial que o segue. Cando as iniciais non levan punto entre elas, omita os espazos

240 10 \$aJ.K. Rowling's Harry Potter novels
240 10 \$aXYZ is the ABC of the ECG

Abreviaturas (6.2.1.9)

Utilice só as abreviaturas que son parte integral do título.

240 10 \$aMrs Dalloway
240 12 \$aA brief account of the researches and discoveries in upper Egypt, made under the direction of Henry Salt, Esq.

Título preferido da Obra (6.2.2)**ELEMENTO NÚCLEO****MARC 21 bibliográfico:**

245 \$a (+\$n, \$p \$k): Cando coincide co título propiamente dito da manifestación e non hai rexistro de autoridade.

130 \$a (+\$n, \$p \$k): Cando non hai un axente responsable da creación da obra.

240/243 \$a (+\$n, \$p \$k): Cando hai un axente responsable da creación da obra.

730 \$a (+\$n, \$p \$k), 700, 710, 711 \$t (+\$n, \$p \$k): Cando se estea rexistrando o título dunha obra relacionada.

MARC 21 de autoridade:

100, 110, 111 \$t (+\$n, \$p \$k): Cando hai un axente responsable da creación da obra.

130 \$a (+\$n, \$p \$k): Cando non hai un axente responsable da creación da obra.

³¹[Acentos, neste caso]

FONTES DE INFORMACIÓN (6.2.2.2)

Tome o título preferido da obra dos recursos que a materializan ou das fontes de referencia. Elix a fonte correspondente para **Obras creadas despois de 1500 (6.2.2.4)** ou para **Obras creadas antes de 1501 (6.2.2.5)**.

Pautas xerais para elixir o título preferido (6.2.2.3)

Obras creadas despois de 1500 (6.2.2.4)

Elix o título ou forma do título –na súa lingua orixinal– polo que é máis coñecida a obra nos recursos que a materializan ou nas fontes de referencia.

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de,\$d1547-1616.\$eautor

240 10 \$aDon Quijote de la Mancha

245 13 \$aEl ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha /\$cMiguel de Cervantes Saavedra; ilustraciones por Gustavo Doré

→ Publicacións simultáneas en máis dunha lingua

Cando unha obra se publica por primeira vez **en varias linguas**, cada unha nunha Manifestación diferente, e non se poda determinar a lingua orixinal, elixa como título preferido o título propiamente dito da manifestación en galego³². Se non dispón dela, elixa o da primeira manifestación recibida.

130 0# \$aNTJ 14C. \$nParte 1, \$pMantenimiento del arbolado, trabajos de inventario e inspección visual

245 10 \$aNTJ 14C. \$nParte 1, \$pMantenimiento del arbolado, trabajos de inventario e inspección visual

250 ## \$aBarcelona, 1ª edición, febrero de 2019

264 #1 \$aBarcelona :\$bFundació de la Jardineria i el Paisatge, \$c[2019]

264 #4 \$c©2019

500 ## \$aPublicada simultaneamente en catalán baixo o título: NTJ 14C. Part 1, Manteniment de l'arbrat, treballs d'inventari i inspecció visual

130 0# \$aNTJ 14C. \$nParte 1, \$pMantenimiento del arbolado, trabajos de inventario e inspección visual. \$lCatalán.

245 10 \$aNTJ 14C. \$nPart 1, \$pManteniment de l'arbrat, treballs d'inventari i inspecció visual

250 ## \$aBarcelona, 1ª edició, febrer de 2019

264 #4 \$c©2019

500 ## \$aPublicada simultaneamente en español baixo o título: NTJ 14C. Parte 1 Mantenimiento del arbolado, trabajos de inventario e inspección visual

³² No PerfilBNE: “en español”

→ Publicacións bilingües ou plurilingües

Cando unha Obra se publica por primeira vez en varias linguas nunha mesma Manifestación (por exemplo, unha Manifestación co mesmo texto en español e inglés) elixa o título propiamente dito mencionado na fonte preferida de información como Título preferido, incluso no caso de que non coincida coa lingua do autor.

041 #0 \$abaq \$aspa

100 #1 \$aSantos, Ricardo \$d(1973-), \$eautor

240 10 \$aDatu estekatuak Espainiako Nazio-Liburutegian

245 10 \$aDatu estekatuak Espainiako Nazio-Liburutegian : \$bhistoria, egoeraetorkizuna eta gogoetak =Datos enlazados en la Biblioteca Nacional de España : historia, estado, perspectivas y reflexiones / \$cRicardo Santos Muñoz

264 ## \$a[Vitoria-Gasteiz] : \$b[Artium], \$c[2018]

546 ## \$a Texto en vasco y castellano

700 1# \$aSantos, Ricardo \$d(1973-). \$tDatu estekatuak Espainiako Nazio-Liburutegian. \$lEspañol

[Escóllese como Título preferido da Obra o Título propiamente dito da Manifestación; o Título preferido polo tanto está en éuscaro, a pesar de que o autor escribe en español]

Obras creadas antes de 1501 (6.2.2.5)

Elixa o título ou forma do título pola que se identifica a obra nas seguintes fontes e seguindo esta orde:

- a) Fontes de referencia modernas
- b) Edicións modernas
- c) Edicións antigas
- d) Copias manuscritas

Rexistre o título na lingua orixinal, salvo para obras gregas anteriores ao século XVI, para as que se escollerá a forma en español³³. Se non existise a forma española (ou a obra non fose coñecida comunmente por ela), utilizarase a forma latina comunmente aceptada. En última instancia, utilizarase a forma grega, transliterándoa.

Consulte o perfil de OBRA³⁴ para instrucións específicas sobre tipos especiais de obras (obras legais, obras relixiosas, comunicacións oficiais, etc.)

³³ A controlar, por se hai formas en galego.

³⁴ En documento á parte

Rexistro do Título preferido dunha ou varias partes dunha obra (6.2.2.9)

Unha parte (6.2.2.9.1)

Se a parte se identifica por un título suficientemente significativo, rexístreo como título preferido aplicando as instrucións para o rexistro do título da obra 6.2.1.

240 10 \$aBailén

[Título preferido para a parte dos Episodios Nacionais de Galdós, coñecida como As dúas torres]

Se a parte non se identifica por un título suficientemente significativo, rexistre a designación da parte como título preferido da parte. Rexistre a designación numérica como numeral:

240 10 \$aIliada.\$nLibro 1

[Título preferido para o primeiro libro da Iliada de Homero]

245 00 \$aRecursos hídricos.\$pCuenca

Dúas ou máis partes (6.2.2.9.2)

Se están numeradas consecutivamente, rexistre a designación das partes seguida da numeración correlativa (como numeral):

240 10 \$aIliada.\$nLibro 1-6

[Título preferido para os seis primeiros libros da Iliada de Homero]

Se non están numeradas ou a numeración non é correlativa,

Aplique a Alternativa:

Cando se identifiquen dúas ou máis partes dunha obra non numeradas ou con numeración non consecutiva, identifique as partes colectivamente. Rexistre o título colectivo convencional **Selección** como título preferido das partes:

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de\$d(1547-1616),\$eautor

240 14 \$aNovelas ejemplares.\$kSelección

245 14 \$aLa gitanilla ;\$by La ilustre fregona

Véxase a sección **Punto de acceso que representa unha ou varias partes dunha Obra (6.27.2)** para a construción do punto de acceso autorizado.

Compilación de obras dun Axente (6.2.2.10)

Rexistre como título preferido da compilación:

→ Un título asignado polo propio autor

100 1# \$aCatalán, Miguel \$d(1958-), \$eautor

240 10 \$aSuma breve : \$bpensamiento breve reunido, (2001-2018) / \$cMiguel Catalán

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tEl sol de medianoche

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tLa nada griega

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tLa ventana invertida

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tAsí es imposible

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tEl altar del olvido

700 12 Catalán, Miguel \$d(1958-). \$tParéntesis vacío

- Un título polo que se coñece comunmente a compilación nas fontes de referencia ou na maioría das manifestacións que a materializan

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de,\$d1547-1616, \$eautor

240 10 \$aNovelas ejemplares

Se só foi materializada na manifestación que está catalogando, non rexistre o título desa única manifestación como título preferido, e redacte un título colectivo convencional.

En calquera outro caso, rexistre un **título colectivo convencional** para reunir no catálogo as obras completas ou seleccionadas dun axente:

- a) Cando inclúa ou pretenda incluír as **obras completas (6.2.2.10.1)**, rexistre o termo:

Obras

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de,\$d1547-1616

243 10 \$aObras

245 10 \$aObras completas /\$Miguel de Cervantes Saavedra ; edición, introdución e notas de Juan Carlos Peinado.

- b) Cando só conteña as **obras nunha forma (6.2.2.10.2)**, rexistre un destes termos (ou, se ningún deles é adecuado, outro máis axeitado)

Poesía

Teatro

Novela

Contos

Ensaio

Correspondencia

Artigos

Prosa

100 1# \$aCervantes Saavedra, Miguel de,\$d1547-1616, \$eautor

243 10 \$aPoesía

245 10 \$aPoesías /\$cMiguel de Cervantes ; edición de Adrián J. Sáez

- c) Cando inclúa **dúas ou máis obras, pero non todas, nunha soa forma**, rexistre o título colectivo convencional correspondente seguido do termo: **Selección**

100 1# \$aHesse, Hermann,\$d1877-1972, \$eautor

243 10 \$aCuentos. \$kSelección. \$lEspañol.

245 10 \$aCuentos maravillosos /\$cHermann Hesse

100 1# \$aQuevedo, Francisco de,\$d1580-1645

243 10 \$aPoesía.\$kSelección

245 10 \$aPoesía selecta /\$cFrancisco de Quevedo ; edición, estudio y notas de Lia Schwart Lerner e Ignacio Arellano

- d) Cando inclúe dúas ou máis obras, pero non todas, en varias formas, rexistre o termo: **Obra. Selección.**

100 1# \$aLeibniz, Gottfried Wilhelm, \$cFreiherr von \$d(1646-1716), \$eautor

243 10 \$aObra. \$kSelección. \$lCatalán

245 10 \$aDiscurs de metafísica ; \$bMonadologia / \$cGottfried Wilhelm Leibniz ; traducció i edició a cura de Josep Olesti Vila

700 12 \$aLeibniz, Gottfried Wilhelm, \$cFreiherr von \$d(1646-1716). \$tDiscours de métaphysique. \$lCatalán

700 12 \$aLeibniz, Gottfried Wilhelm, \$cFreiherr von \$d(1646-1716). \$tMonadologie. \$lCatalán

Consulte a sección [Obras relacionadas](#) para establecer a relación entre a compilación e as obras contidas.

Consulte a sección **PUNTO DE ACCESO AUTORIZADO DE OBRAS CREADAS POR UN AXENTE (6.27.1.2)** para a elección e construción do punto de acceso autorizado.

Compilación de obras de diferentes axentes (6.2.2.11)

Aplique as instrucións seguintes para cada un dos dous casos:

- Compilacións con título colectivo (6.2.2.11.1)
- Compilacións sen título colectivo (6.2.2.11.2)

Compilacións con título colectivo (6.2.2.11.1)

Se a compilación se coñece por un título ou forma de título (6.2.2.10) na maioría das manifestacións que a materializan ou nas fontes de referencia, rexístreo como título preferido da compilación (6.2.2.4-6.2.2.7). Se non hai título xa establecido, o título propiamente dito da manifestación rexístrase como título preferido da compilación.

Redacte unha nota de contido rexistrando os títulos das obras nomeadas na fonte preferida ou das nomeadas de forma prominente, salvo que non o considere necesario para a identificación e a selección. Siga as instrucións do apartado [Obras relacionadas](#).

245 00 \$aBronte sisters

505 0# \$aJane Eyre / Charlotte Bronte. Wuthering Heights / Emily Bronte. Agnes Grey / Anne Bronte

700 12 \$aBronte, Charlotte,\$d1816-1855.\$tJane Eyre

700 12 \$aBronte, Emily,\$d1818-1848.\$tWuthering Heights

700 12 \$aBronte, Anne,\$d1820-1849.\$tAgnes Grey

Consulte a sección [Obras relacionadas](#) para establecer a relación entre a compilación e as obras contidas.

Consulte a sección **Compilacións de obras de distintos Axentes (6.27.1.4)**³⁵ para a elección e construción do punto de acceso autorizado.

Compilacións sen título colectivo (6.2.2.11.2)

Rexistre o título propiamente dito de cada unha das obras contidas. O título propiamente dito da primeira obra actuará como título preferido da compilación.

Non aplique a **alternativa** que permite rexistrar un título asignado para a compilación:

245 00 \$aIn praise of older women /\$cStephen Vizinczey. Feramontov / Desmond Cory. The graveyard shift / Harry Patterson.

700 12 \$aVizinczey, Stephen.\$tIn praise of older women.

700 12 \$aCory, Desmond.\$tFeramontov.

700 12 \$aPatterson, Harry.\$tGraveyard shift.

Consulte a sección [Obras relacionadas](#) para establecer a relación entre a compilación e as obras contidas.

Consulte a sección **Compilacións de obras de distintos Axentes (6.27.1.4)**³⁶ para a elección e construción do punto de acceso autorizado.

Variante de Título dunha Obra

MARC 21 de AUTORIDADE

400³⁷, **410**³⁸, **411**³⁹ (+\$n, \$p, \$k): Cando hai un axente responsable da creación da obra.

430⁴⁰ \$a (+\$n, \$p, \$k): Cando non hai un axente responsable da creación da obra.

Rexistro das Variantes de Título dunha Obra

Rexistre as variantes de título dunha obra no seu rexistro de autoridade se o considera importante para a identificación da obra.

³⁵ Punto de acceso autorizado de obras de diferentes axentes no PerfilBNE

³⁶ Punto de acceso autorizado de obras de diferentes axentes no PerfilBNE

³⁷ 400 – Mención de referencia “véxase” – Nome da persoa (R).

³⁸ 410 – Mención de referencia “véxase” – Nome de entidade corporativa (R)

³⁹ 411 – Mención de referencia “véxase” – Nome de congreso (R)

⁴⁰ 430 – Mención de referencia “véxase” – Título uniforme (R)

Punto de acceso autorizado que representa unha obra (6.27)

O punto de acceso autorizado dunha obra créase mediante a unión de outros elementos RDA:

- Punto de acceso autorizado do creador da obra (19.2.1.1, 10.11.1, 11.13.1) **NÚCLEO cando é aplicable.**
- Título preferido da Obra (6.2.2) **NÚCLEO**
- Adicións ao título preferido (6.27.1.9) **NÚCLEO cando se necesiten para diferenciar obras distintas.**
 - Forma da obra (6.3)
 - Data da obra (6.4)
 - Lugar de orixe da obra (6.5)
 - Outra característica distintiva da obra (6.6)

MARC 21 Bibliográfico:

245 Cando o título preferido da OBRA é o mesmo que o título propiamente dito da MANIFESTACIÓN e non hai un axente responsable da creación da obra.

130 Cando o título preferido da OBRA é distinto do título propiamente dito da MANIFESTACIÓN e non hai un axente responsable da creación da obra.

1XX + 240 / 243 / 245 Cando hai un axente responsable da creación da obra.

700, 710, 711, 730 Cando se estea rexistrando o punto de acceso dunha obra relacionada.

MARC 21 de Autoridade:

100, 110, 111, 130

OBRAS CREADAS POR UN AXENTE (6.27.1.2)

Cando un axente é responsable de crear a obra, constrúa o punto de acceso autorizado que representa a obra, combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable da creación seguindo o especificado en 9.19.1, 10.11.1 e 11.13.1
- O título preferido da obra (6.2.2). Siga as instrucións do apartado **Título preferido da Obra (6.2.2)**

Dickens, Charles, 1812-1870. American notes

**100 1# \$aDickens, Charles,\$d(1812-1870).\$tAmerican notes
[Rexistro de autoridade]**

**100 1# \$aDickens, Charles,\$d1(812-1870),\$eautor
240 10 \$aAmerican notes
[Rexistro bibliográfico]**

No caso de que se trate dunha compilación de obras por un mesmo axente, redacte tamén os puntos de acceso analíticos das obras contidas, salvo que non o considere necesario para a identificación e a selección. Siga as instrucións do apartado **Obras relacionadas**.

100 1# \$aFleming, Ian,\$d1908-1964,\$eautor

243 10 \$aNovela.\$kSelección

245 12 \$aA James Bond quartet /\$clan Fleming

505 0# \$aCasino Royale -- Live and let die -- Moonraker -- From Russia, with love

700 12 \$aFleming, Ian,\$d1908-1964.\$tCasino Royale

700 12 \$aFleming, Ian,\$d1908-1964.\$tLive and let die

700 12 \$aFleming, Ian,\$d1908-1964.\$tMoonraker

700 12 \$aFleming, Ian,\$d1908-1964.\$tFrom Russia with love

Cando o rexistro conte cun punto de acceso autorizado para unha obra e o título que figure na manifestación non coincida co título do punto de acceso, rexistre un campo 740⁴¹:

100 1# \$aShakespeare, William,\$d1564-1616,\$eautor

243 10 \$aTeatro.\$kSelección

245 10 \$aKing John ;\$bThe tragedy of King Richard the Third

700 12 \$aShakespeare, William,\$d1564-1616.\$tKing John

700 12 \$aShakespeare, William,\$d1564-1616.\$tRichard III

740 02 \$aThe tragedy of King Richard the Third

OBRAS CREADAS POR MÁIS DUN AXENTE (6.27.1.3, 6.27.1.4)

Para obras con máis dun creador, en primeiro lugar determine se é unha obra creada en **colaboración** ou unha **compilación** de obras de diferentes creadores.

- Nunha obra en **colaboración**, dous ou máis axentes son responsables da creación da obra de xeito conxunto.
- Nunha **compilación** hai dúas ou máis obras, cada unha cos seus propios axentes responsables.

Algúns indicios que poden axudar a determinar se é colaboración ou compilación son

- a presenza dun director ou compilador (adoita a aparecer nas compilacións),
- a imposibilidade de colaboración (por exemplo, porque os creadores teñan vivido en épocas distintas),
- que o propio recurso especifique que cada responsable é creador dunha parte diferente (adoita a aparecer en compilacións), ou
- que cada unha das partes teña unha biografía específica (adoita a aparecer en compilacións).

En caso de dúbida, asuma que se trata dunha obra en colaboración.

Obras en colaboración (6.27.1.3)

Constrúa o punto de acceso autorizado da obra combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable principal da creación ou, en caso de non habelo, o nomeado en primeiro lugar nas fontes; siga o especificado en 9.19.1, 10.11.1, 11.13.1
- O título preferido da obra (6.2.2)

100 1# \$aBrown, Susan,\$eautor

240 10 \$aArchitecture

⁴¹ Punto de acceso adicional – Título relacionado ou analítico non controlado (R)

245 10 \$aArchitecture /\$cby Susan Brown, Melanie Carlson, Stephen Lindell, Kevin Ott, and Janet Wilson

Redacte ademais os puntos de acceso para os outros creadores, relacionándoos coa mesma segundo o indicado no apartado **Axentes relacionados cunha obra**:

100 1# \$aBrown, Susan,\$eautor

245 10 \$aArchitecture /\$cby Susan Brown, Melanie Carlson, Stephen Lindell, Kevin Ott, and Janet Wilson

700 1# \$aCarlson, Melanie,\$eautor

700 1# \$aLindell, Stephen,\$eautor

700 1# \$aOtt, Kevin,\$eautor

700 1# \$aWilson, Janet,\$eautor

Os creadores poden desempeñar a mesma función ou funcións diferentes (19.2.1); elixa en calquera caso o creador nomeado en primeiro lugar, seguindo 6.27.1.3.

Se non hai consistencia na orde na que se nomean os axentes nas distintas manifestacións, o punto de acceso autorizado constrúese baseándose na primeira manifestación recibida.

Aplique a **Excepción** para **entidades corporativas** como creadores:

Se unha entidade corporativa e unha persoa son responsables en forma conxunta da creación dunha Obra que pertenza a algunha das categorías listadas en 19.2.1.1.1⁴²ⁱ, constrúa o punto de acceso autorizado que represente a Obra, combinando:

- *O punto de acceso autorizado que representa a entidade corporativa (11.13.1)*
- *O título preferido da Obra (6.2.2)*

Compilacións de obras de distintos Axentes (6.27.1.4)

Constrúa o punto de acceso autorizado usando para iso o título preferido da obra. Siga as instrucións do apartado **Rexistro do título preferido dunha Compilación de obras de diferentes axentes (6.2.2.11)**

245 00 \$aExploring the Olympic Mountains :\$baccounts of the earliest expeditions, 1878-1890 /\$ccompiled by Carsten Lien

Redacte tamén puntos de acceso analíticos das obras contidas seguindo as instrucións do apartado **Obras relacionadas**.

Se o rexistro conta cun punto de acceso autorizado para unha obra e o título que figura na manifestación non coincide co título do punto de acceso, rexistre un campo 740.

⁴² Refírese aos casos nos que encabezaría a Entidade que son, moi parecidos aos que consideramos actualmente. Para máis información ver listado ao final deste documento.

Adaptacións e revisións (6.27.1.5)

Cando a adaptación ou revisión cambia substancialmente a natureza ou contido da obra anterior, considérase unha nova obra.

O punto de acceso autorizado que representa á nova obra constrúese combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable da adaptación ou revisión (9.19.1, 10.11.1, 11.13.1)
- O título preferido da adaptación ou revisión (6.2.2)

100 1# \$aBorder, Rosemary,\$d1943- . \$eautor

245 14 \$aThe treasure of the Sierra Madre /\$cB. Traven ; retold by Rosemary Border

700 1# \$aTraven, B.,\$d1882-1969.\$tTreasure of the Sierra Madre

Redacte tamén un punto de acceso representando a obra anterior, relacionándoa coa nova obra segundo o indicado no apartado **Relacións de Obra/Expresión derivada**⁴³.

Cando se trate de adaptacións ou revisión de compilacións de obras de distintos axentes, aplique 6.27.1.4 e constrúa o punto de acceso autorizado da obra utilizando o título preferido da compilación.

Se hai máis dun axente responsable da nova obra, aplique o indicado no apartado **Obras en colaboración (6.27.1.3)**.

Se o axente responsable da nova obra é descoñecido ou incerto, aplique o indicado no apartado **Obras de orixe incerto ou descoñecido (6.27.1.8)**

Cando a adaptación ou revisión non cambia substancialmente a natureza da obra anterior, senón que se presenta como unha mera expresión da mesma, utilice o punto de acceso autorizado da obra anterior⁴⁴.

Comentarios, anotacións, obras críticas, contido ilustrativo, etc., engadido a unha obra anterior (6.27.1.6)

Se a obra consiste nos comentarios, etc., a unha obra anterior, considérese como unha obra nova se se presentase como tal. O punto de acceso autorizado que representa á nova obra constrúese combinando:

- O punto de acceso autorizado que representa ao axente responsable dos comentarios (9.19.1, 10.11.1, 11.13.1)
- O título preferido dos comentarios (6.2.2)

100 1# \$aAkram, Malik M., \$eautor

245 10 \$aComprehensive and exhaustive commentary on the Transfer of Property Act, 1882 :\$bwith all amendments and case law upto date /\$cby Malik M. Akram

710 1# \$aPakistan.\$tTransfer of Property Act, 1882

Cando hai máis dun axente responsable da nova obra, aplique o indicado nos apartados **Obras en colaboración (6.27.1.3)** e **Compilación de obras de diferentes axentes (6.2.2.11)** segundo sexa aplicable.

⁴³ Relacións derivativas di no PerfilBNE

⁴⁴ Isto non segue a ser un pouco ambiguo, como na versión anterior do PerfilBNE?

Cando a obra preséntase como unha mera expresión da obra anterior con anotacións, non o considera unha nova obra. Utilice o punto de acceso autorizado da obra anterior.

Obras de orixe incerto ou descoñecido (6.27.1.8)

Constrúa o punto de acceso autorizado da obra utilizando o título preferido se o axente responsable é incerto ou dubidoso.

Se o axente identifícase habitualmente por unha frase ou palabra, considérase que esa palabra ou frase é o nome preferido do axente (9.2.2.22)

100 0# \$aUna Carmelita Descalza del Convento de Santiago, \$eautor

245 13 \$aLa venerable Madre María Antonia de Jesús :\$bfundadora del Convento de Carmelitas de Compostela : una mística gallega en el siglo XVIII /\$cpor Una Carmelita Descalza del Convento de Santiago

As comunicacións dun espírito identifícanse polo punto de acceso do espírito (véxase 9.6.1.5). Redacte un punto de acceso adicional baixo o médium ou a persoa que rexistre a comunicación.

Non se utiliza a palabra *Anónimo* como punto de acceso aínda que figure na fonte preferida. A obra identifícase polo título preferido ou polo nome do axente se se coñece.

100 1# \$aBass, Cyrus,\$eautor

245 10 \$aHow I answered Joe McCarthy /\$cby Anonymous

245 00 \$aPlaying the game /\$cby Anonymous

Elementos adicionais en puntos de acceso autorizados de obras (6.27.1.9)

Elemento NÚCLEO cando sexa necesario para diferenciar entre diferentes obras cun mesmo punto de acceso

MARC 21:

As adicións ao título preferido da Obra rexístranse entre paréntese no mesmo subcampo que o título ao que acompañan. En caso de que se necesite máis dun elemento adicional, cada elemento separárase do anterior cun punto.

NOTA: O presente apartado refírese ao rexistro de elementos de obra (*Forma da obra, Data da obra, Lugar da obra, etc.*) como adicións ao punto de acceso.

Para instrucións sobre o rexistro destes atributos como elementos independentes no rexistro de autoridade, consulte o perfil específico de Obra⁴⁵.

⁴⁵ En documento á parte.

Rexistro de Adicións ao Punto de acceso que representa unha Obra

O xuízo do catalogador ditaminará á adición que mellor se adapte á natureza da obra, isto é, a que mellor sirva para distinguir a obra doutras similares.

A continuación ofrécense unhas pautas que poden servir como orientación para escoller entre os diferentes tipos de adición:

FORMA DA OBRA

Utilice esta adición cando a forma da obra sexa a característica fundamental que diferencia unha obra doutra.

Por exemplo, en obras dun mesmo autor.

100 1# \$aVega, Lope de\$d(1562-1635).\$tObras son amores (auto)

100 1# \$aVega, Lope de\$d(1562-1635).\$tObras son amores

Tamén cando se trate de formas artísticas moi diferentes.

130 0# \$aBeowulf

130 0# \$aBeowulf (película cinematográfica)

Cando se trate (como nos dous exemplos anteriores) de dúas obras que comparten título por ser unha derivada da outra, como norma xeral cualifique só a obra derivada, deixando a orixinal sen cualificar. Cualifique as dúas obras só cando o considere necesario para a identificación.

DATA DA OBRA

Fundamentalmente cando son obras destinadas a publicarse cada certo tempo dando conta dunha realidade. Cualifique ambas obras, se dispón dos datos.

130 0# \$aInforme de la lectura en España (2005)

130 0# \$aInforme de la lectura en España (2012)

110 1# \$aMadrid. \$bAyuntamiento. \$tPlan de ordenación urbana (1981)

110 1# \$aMadrid. \$bAyuntamiento. \$tPlan de ordenación urbana (2005)

Tamén cando, sendo a mesma forma artística, non hai outro elemento diferenciador posible.

100 1# \$aMolinero, Pablo J. Luis. \$tMorfogenia (2006)

100 1# \$aMolinero, Pablo J. Luis. \$tMorfogenia (2019)

[Ambas obras compóñense de narracións recopiladas polo autor, distintas no seu contido]

LUGAR DE ORIXE DA OBRA

Fundamentalmente en publicacións periódicas de carácter e información local.

Cualifique ambas obras, se dispón dos datos para facelo.

130 0# \$aBoletín informativo municipal (Colmenar de Oreja)

130 0# \$aBoletín informativo municipal (Chiclana)

REXISTRO DOUTRAS CARACTERÍSTICAS DISTINTIVAS DA OBRA COMO ADICIÓN AO PUNTO DE ACCESO

Coleccións de obras

Utilice preferentemente o nome do compilador tal e como apareza na fonte. Se son varios, utilice o primeiro citado.

130 0# \$aAntología de poesía española (José Más)

Se non aparece mencionado ningún compilador, tome a editorial como entidade responsable e siga as instrucións a continuación:

Obras baixo responsabilidade editorial

Para obras creadas baixo responsabilidade editorial (enciclopedias, dicionarios, manuais, etc...) utilice o nome normalizado da editorial. Redacte un punto de acceso da editorial como entidade responsable seguindo as pautas do apartado Relacións de Axentes con Obras, Expresións e Manifestacións (18.4)

Teña en conta que aquí a editorial estase tratando como responsable da creación da obra, non como editor da Manifestación.

130 0# \$aEndocrinología (Editorial Panamericana)

130 0# \$aEnciclopedia básica escolar (Océano)

Outros posibles elementos dependerán da natureza da Obra.

130 0# \$aEl País (Editorial Andalucía)

130 0# \$aCodex Calixtinus (Universidade de Salamanca)

No caso de exposicións cuxo punto de acceso sexa o título, o xuízo do catalogador determinará en cada caso que adicións serán as máis adecuadas.

130 0# \$aObras maestras de la pintura (1979)

130 0# \$aObras maestras de la pintura (1998)

130 0# \$aVelázquez (2010)

130 0# \$aModernismo en España (Museo del Prado)

130 0# \$aModernismo en España (Museo de Bellas Artes (Barcelona))

Punto de acceso que representa unha ou varias partes dunha Obra (6.27.2)

Unha parte (6.27.2.2)

Constrúa o punto de acceso autorizado que representa unha parte dunha obra combinando:

- O punto de acceso do axente responsable da parte (9.19.1, 10.11.1, 11.13.1⁴⁶).
- O título preferido da parte (6.2.2.9). Siga as instrucións do apartado **Rexistro do Título preferido dunha ou varias partes dunha obra (6.2.2.9)**

100 1# \$aTolkien, J.R.R.,\$d1892-1973,\$eautor

240 10 \$aTwo towers

100 0# \$aHomero,\$eautor

240 10 \$aIliada.\$nLibro 1

Dúas ou máis partes

Cando as partes estean numeradas consecutivamente, constrúa o punto de acceso autorizado combinando:

- O punto de acceso autorizado do axente responsable da obra en conxunto (9.19.1, 10.11.1, 11.13.1) +
- O título preferido das partes (6.2.2.9). Siga as instrucións do apartado **Rexistro do Título preferido dunha ou varias partes dunha obra (6.2.2.9)**

100 0# \$aHomero,\$eautor

240 10 \$aA Iliada.\$nCanto 1-6

100 1# \$\$aTolkien, J.R.R.,\$d1892-1973,\$eautor

240 14 \$aThe lord of the rings.\$kSelección

245 14 \$aThe fellowship of the ring ;\$band, The two towers

46 Puntos de acceso para Persoas, Familias e entidades corporativas (9.19.1, 10.11.1, 11.13.1)

Información sobre unha tese (7.9)

ELEMENTO NÚCLEO cando figura nalgunha fonte de información prescrita

MARC21 Bibliográfico:

502 \$a (aplique a puntuación ISBD correspondente)

500 \$a

Rexistro de información sobre unha disertación o tese

Cando a Obra se trate dunha tese orixinal publicada oficialmente, indíqueo especificando a institución e a data na que foi presentada.

502 ## \$aTese – Universidade de Santiago de Compostela, 2014

Cando a Obra sufrise algunha modificación respecto ao traballo presentado como tese, indíqueo nunha nota xeral.

500 ## \$aBaseado na tese do autor

Cando a tese non sufrise modificación pero non sexa a publicación oficial, indíqueo nunha nota xeral.

500 ## \$aPublicada orixinalmente como tese

Expresión

Os atributos da expresión poden rexistrarse en MARC 21 tanto nun rexistro de autoridade como nun bibliográfico. A política da BNE é non redactar rexistros de autoridade para a expresión.

Identifique a expresión mediante un **Punto de acceso que representa unha Expresión (6.27)** só nos seguintes casos:

- Traducións (6.27.3)

Goncourt, Edmonde de, 182-1896. Frères Zemganno. Inglés

- Libros sagrados (6.30.3)

Corán. Alemán. 2000

- Versións abreviadas (6.27.3)

Graham, Kenneth, 1859-1932. Wind in the willows. Abreviada

O usuario conta con elementos no rexistro bibliográfico para seleccionar outras expresións sen necesidade dun punto de acceso autorizado.

Rexistre sempre os elementos **Tipo de contido (6.9)** e **Lingua da Expresión (6.11)** como elemento independente utilizando os campos indicados do rexistro bibliográfico. Ademais, poden rexistrarse como parte do punto de acceso cando sexan necesarios para distinguir entre diferentes expresións.

Rexistre outros atributos da expresión (**Contido ilustrativo (7.15)**, **Contido complementario (7.16)**, **Contido a cor (7.17)**) no campo indicado do rexistro bibliográfico

Tipo de contido (6.9)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21 bibliográfico

336 \$a (Tipo de contido) \$2 (Fonte) \$3 (Especificación de materiais). Cando se rexistre como elemento independente. Utilice este campo en conxunción co valor rexistrado en **cabeceira/06**

130, 240, 243 \$h (Medio) Cando se rexistre como parte do punto de acceso.

Rexistro do tipo de contido

Rexistre o tipo de contido utilizando termos da lista recollida na táboa 6.1 en 6.9.1.3., con maiúscula inicial. Para monografías modernas impresas este valor será, na maior parte dos casos, **\$aTexto**.

TÁBOA 6.1

	Tipo de material BdG⁴⁷	Tipo de contido 336 \$a
Conxunto de datos cartográficos		
Conxunto de datos para computadora	Recursos electrónicos	Datos Programas
Forma cartográfica táctil tridimensional		
Forma cartográfica tridimensional		
Forma tridimensional táctil		
Forma tridimensional	Obxecto	Forma tridimensional
Imaxe bidimensional en movemento	Audiovisual	Imaxe móbil bidimensional Imaxe móbil tridimensional
Imaxe cartográfica en movemento		
Imaxe cartográfica táctil		
Imaxe cartográfica	Material cartográfico	Imaxe cartográfica
Imaxe fixa	Material gráfico proxectable (imaxe fixa)	Imaxe fixa
Imaxe táctil	& Material gráfico non proxectable (imaxe fixa e imaxe táctil)	Imaxe fixa Imaxe táctil
Imaxe tridimensional en movemento	Audiovisual	
Movemento notado táctil		
Música interpretada	Gravación sonora	
Música notada táctil		
Música notada	Música impresa	Música notada
Notación de movementos		
Palabra falada		
Programa para computadora	Recursos electrónicos	Datos Programas
Sons	Gravación sonora	Música Palabra falada
Texto táctil	Monografías	Texto Texto táctil
Texto	Microforma Publicacións periódicas	Texto Texto

47 Lista a utilizar na BdG, polo de agora.

Rexistre tamén a fonte da que toma ese termo como **\$2rdacontent** (no caso de rexistros redactados na BdG, ambos os subcampos serán rexistrados de xeito automático polo sistema⁴⁸).

300 ## \$a164 páxinas
336 ## \$atexto \$2rdacontent

Cando existan máis tipos de contido (tanto no propio documento como no material anexo que o acompañe), como norma xeral non se terán en conta e aplicarase a **Alternativa «a»**:

Rexistre soamente o tipo de contido que se aplica á parte predominante do recurso.

O xuízo do catalogador determinará en que casos os tipos de contido diferentes teñen entidade e importancia abondo como para aplicar a **Alternativa «b»**:

Rexistre o tipo de contido que se aplica ás partes máis substanciais do recurso.

Nestes casos os tipos de contido codifícaranse no mesmo campo 336 (en orde de importancia ou, se non o hai, en orde alfabética), excepto⁴⁹:

- ✓ **No caso de rexistros creados na BNE, e debido a necesidades concretas de tratamento de datos bibliográficos para a súa correcta visualización na *Bibliografía española en liña*, utilizarase un único campo 336 cando o tipo de medio sexa o mesmo para os diferentes tipos de contido e diferentes campos 336 cando o tipo de medio sexa diferente.** (neste caso utilizarase un subcampo \$3 para especificar o material ao que corresponde ese tipo de contido). Para especificar o material, prefira un termo de uso común, incluíndo un nome comercial se fose aplicable, antes dos termos da lista en 3.3.1.3. Para soportes dixitais utilice **CD-ROM, DVD-ROM, CD-Audio, DVD-Vídeo e memoria USB**. Para texto impreso, utilice «**impreso**». Para materiais en liña, utilice «**en liña**».

300 ## \$a124 páxinas:\$bprincipalmente ilustracións (cor) ;\$c26 cm
336 ## \$aimaxe fixa \$atexto \$2rdacontent
337 ## \$asen mediación \$2rdamedia
338 ## \$avolume \$2rdacarrier

300 ## \$a244 páxinas ;\$c15 cm +\$e1 CD-Audio
336 ## \$3impreso \$atexto \$2rdacontent
336 ## \$3 CD-Audio \$apalabra falada \$2rdacontent
337 ## \$3impreso \$asen mediación \$2rdamedia
337 ## \$3 CD-Audio \$aaudio \$2rdamedia
338 ## \$avolume \$2rdacarrier
338 ## \$adisco sonoro \$2rdacarrier

Lingua da Expresión (6.11)

ELEMENTO NÚCLEO

MARC 21 bibliográfico:

008 35-37, 041 e 377 \$a. Cando se rexistre como elemento independente de maneira codificada.
 377 \$l e 546 \$a. Cando se rexistre como elemento independente de maneira non codificada.
 130, 240, 243 \$l. Cando se rexistre como parte do punto de acceso.

⁴⁸ Digibib

⁴⁹ Para todos os casos, a BdG usará un só campo 336 para cada tipo de contido.

Rexistro da Lingua de Expresión (6.11.1.3)

Rexistre a lingua de expresión como parte do punto de acceso nos casos previstos ao principio da sección **Expresión**. Nunca rexistre a lingua como parte do punto de acceso cando se trate da expresión orixinal dunha obra.

Independentemente do rexistro da lingua como parte do punto de acceso da expresión, rexistre tamén a lingua da expresión utilizando os códigos MARC de lingua no campo 008 e, se é aplicable, no campo 041.

Engada tamén unha nota 546 especificando a lingua do contido principal e outros contidos (comentarios críticos, notas biográficas etc.) só cando o considere necesario para a identificación e selección.

546 ## \$aTexto en español e ruso

546 ## \$aPortada e texto contrapostos en catalán

546 ## \$aTexto en alemán, francés, inglés, español e italiano; comentario crítico en alemán, inglés e francés.

Non rexistre a lingua no campo 377.⁵⁰ [No caso de rexistros creados na BNE, este campo poderá ser consignado máis adiante de xeito automático, reutilizando a información de 008 e 041]

Obra expresada nunha Lingua

008/35-37 eng

041 1# \$aeng\$hfre

100 1# \$aBrunhoff, Jean de,\$d1899-1937,\$eautor

240 10 \$aBabar en famille.\$lInglés

245 10 \$aBabar and his children /\$cJean de Brunhoff

Expresións que conteñen máis dunha Lingua (6.11.1.4)

Se unha expresión contén texto en máis dunha lingua, rexistre cada unha das linguas.

041 #0 \$aspa \$afre \$aeng

130 0# \$aSocio-antropología de la muerte

245 00 \$aSocio-antropología de la muerte : \$bnuevos enfoques en el estudio de la muerte / \$cJordi Moreras (ed.)

546 ## \$aTextos en español, francés e inglés

[O recurso componse de varios textos en distintas linguas, ningunha das cales é tradución de outra]

⁵⁰ 377 = LINGUA ASOCIADA: Códigos das linguas asociadas á entidade descrita no rexistro. Inclúe a lingua que unha persoa utiliza cando escribe para publicar, emitir etc. a lingua que unha entidade utiliza nas súas comunicación, a lingua dunha familia ou a lingua na que se expresa unha obra.

100 1# \$aBuigues, Pedro

240 10 \$aTormenta interior

245 10 \$aTormenta interior / \$cPedro Buigues

546 ## \$aTextos en español, francés y catalán

[A publicación componse de diferentes poesías do mesmo autor; unhas están escritas en español, outras en francés e outras en catalán]

Dúas ou máis Expresións

Se a Manifestación é unha compilación de dúas ou máis Expresións, rexistre a Expresión orixinal en 240 ou 130 segundo corresponda (siga o indicado no apartado Pautas xerais para elixir o título preferido (6.2.2.3) dunha Obra), e a tradución en 7XX. Lembre que non debe especificar a lingua na Expresión orixinal.

008 /35-37 eng

041 1# \$aeng \$aspa \$heng⁵¹

100 1# \$aMacken, JoAnn Early \$d(1953-), \$eautor

240 10 \$aMail carrier

245 10 \$aMail carrier = \$bEl cartero / \$cJoAnn Early Macken

246 31 \$aEl cartero

546 ## \$aTexto en inglés e tradución en español

700 12 \$aMacken, JoAnn Early \$d(1953-). \$tMail carrier. \$lEspañol

Cando ningunha lingua sexa a orixinal, rexistre en 240 ou 130 a primeira Expresión nomeada.

041 1# \$aglg \$achi \$hfre

100 1# \$aWang, Fei , \$eautor

240 13 \$aLa naissance du dragon. \$lGalego

245 12 \$aO nacemento do dragón / \$chistoria, caligrafías e selos, Wang Fei ; textos Marie Sellier ; ilustracións, Catherine Louis ; traducción, Fernando Moreiras

546 ## \$aTexto en galego e chinés

700 12 \$aWang, Fei . \$tLa naissance du dragon. \$lChino

[Manifestación coa mesma obra en galego e chinés. A expresión orixinal, en francés, non está na manifestación; noméase primeiro a expresión galega, polo que se codifica en 240]

Rexistre a relación da obra descrita con outra obra á que precede ou substitúe cando conte coa información no recurso catalogado. Escolla o designador de relación apropiado dos que hai na táboa seguinte (*en azul, as relacións que non se rexistran segundo a política da BNE*). No caso de non atopar un designador apropiado, consulte estes no apéndice J.2.6.

RELACIÓN ⁶⁹	RELACIÓN RECÍPROCA
Continuación de (obra) Obra cuxo contido continúa unha obra anterior baixo un novo título	Continuada por (obra) Obra que é continuada polo contido dunha obra posterior
Precuela de (obra) Unha obra que estende a narración dunha obra anterior cara atrás no tempo	Precuela (obra) Unha obra cuxa narración se estende cara atrás no tempo por unha obra posterior
Secuela de (obra) A obra cuxa narración continúa nunha obra posterior	Secuela (obra) Unha obra posterior que continúa a narración dunha obra anterior
Precedida por (expresión) Unha expresión dunha obra que precede (por exemplo, é anterior no tempo ou na narración) á entidade que segue. Para obras numeradas secuencialmente con contido revisado, véxase J.3.2 (expresións derivadas)	Seguida de (expresión) Unha expresión dunha obra que sucede á (por exemplo, posterior no tempo ou posterior nunha narración) entidade predecesora. Para expresións numeradas secuencialmente con contido revisado, véxase J.3.2.

700 1# \$iSecuela de (obra):\$aAtwood, Margaret,\$d(1939-).\$tThe handmaid's tale⁷⁰

Relacións de Obra/Expresión referenciada

MARC 21 bibliográfico:
600-640

Rexistre nun campo 600, 610, 611, 630 ou 640, segundo corresponda, o punto de acceso dunha obra que constituía a materia da obra descrita. Utilice os subencabezamentos correspondentes cando sexan aplicables.

600 17 \$aCervantes Saavedra, Miguel de,\$d1547-1616.\$tDon Quijote de la Mancha.\$xCrítica textual

⁶⁹ Eliminan os designadores de Relación: PRECEDIDA POR (OBRA) e da Relación recíproca: SUBSTITUÍDA POR OBRA.

⁷⁰ Cambio no exemplo, pero non ten importancia.

Manifestacións relacionadas (27.1)

NOTA: Cando a monografía catalogada ofrezca a posibilidade de acceder á información relevante en liña (xa sexa unha parte da propia manifestación ou unha manifestación relacionada), non teña en conta este apartado e siga as indicacións do documento **Monografías que dan acceso á información en liña do documento Directrices de catalogación sobre determinado tipo de recursos.**

Rexistre unha manifestación relacionada co recurso que está describindo segundo o indicado no apartado correspondente, xa sexan:

- **Relacións de Manifestación Equivalente,**
- **Relacións de Manifestación Referencial** (na que unha manifestación é materia dunha obra),
- **Relacións de Manifestación Todo-Parte,**
- ou **Relacións de Manifestación Acompañante**

Rexistre a relación no rexistro bibliográfico seguindo un destes métodos, segundo a seguinte orde de preferencia:

a) Designador de relación + datos de manifestación relacionada (campos 76X-78X⁷¹)

Sempre que a manifestación relacionada conte cun rexistro bibliográfico no catálogo da BdG, a relación establecerase nun campo 76X-78X de relación. En todos os casos de campo 76X-78X se rexistrarán os seguintes datos mínimos, seguindo esta orde:

- Sempre que a manifestación relacionada conte cun rexistro bibliográfico no catálogo da BdG, a relación establecerase no campo de relación correspondente:
 - Utilice o campo **776** para a relación **“Publicada tamén como”**. Use indicadores **08** e rexistre no **\$i** o designador de relación.
 - Utilice o campo **777** para a relación **“Publicado con”**. Use indicadores **0#** e non rexistre o designador de relación.
 - Utilice o campo **787** para o resto de relacións:
 - Cando vaia utilizar un designador de relación, use indicadores **08** e rexistre no **\$i** o designador de relación.

**100 1# \$aZabala Ozamiz-Tremuya, Ángel de \$d(1866-1940), \$eautor
240 10 \$aHistoria de Bermeo
245 10 \$aHistoria de Bermeo /\$cpor Zabala eta Otxamiz-Tremoya
787 08 \$iReproducción de (manifestación): \$tHistoria de
Bermeo\$dBermeo (Vizcaya) : Imp. Librería Gaubeca, 198-1931,
\$wbimo000190754**

- Cando coñeza a existencia dunha relación entre a manifestación catalogada e outra manifestación do catálogo, pero non atope un designador de relación adecuado neste perfil ou no apéndice J de RDA, estableza unha relación xenérica de **“Recurso relacionado”** (787 con 2º indicador #) e consulte ao Departamento de Proceso Técnico⁷² sobre a posibilidade de engadir un novo designador á lista existente.

⁷¹ 76X-78X = Campos de enlace – Información xeral (enlace a unha serie principal, a unha subserie, á lingua orixinal, a unha tradución, a un suplemento ou número especial, á publicación principal, ao documento fonte, a unha unidade constituínte, a outra edición, a un formato físico adicional, a «Publicado con», a un título anterior, a un título posterior, a unha fonte de información, outras relación)

⁷² **PerfilBNE:** ... consulte ao Servicio de Coordinación y Normalización en el buzón info.rda@bne.es sobre la posibilidad de añadir un nuevo designador a la lista existente.

100 1# \$aFriedman, John Block \$d(1934-), \$eautor
 240 10 \$aBook of wonders of the world. \$lEspanol
 245 13 \$aEl libro de las maravillas del mundo :\$bsecretos de la historia natural :Ms fr. 22971 : original conservado en la Bibliothèque nationale de France, París /\$cestudios, transcripción y traducción de la edición facsimilar, Friedman, Giogoli y Figg ; traducción y revisión, Peter Krakenberger [y otros tres]
 787 0# \$tLibro de las maravillas del mundo, \$wa5243637

[O recurso é un libro de estudo publicado en 2018 que se publica como complemento a unha edición facsimilar publicada en 2010]

En todos os casos de campo 76X-78X rexistraranse os seguintes datos mínimos, seguindo esta orde⁷³:

- **\$i (designador de relación):** sempre que non sexa suficiente a visualización asociada ao segundo indicador.
- **\$t (título da manifestación relacionada):** sempre
- **\$z (ISBN):** sempre que a manifestación relacionada teña ISBN
- **\$x (ISSN):** sempre que a manifestación relacionada teña ISSN
- **\$d (lugar, editor e data de publicación):** só cando non haxa ISBN e sexa necesario para desambiguar os títulos das dúas manifestacións relacionadas; utilice puntuación ISBD para separar os elementos.
- **\$g (parte relacionada):** só cando a relación se estableza cunha parte da manifestación relacionada e non co todo.
- **\$w (nome de rexistro relacionado):** sempre se rexistrará o 001 do rexistro bibliográfico da manifestación relacionada.

111 2# \$aCongreso Internacional sobre la Infancia \$d(2009. \$cSantiago de Compostela)
 245 10 \$aAvancemos con ellos, el mundo de la infancia a debate
 300 ## \$a1 CD-ROM (402 páxinas) :\$bilustracións (cor), \$c12 cm
 776 08 \$iPublicada tamén como: \$tAvancemos con ellos, el mundo de la infancia a debate \$h(volume) \$wa4548852

111 2# \$aCongreso Internacional sobre la Infancia \$d(2009. \$cSantiago de Compostela)
 245 10 \$aAvancemos con ellos, el mundo de la infancia a debate
 300 ## \$a402 páxinas :\$bilustracións (cor), \$c29 cm
 776 08 \$iPublicada tamén como: \$tAvancemos con ellos, el mundo de la infancia a debate \$h(disco de computadora) \$w4548900

100 0# Molière \$d(1622-1673) \$eautor

240 12 \$aL'école des maris \$lCatalán

245 12 \$aL'escola dels marits /\$cMolière; traducció d'Alfons Maseras; estudi introductor de Miquel DescLOT

500 ## \$aO facsímile reproduce a primeira das catro comedias contidas na edición orixinal

700 1 # \$aMaseras, Alfons \$d1884-1939 \$etradutor

787⁷⁴ 08 \$iReproducción de (manifestación) \$tL'escola dels marits \$dBarcelona : Barcino, 1932 \$gpáxinas 8-79 \$wbimo0001421169

⁷³ Desaparecen e modifica textos e algún exemplo e aparecen outros novos .

⁷⁴ 787 = Outras relacións

245 04 \$aLas revistas de Vicente Huidobro, Creación y Total : \$b(Madrid-París-Santiago de Chile, 1921-1938) / \$cedición y prólogo de Gabriele Morelli

500 ## \$aA carpeta inclúe a reprodución facsímile do primeiro e único número da revista Creación (Madrid, 1921), os dous e únicos números de Création (París, 1921-1924) xunto co suplemento castelán de dita revista, os dous e únicos números da revista Total (Santiago de Chile, 1936-1938) e o estudo introdutorio a esta edición facsímile

787 08 \$iReprodución de (manifestación): \$tCreación (Madrid. 1921) \$x2605-4345 \$wbise0000093371

787 08 \$iReprodución de (manifestación): \$tCréation (París. 1921) \$x2022-673X \$wbise0000102107

787 08 \$iReprodución de (manifestación): \$tTotal (Santiago de Chile) \$dSantiago de Chile : Total, 1936-1938 \$wbise0000032662

100 1# \$aCarballo Calero, Ricardo \$d(1910-1990), \$eautor

240 10 \$aFarsa das zocas

245 10 \$aFarsa das zocas /\$cRicardo Carballo Calero

787 08 \$iReprodución de (manifestación): \$tTeatro completo. \$dSada, A Coruña : Edic. do Castro, 1982 imp. \$gPáxinas 87-110 \$wbimo0000342322

b) Descrición estruturada en NOTA (campos 500, 534⁷⁵)

Cando no catálogo non exista rexistro bibliográfico da manifestación relacionada, pero conte con datos suficientes, utilice o campo 5XX correspondente para establecer a relación mediante unha descrición estruturada. Utilice a puntuación ISBD apropiada.

500 ## \$aAcompañada por: A multimedia approach to children's literature / compiled and edited by Ellin Greene

534 ## \$pReprodución da edición de: \$cBarcelona : Imp. y Librería de La Inmaculada Concepción, 1887

c) Descrición non estruturada en NOTA (campo 500)

Se non conta con datos suficientes para redactar unha descrición estruturada, redacte unha nota establecendo a relación mediante unha descrición non estruturada.

500 ## \$aReprodución facsímile do manuscrito orixinal conservado na Biblioteca Nacional de Francia, sign. Lat. 920

⁷⁵ 534 = Nota sobre a versión orixinal

Manifestacións que dan acceso a información en liña:

No caso de monografías que ofrecen información sobre como acceder a unha versión en liña (quer completa, quer parcial) ou a un recurso relacionado en liña (sempre que se trate de información relevante), estableza a relación mediante a redacción dunha nota segundo os casos descritos a continuación. Siga o indicado no apartado dedicado ao campo MARC 856 – Localización e acceso electrónicos:

- **Manifestacións que dan acceso a una versión completa en liña:**

530 ## \$aDispoñible tamén en liña mediante a aplicación Proview; con clave de acceso

856 42 \$yVersión en liña: \$uhttps://www....

- **Manifestacións que dan acceso a unha versión parcial en liña:**

530 ## \$aFotogalería dispoñible tamén en liña mediante códigos QR

856 41 \$3Apéndice de xurisprudencia \$uhttp://...

- **Manifestacións que dan acceso a un recurso relacionado en liña:**

500 ## \$aAcceso a tutoría en liña mediante a aplicación Océano

856 42 \$3Formularios de autoevaluación \$uhttp://... \$z; con clave de acceso

500 ## \$aInformación adicional accesible mediante realidade aumentada a través da aplicación RA Bruño

Cando a monografía indica que existe información relevante en liña pero non especifica o xeito de acceder a ela, redacte unha Nota de cita.

Cando a información en liña non se refira a unha manifestación relacionada, senón a unha parte da propia manifestación (por exemplo unha obra en dúas partes da que a segunda parte só foi editada en liña), siga o indicado no apartado Pautas xerais para a descrición de soportes (3.1).

Se necesita máis información, consulte o apartado *Monografías que dan acceso a información en liña no documento* **Directrices de catalogación sobre determinados tipos de recursos**.

Relacións de Manifestación Equivalente

Rexistre a relación da manifestación descrita con outra manifestación equivalente cando conte coa información no recurso catalogado.

Escolle o designador de relación apropiado na seguinte lista (en azul, as relacións que non se rexistran segundo a política da BNE). No caso de non atopar un designador adecuado, acuda ao apéndice J.4.2.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Publicada tamén como*	Publicada tamén como*
Unha manifestación que materializa a mesma expresión dunha obra en formato diferente <i>*utilice o campo 776</i>	Unha manifestación que materializa a mesma expresión dunha obra en formato diferente <i>*utilice o campo 776</i>
Reproducción de (manifestación)	Reproducida como (manifestación)
Unha manifestación utilizada como base para unha reprodución	Unha manifestación que reproduce outra manifestación.
Facsímile de (manifestación)	Facsímile (manifestación)
Unha manifestación usada como base para unha reprodución exacta	Unha manifestación que reproduce exactamente outra manifestación
Reproducción electrónica de (manifestación)	Reproducción electrónica (manifestación)
Unha manifestación nun formato analóxico que é transferida a un formato dixital	Unha manifestación nun formato dixital que é o resultado da transferencia dunha manifestación nun formato análogo.

787⁷⁶ 08 \$aFacsímile de (manifestación):\$tSutilezas de amor \$wa4741895

787 08 \$iReproducción de (manifestación): \$tEstudios históricos \$d[S.L.]: [s.n.], 1885-1887 (Madrid : Imp. de Fortanet) \$wMimo0000873831

534 ## \$pReproducción da edición de:\$cMadrid: Santiago Burgos, 1885

[Non se conta coa manifestación relacionada no catálogo]

530 ## \$aPublicada tamén como PDF

Relacións de Manifestación Referencial

Dado que o actual sistema de indización da BNE non permite especificar unha manifestación concreta como materia dunha obra, rexistre a relación do recurso descrito cunha manifestación que constitúa a súa materia a través da obra que esa manifestación materializa (seguindo o indicado no apartado **Relacións de Obra/Expresión referenciada**).

Se o considera necesario, redacte unha nota xeral (500) ou de resumo (520) especificando que o contido do recurso ten como materia unha manifestación concreta desa obra.

Relacións de Manifestación Todo-Parte

Rexistre a relación da manifestación descrita con outra manifestación equivalente cando conte coa información no recurso catalogado. Escolla o designador de relación apropiado na seguinte lista (en azul, as relacións que non se rexistran segundo a política da BNE). No caso de non atopar un designador adecuado, acuda ao apéndice J.4.4.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Contida en (manifestación)	Contén
Unha manifestación maior, da que unha parte é un compoñente separado.	Unha manifestación que é un compoñente separado dunha entidade maior
Facsímile contido en (manifestación)	Contén facsímile de (manifestación)
Unha manifestación maior, da que unha parte é un compoñente independente que reproduce exactamente outra manifestación que materializa a mesma expresión dunha obra	Unha manifestación utilizada como base para unha reprodución exacta que é un compoñente individual dunha entidade maior.
Reprodución contida en (manifestación)	Contén reprodución de (manifestación)
(non contemplada en RDA)	(non contemplada en RDA)
Unha Manifestación maior da que unha parte é un compoñente independente que reproduce outra Manifestación que materializa a mesma Expresión dunha Obra, inda que non se trate dunha reprodución facsimilar.	Unha Manifestación utilizada como base para unha reprodución non facsimilar que é un compoñente individual dunha entidade maior.
Separata de (manifestación)	
(Non incluída en RDA)	
(como a política da BNE é catalogar só separatas de publicacións que non teña no seu catálogo, este designador utilizarase exclusivamente no campo 500 e non en campos 76X-78X)	

500 ## \$aSeparata de: The papers of the Bibliographical Society of America. Vol. 6 (1923)

245 03 \$aLa Constitución de Cádiz 1812

787 08 \$iContén reprodución de (manifestación): \$tConstitución política de la Monarquía española \$dCádiz : Imprenta Real, [1812?] \$wbima0000016285

Relacións de Manifestación Acompañante

Rexistre a relación da manifestación descrita con outra manifestación xunto á que se publica. Escolla o designador de relación apropiado da seguinte lista (en azul, as relacións que non se rexistran segundo a política da BNE). No caso de non atopar un designador adecuado, acuda ao apéndice J.4.5.

RELACIÓN	RELACIÓN RECÍPROCA
Acompañado por (manifestación)	Acompañado por (manifestación)
Unha manifestación publicada con outra manifestación, sen ningunha relación co seu contido	Unha manifestación publicada con outra manifestación, sen ningunha relación co seu contido
Publicado con (manifestación)*	Publicada con (manifestación)*
Unha manifestación que se publica no mesmo soporte que a manifestación que se está describindo <i>*utilice o campo 777</i>	Unha manifestación que se publica no mesmo soporte ca a manifestación que se está describindo <i>*utilice o campo 777</i>

Cando o rexistre no campo 777,⁷⁷ utilice os indicadores 0# e non engada un subcampo \$. Cando o rexistre nun campo 500, utilice a fórmula introdutoria «**Publicado con**» ou «**Acompañado por**».

777 0# \$tLe Japon et la Chine dans les œuvres de Judith Gautier \$z978-4-86166-037-5 \$wa4351509

500 ## \$aPublicado con: Le Japon et la Chine dans les œuvres de Judith Gautier

⁷⁷ 777 = Ligazón a «Publicado con»

Índice MARC

000 CABECEIRA

006 [Códigos de información de lonxitude fixa – Características do material adicional]

007 [Campo fixo de descrición física]

008 Códigos de información de Lonxitude fixa

CAMPO MARC21	Enlace ao elemento
017 Número de Depósito Legal	Número de DEPÓSITO LEGAL
020 ISBN	Rexistro de ISBN
024 Outro Identificador da Manifestación	Outros IDENTIFICADORES
041 Código de Lingua	Codificación da Lingua do contido nos campos 008 e 041
1XX Punto de acceso da Obra / Expresión	Punto de acceso autorizado que representa unha obra (6.27)
130 Título preferido da Obra / Expresión	Título preferido da Obra (6.2.2)
240 Título preferido da Obra / Expresión	Título preferido da Obra (6.2.2)
245 \$a, \$n, \$p Título propiamente dito	Título propiamente dito (2.3.2)
245 \$b Información complementaria do Título	Información complementaria do título (2.3.4)
245 \$b Título propiamente dito paralelo	Título paralelo propiamente dito (2.3.3)
245 \$b Información complementaria do Título paralelo	Información complementaria paralela do título (2.3.5)
245 \$c Mención de responsabilidade relacionada co Título propiamente dito	Mención de responsabilidade relacionada co título propiamente dito (2.4, 2.4.2)
245 \$c Mención de responsabilidade paralela relacionada co Título propiamente dito	Mención de responsabilidade paralela relacionada co título propiamente dito (2.4.3)
246 Variante de Título	Variantes de título (2.3.6)
250 Mención de Edición	Mención de edición (2.5)
264 Mención de Publicación	Mención de publicación (2.8)
264 Mención de Distribución	Mención de distribución (2.9)
264 Mención de Fabricación	Mención de fabricación (2.10)
300 \$a Descrición física (Extensión)	Extensión (3.4)
300 \$b Contido ilustrativo, Contido a cor	Contido ilustrativo (7.15)
300 \$b Contido a cor	Contido a cor (7.17)
300 \$c Dimensións	Dimensións (3.5)
300 \$e Material anexo	Pautas xerais para a descrición de soportes (3.1)
336 Tipo de contido	Tipo de contido (6.9)
337 Tipo de medio	Tipo de medio (3.2)
338 Tipo de soporte	Tipo de soporte (3.3)
347 Características do arquivo dixital	
490 Mención de serie	Mención de serie (2.12)
500 Notas sobre a Manifestación	Notas sobre a Manifestación
500 Contido complementario (índices)	Contido complementario (7.16)
500 Contido complementario (Bibliografía)	Nota de contido complementario: bibliografía (504)
505 Nota de contido	Nota de contido (505)
530 Nota de dispoñibilidade noutro formato	Relacións de Manifestación Equivalente
534 Nota da versión orixinal dunha reprodución	Manifestacións relacionadas (27.1)
546 Nota de Lingua	Lingua da Expresión (6.11)
7XX Axente relacionado	Relacións de Axentes con Obras, Expresións e Manifestacións (18.4)

7XX Obra / Expresión relacionada	Obras e Expresións relacionadas (25.1, 26.1)
730 Obra / Expresión relacionada	Obras e Expresións relacionadas (25.1, 26.1)
740 Obra / Expresión relacionada (título non controlado)	Obras e Expresións relacionadas (25.1, 26.1)
76X-78X Manifestación relacionada	Manifestacións relacionadas (27.1)
856 Localización e acceso electrónico	

CABECEIRA

A maioría de posicións cóbreas automaticamente o sistema. As seguintes posicións teñen que cubrirse con estes valores:

- 06** Tipo de rexistro (utilizado en conxunción co **336 Tipo de contido**)
- 07** Nivel bibliográfico (Modo de edición 2.13): escolla o valor adecuado ao documento que se está catalogando (*xeralmente será valor “m”*).
- a – Material textual**
- a – Parte compoñente monográfica**
- c – Colección**
- d – Subunidade**
- m – Monografía**
- 17** Nivel de codificación: (escolla o valor adecuado segundo o indicado no documento *Niveis de catalogación*)
- # - Nivel completo**
- 1 – Nivel completo, material non examinado**
- 2 – Nivel incompleto, material non examinado**
- 3 – Nivel abreviado**
- 4 – Nivel básico**
- 5 – Nivel parcial (preliminar)**
- 7 – Nivel mínimo**
- 8 – Nivel de prepublicación**
- u – Descoñecido**
- z – Non aplicable**
- 18** Forma de catalogación descritiva
- c – ISBD sen puntuación⁷⁸**

Máis información sobre a Cabeceira de monografías electrónicas
Máis información sobre a Cabeceira de monografías en varias partes

⁷⁸ Non sei por que a BN utiliza c, salvo que sexa polo seu sistema. En todo caso, seguimos a utilizar a puntuación ISBD para describir os recursos, por iso nós usamos i.

006

Só se utilizará, cando sexa aplicable, en monografías electrónicas e monografías en varias partes:

006 – Códigos de información de lonxitude fixa de monografías electrónicas

006 de monografías en varias partes

007

Só se utilizará, cando sexa aplicable, en monografías electrónicas e monografías en varias partes:

007 – Campo fixo de descrición física de monografías electrónicas

007 de monografías en varias partes

008 Códigos de información de Lonxitude fixa

- **008/06:** escolla o tipo de data segundo o establecido en [008 – Todos os materiais](#)⁷⁹
- **008/07-14:** rexistre a data asociada coa publicación, edición ou emisión do recurso (Data de publicación 2.8.6)
- **008/15-17:** rexistre o lugar de publicación asociado coa publicación, edición ou emisión do recurso (2.8.2). Tome o código de [MARC Code List for Countries](#)
- **008/18-34:** Consulte o documento para o enchemento⁸⁰ do campo 008 en monografías modernas da BNE
- **008/35-37:** rexistre a lingua do contido. Tome o código de [MARC Code List for Languages](#).

856

O campo 856 utilízase para rexistrar a localización de información relevante en liña á que da acceso o documento catalogado.

Consulte o punto 3. *Política de uso* ao final deste apartado para decidir a información que é relevante e a que non.

Para máis información sobre *Monografías que remiten a información en liña e uso do campo 856*, consulte o apartado correspondente no documento ***Directrices de catalogación sobre determinados tipo de recursos.***

1. Indicadores

O primeiro indicador especifica o modo de acceso. O seu valor será sempre **4 (HTTP)**.

⁷⁹ MARC21 para rexistros bibliográficos

⁸⁰ O tradutor Gaio dime que use este termo: Enchemento por “Cumplimentación”

O segundo indicador especifica a relación da información en liña co documento catalogado. Esta relación pode ser de tres tipos e cada un deles corresponde a un indicador:

0 – estase dando acceso ao propio documento (ou unha parte do mesmo). É dicir, o rexistro bibliográfico describe unha monografía en liña (ou formada por unha parte en soporte físico e outro en liña)

1 – estase dando acceso a unha versión en liña do documento (ou dunha parte do mesmo). É dicir, o rexistro bibliográfico describe unha monografía en soporte físico que ademais proporciona acceso á súa versión electrónica en liña.

2 – estase dando acceso a outros documentos relacionados. É dicir, o rexistro bibliográfico describe unha monografía en soporte físico que ademais proporciona acceso a outra información relacionada.

2. Subcampos

Na catalogación de Monografías modernas utilizaranse exclusivamente os seguintes campos. A puntuación é fixa, polo que xerarse automaticamente polo sistema:

\$u – Identificador Uniforme do Recurso

Contén a URL que da acceso á información en liña. Non se visualiza no OPAC

\$y – Texto do enlace

Utilizaranse os seguintes textos, segundo o indicador:

2º indicador 0 - \$yAcceso electrónico

2º indicador 1 - \$yVersión en liña

2º indicador 2 - \$yRecurso relacionado

\$3 – Especificación de materiais

Especifica o material ao que da acceso o campo 856. Utilízase nos seguintes casos:

Con 2º indicador 0 e 1 – Utilizarase \$3 cando a dirección contida en \$u non remita exactamente ao documento completo (ou unha versión do mesmo), é dicir:

- a) para especificar que a URL non remite ao documento en si, senón a unha páxina intermedia a partir da que se pode acceder a el:

856 41 \$3Versión en liña no sitio web do editor \$uhttp...

- b) para especificar que a URL non remite ao documento completo senón só a unha parte do mesmo

856 40 \$3Vídeo dos capítulos 3 e 4 \$uhttp...

Con 2º indicador 2 – Utilizarase \$3 para especificar a que material relacionado se está dando acceso. En xeral, indicarse coa denominación de material que o propio documento indique.

856 42 \$3Acceso a anexo técnico en francés \$uhttp...

\$z – Nota pública

Utilizarase para informar da necesidade dunha clave para acceder á información.
Visualízase no OPAC e poderase utilizar conxuntamente con calquera outros subcampo.

3. Política de uso

En xeral, a política de uso será restritiva respecto ao uso do campo 856. Deberanse ter en conta os seguintes criterios:

Relevancia

Crearase un campo 856:

- cando a URL ofrezca acceso directo ao documento ou a unha parte do mesmo.
- cando a URL ofrezca acceso a unha páxina desde a que se pode acceder ao documento, sempre que explicitamente se informe desa relación nalgunha fonte.
- cando a URL ofrezca acceso a materiais estreitamente relacionados co documento catalogado, sempre que explicitamente se informe desa relación nalgunha fonte.

Non se creará un campo 856:

- cando a URL remita a información publicitaria
- cando a URL remita ao sitio web do editor e non se especifique que desde aí se poida acceder ao documento.
- cando a URL remita a información cuxa relación co documento non está clara.

Perdurabilidade e fiabilidade dos enlaces

Unha gran cantidade de enlaces deixan de funcionar pouco despois da publicación dos documentos que os conteñen. Deberase ter en conta, especialmente naqueles casos nos que a URL non remita directamente ao documento, a perdurabilidade esperable dese enlace. Ante a dúbida, non xere o campo 856.

Terminoloxía RDA

A continuación ofrécese unha breve lista de termos da catalogación tradicional que cambian coa aplicación das RDA.

AACR2/Reglas de catalogación	RDA	NOTAS
Encabezamento	Punto de acceso autorizado	«Encabezamento» reflicte un xeito de falar desfasado, propio da catalogación en fichas
Autor, compositor, artista etc.	Creador	
Encabezamento principal, entrada principal	Título preferido e, de ser o caso, punto de acceso autorizado do creador	«Encabezamento principal» ou «entrada principal» reflicten conceptos que eran necesarios no ámbito do catálogo manual
Título uniforme	1. O título preferido e calquera información que o diferencie 2. Un título colectivo convencional como «obras»	
Referencia de «véxase»	Punto de acceso variante	
Referencia de «véxase ademais»	Punto de acceso autorizado dunha entidade relacionada	
Descrición física	Descrición do soporte	
Designación xeral de material	Tres elementos: 1. Tipo de contido 2. Tipo de medio 3. Tipo de soporte	A designación xeral de material era unha presentación inconsistente de diferentes categorías de información.
Fonte principal	Fontes preferidas	Non se trata só dun cambio de terminoloxía. «Fontes» tamén foi expandido dunha fonte única a varias fontes

Táboa tomada do manual que acompaña o Módulo 1 de Formación RDA da Library of Congress

ANEXO I. Catalogación de monografías en varias partes

O presente anexo establece (seguindo a estrutura do rexistro MARC 21) as peculiaridades da catalogación de recursos monográficos en varias partes procesados na BNE. Para calquera punto non previsto neste anexo, consulte o elemento correspondente dentro do perfil xeral da aplicación para monografías modernas.

Concepto

Monografía en varias partes: recurso publicado en dúas ou máis partes (simultaneamente ou en formas sucesivas) que se completa ou se pretende completar nun número finito de partes (por exemplo, un dicionario en dous volumes ou tres audiocassetes publicados como un conxunto).

Identificación da Obra, da Expresión e das Relacións

Séguese as instrucións establecidas nos apartados correspondentes do perfil xeral para monografías modernas.

Rexistro dos Atributos da Manifestación e Formato MARC

Indícanse a continuación as particularidades sobre o rexistro dos atributos de manifestación dos recursos en varias partes e como se cobren en MARC 21.

Base para a identificación do recurso e fonte preferida de información

Síganse as instrucións do perfil de aplicación de RDA para monografías modernas na BNE para establecer a **Base para a identificación do recurso (2.1)** do recurso e a elección da **Fonte preferida de información (2.2.2)**.

Cabeceira

Utilizaranse os mesmos valores que para un recurso nunha unidade física. A posición 19 (**Nivel de rexistro dun recurso en varias partes**) cóbrese por defecto como branco (# - **Non especificado ou non aplicable**), xa que *Symphony* non permite configurar outros valores. (Tanto Koha como Digibib permiten configurar todos os valores que MARC21 presenta nesta posición⁸¹.)

⁸¹ Polo tanto, segundo MARC21:

Posición 19: Nivel de rexistro ao que pertence e dependencias do rexistro. (...) p. ex., o rexistro pode describir unha colección de documentos, ou unha parte dunha colección. A parte pode incluír para a súa identificación só un título dependente, o que faría necesario o uso de información adicional para entender o contexto.

- **Non especificado ou non aplicable:** A distinción entre niveis de rexistro non se especifica ou non é aplicable para o tipo de recurso.

a – **Conxunto:** O rexistro é para unha colección que se compón de múltiples documentos.

b - **Parte con título independente:** O rexistro é para un recurso que forma parte dunha colección e ten un título que lle permite ser independente do rexistro da colección.

c - **Parte con título dependente:** O rexistro é para un recurso que forma parte dunha colección pero ten un título que lle obriga a depender do rexistro da colección para comprender o seu contexto.

006

En rexistros de obras en varias partes que combinan soporte impreso e electrónico, rexistre o 008 correspondente á parte textual e redacte un campo 006 para a parte non textual se a houbese.

007

En rexistros de obras en varias partes que combinan soporte impreso e electrónico, redacte un ou varios campos 007 reflectindo as características do soporte ou soportes non impresos.

008 (Códigos de información de Lonxitude Fixa para monografías en varias partes)

Siga o especificado no apartado 008 Códigos de información de Lonxitude fixa do Índice MARC do presente documento.

En rexistros de obras en varias partes que combinan soporte impreso e electrónico, rexistre o 008 correspondente á parte textual e redacte un campo 006 para a parte non textual se a houbese.

008/06 s *[Data coñecida/probable sinxela]*

008/07-10 2008

264 #1 \$aBarcelona :\$bOcéano,\$c2008

300 ## \$a5 volumes

[Obra en varios volumes completa coa mesma data de publicación en todos os volumes]

008/06 m *[Datos múltiples]*

008/07-10 2005

008/11-14 2006

264 #1 \$aMadrid :\$bAnaya,\$c2005-2006

300 ## \$a5 volumes

[Obra en varios volumes completa, con diferentes datas de publicación]

008/06 m *[Datos múltiples]*

008/07-10 2008

008-11-14 9999

264 #1 \$aMadrid :\$bAlianza,\$c2008-

300 ## \$avolumes <1>

[Obra en varios volumes en curso de publicación da que só temos o primeiro]

008/06 m

008/07-10 2005

008/11-14 9999⁸²

264 #1 \$aMadrid :\$bAnaya,\$c<2005-2006>

300 ## \$avolumes <2-4>

[Obra en varios volumes en curso de publicación da que só dispoñemos de volumes intermedios]

008/06 m [Datos múltiples]

008/07-10 uuuu

008/11-14 2008

264 #1 \$aBarcelona :\$bPlaneta,\$c<2008>

300 ## \$avolumes <2-3>

[Obra en varios volumes da que non se ten o primeiro volume e só temos unha data de publicación dos volumes intermedios]

008/06 m [Datos múltiples]

008/07-11 195u

008/11-14 1960

264 #1 \$aMadrid :\$bEspasa-Calpe,\$c[195-]-1960

300 ## \$a3 volumes

[Obra en varios volumes na que a data do primeiro volume non é segura]

008/06 m [Datos múltiples]

008/07-10 1957

008/11-14 196u

264 #1 \$aMadrid :\$bEspasa-Calpe,\$c1957-[196-]

300 ## \$a3 volumes

[Obra en varios volumes na que a data do último volume non é segura]

82 No manual koha da RBG usan uuuu, En Digibib úsase 9999 (confirmar, porque só atopei 692 rexistros)

Nas obras nas que a data do primeiro volume é posterior á data dos outros volumes, no campo 008 e no \$c do campo 264, as datas van en orde cronolóxica igualmente:

008/06 m **[Datos múltiples]**
 008/07-10 2006
 008/11-14 2008
 264 #1 \$aMadrid :\$bAnaya,\$c2006-2008
 300 ## \$a3 volumes
 [Datos de publicación: v. 1, 2007; v. 2, 2006; v. 3, 2008]

Se temos unha reimpresión con cambios significativos dunha obra en varias partes, no 008/07-10, poñeremos a primeira data da reimpresión con cambios e, no 008/11-14, a primeira data da edición anterior:

008/06 r **[Data de reimpresión/reemisión e data orixinal]**
 008/07-10 2006
 008/11-14 1999
 264 #1 \$aMadrid :\$bEspasa-Calpe,\$c2006-<2007>
 300 ## \$avolumes <1-2>

Identificadores da Manifestación

Número do Depósito Legal (monografías en varias partes)

Nas obras en varias partes cuxos volumes teñan diferentes números de DL, rexístranse no mesmo campo 017 todos os números, cualificándoos entre paréntese. O subcampo \$b e posto pola máquina de xeito automático⁸³.

017 ## \$aB 27862-014 (v. 1) \$aB 9276-2015 (v. 2) \$bOficina Depósito Legal Barcelona

Cando o número dos diferentes volumes fose asignado por unha axencia diferente, habería que repetir o campo:

**017 ## \$aB 4350-2016 (v. 1) \$bOficina Depósito Legal Barcelona
 017 ## \$aB 2568-2017 (v. 2) \$bOficina Depósito Legal Madrid**

ISBN (monografías en varias partes)

Aplique o especificado no apartado ISBN do perfil xeral de monografías, prestando especial atención aos subapartados **Varios ISBN para un mesmo recurso** e **Rexistros de ISBN en publicacións en varias partes**.

⁸³ SIXB da BNE

Título e Mención de responsabilidade

Título propiamente dito (245 \$a)

Cambios no título propiamente dito

Se o título propiamente dito dun recurso en varias partes cambia nunha ou varias partes posteriores a aquela na que se basea a descrición, o novo título rexístrase nunha nota.

245 00 \$a*Historie de l'Angleterre*
246 1# \$i*Título do volume 4:\$aHistorie de la Grande Angleterre*

(Véxase tamén o apartado **Variantes de título (2.3.6)**)

Cambios no Título paralelo

Cando un título ou subtítulo paralelo se engade, se omite ou varía nas partes subseguintes a aquela na que se basea a descrición, este cambio darase en NOTA cando se considere importante para o usuario.

245 00 \$a*Bai wei xiang* :**\$b***Jueyuan su shi pu*
246 1# \$i*Título paralelo do volume II:\$aHundred-flavour cuisine*

Información complementaria do título (245 \$b)

Cambios na Información complementaria do Título

Cando a información complementaria do título varía nas partes subseguintes á aquela na que se basea a descrición, o devandito cambio darase en NOTA cando se considere importante para o usuario. De xeito alternativo, pódese facer unha NOTA dicindo que a información complementaria do título varía.

246 0# \$i*Subtítulo dos volumes <2-4>:\$aSubtítulo*⁸⁴
245 13 \$a*La columna vertical* :**\$b***evaluación y aproximaciones terapéuticas*
246 0# \$i*Subtítulo do volume 2:\$aSíndromes clínicos y su tratamiento manipulativo*

Nos indicadores sempre se pon que leva NOTA.⁸⁵ Non leva punto de acceso na maioría dos casos, só se sacaría cando o consideremos moi importante.

(Véxase tamén **Variantes de título (2.3.6)**)

⁸⁴ Segundo indicador, que o exemplo deixa en branco, é # que se corresponde con: “Non se especifica”. O resto de segundos indicadores refírense a partes do título, título paralelo, distintivo, outro título, da capa, da portada etc.

⁸⁵ Primeiro indicador, 0 e 1 son os que estipulan NOTA

Información complementaria do Título referida ao Título común

Cando o título propiamente dito consista nun título común e un título dependente, a información complementaria do título referida ao título dependente dáse a continuación do título dependente. A información complementaria referida ao título común darase en NOTA:

245 10 \$aJigsaw puzzles.\$pChildren's art :\$ba decade of examples

500 ## \$a"A visual survey"⁸⁶

Isto non se terá en conta cando o título dependente consista nunha numeración referida só á descrición física, á manifestación, non ao contido intelectual da obra, porque esta numeración foi dada polo editor. Neste caso a información complementaria do título poñerase a continuación do título:

245 14 \$aLos bosques de Navarra :\$becosistemas perdurables.\$nTomo I

245 10 \$aNoventa y tres :\$bnovela histórica orixinal.\$nVolume II

Cando o título común se deu en nota, a información complementaria do título do título común tamén se dá en nota:

245 00 \$aAdjectives

500 ## \$a«Words: their origin, use and spelling»

Mención de responsabilidade (245 \$c)

Catalogación con Nota de contido

Rexístranse en 245 \$c as mencións de responsabilidade comúns a toda a obra (editores literarios, seleccionadores, coordinadores etc.) cando as houbese. As mencións de responsabilidade de cada parte daranse a continuación de cada título:

245 00 \$aHistoria de España /\$cRosa López García (coord.)

505 ## \$a[1]. Los celtas / Juan Antonio López Fuentes – [2]. Los iberos / Joaquín Martín González, Antonio Sastre Pérez

245 00 \$aLa pintura del siglo XX

505 0# \$a1. Hasta 1950 / Javier Alonso – 2. Las vanguardias / Maite del Corral

Cando se trate dunha colección redactaranse os puntos de acceso adicionais correspondentes ás coleccións de obras, segundo corresponda.

Catalogación sen Nota de contido

Rexístranse en 245 \$c as mencións de responsabilidade comúns a toda a obra ou as que aparezan na fonte tomada para a descrición.

⁸⁶ Viría de Jigsaw puzzles : "A visual survey"

Cando unha mención de responsabilidade se engade ou se elimina nas partes subseguintes e este cambio non require unha nova descrición, o cambio reflectirase en NOTA. Cando o cambio é só de presentación do nome, farase unha nota se tal cambio se considera útil para o usuario.

245\$cAutor do primeiro volume
500 ## \$aVolume II escrito por: Nome do autor

245 ...\$cFederico Martín de Juanes
500 ## \$aVolume II escrito por: Manuel Rodríguez Díaz

Faranse tantas NOTAS como funcións distintas teñamos que sacar:

500 ## \$aVolume 2 escrito por Julián Romero de la Torre; volume 3 escrito por Marta Sánchez
500 ## \$aVolume 3 editado por David Juárez

Pero se son moitos os cambios que se producen ao longo da publicación, faríase unha nota xeral:

500 ## \$aA mención de responsabilidade varía

Catalogación analítica

Cando o título propiamente dito está formado por un título común e un título dependente, as mencións de responsabilidade referidas ao título dependente danse a continuación do título propiamente dito.

As mencións de responsabilidade referidas á obra xeral pódense dar en Nota:

245 10 \$aCasos clínicos.\$pHuesos /\$cMaría Estévez
500 ## \$aDirector de la obra general, Juan Hernández Barahona

245 00 \$aHistoria de las civilizaciones.\$pSiglos VI-III a.C.
500 ## \$aEditor de la obra general, Mario López Menéndez

Obra en varias partes sen Título común

Catalogarase cada parte de forma independente. En NOTA aclararase a relación que presentan entre si as partes.

Por exemplo, cando en cada parte con designación numérica, ademais do ISBN que lle corresponda, figurase o ISBN da obra completa, faríase esta nota:

500 ## \$aPublicado como volume 2 da obra que leva o ISBN xeral: 978-973-735-597-3

Outras posibilidades serían a existencia dun prólogo ou introdución que presente a obra como conxunto, que os volumes viñesen gardados nun estoxo etc.

En cada caso redactarase a nota máis apropiada.

Variantes de título (246)

Utilizarase para variantes de título propiamente dito (o que figura no 245)

Se temos unha variante de título nalgún volume concreto:

246 1# \$iTítulo do volume 2



1º indicador: Nota, hai punto de acceso adicional

2º indicador: Tipo de título: paralelo, capa, etc,

245 00 \$aAtlas de España

246 1# \$iTítulo do volume 7 \$aAtlas do Estado Español

(# Título de parte)

Cando os volumes son correlativos:

246 1# \$iTítulo da cuberta dos volumes 2-3

Pero se os volumes non son correlativos:

246 1# \$iTítulo da capa dalgúns volumes

Cando temos varios volumes cun título común e ademais un deles leva un título particular:

500 ## \$aTítulo particular do volume 4: Título

Mención de edición (250)

Dáse no campo 250. Este campo é repetible e pode utilizarse cando os distintos volumes dunha obra en partes, aínda sendo da mesma edición, esta se expresa de xeito distinto nas distintas partes da manifestación. Nestes casos utilizarase o \$3 para indicar a correspondencia.

250 ## \$3Volume 1\$aPrimeira edición: maio 2017

250 ## \$3Volume 2\$aPrimeira edición: agosto 2017

Nos agregados que resultan dunha compilación editorial que recolle varias obras dun ou distintos autores publicados previamente, normalmente gardadas en contedor e cada unha delas correspondente a unha edición distinta, a información sobre a edición de cada obra darase na nota de contido.

245 10 \$aLago de la Campa en estado puro

505 0# \$a[1]. Viajes a Kerguelen, 10 edición (338 páxinas) – [2]. Corazón y tiempo, 4 edición (398 páxinas) – [3]. No me vas a encontrar en nadie, Primeira edición (40 páxinas)

En xeral, non se deben mesturar diferentes edicións nun mesmo rexistro, excepto no caso de manifestacións que temos incompletas e que sabemos con seguridade que non se van completar. Neste caso, a información daríase en nota:

250 ## \$aPrimeira edición: maio 2017

500 ## Volume 2, terceira edición: agosto 2019

No caso de ter máis de tres volumes correspondentes a distintas edicións, redactaríase a nota:

500 ## \$aVolumes correspondentes a distintas edicións

Mención de Publicación, Distribución e Fabricación (264)

Utilizaranse os valores do segundo indicador segundo corresponda.

Lugar (\$a) e nome de editor, distribuidor, fabricación ou copyright (264)

Cando o lugar de publicación, produción ou distribución cambia nas partes subseguintes con respecto á fonte na que se basea a descrición, esta información darase en NOTA cando se considere importante para o usuario. Procederase de igual modo cando cambie o nome do editor, produtor ou distribuidor.

500 ## \$aVolume 2 publicado polo Concello de Sada; volume 4 publicado polo Concello de Betanzos

500 ## \$aVolume 2 publicado en Santiago de Compostela

500 ## \$aVolumes 3-4 publicados por: Vigo: Galaxia

Cando son moitos os cambios que se producen ao longo da publicación, faríase unha nota xeral:

500 ## \$aA mención de publicación varía

Data de publicación, distribución, fabricación ou copyright (264)

Cando se describe o recurso completo, danse as datas de publicación dos volumes primeiro e último, separados por un guión:

264 ..., \$c1996-1999

Cando temos que deixar un rexistro aberto por estar en curso de publicación, en función das partes que teñamos, o \$c variará notablemente. **Utilízanse picos ou paréntese angulares para indicar que a información que se dá é provisional**, e esta irá variando conforme se vaian recibindo os distintos volumes da obra.

Por exemplo: imaxinemos unha obra en 4 volumes dos anos 1996, 1997, 1998 e 1999:

Volumes recibidos	Rexistro da data correspondente
Temos só o primeiro volume	, \$c 1996-
Temos o 1º volume e outro intermedio (por exemplo o 1 e o 2)	, \$c 1996-<1997>
Temos os tres primeiros volumes (1-3)	, \$c 1996-<1998>
Temos só un volume intermedio (o 2 ou o 3)	, \$c <1997>
Temos un volume intermedio e o último (2 e 4)	, \$c <1997>-1999

Temos dous volumes intermedios (2 e 3)	, \$c<1997-1998>
Temos só o último volume	, \$c -1999

Cando teñamos que poñer unha data entre corchetes, os picos sempre van antes:

, \$c<[2004]>

Pero se temos dúas datas e ambas teñen que ir entre corchetes, pero só unha delas é provisional, o corchete englobarás a ambas e os picos quedarán dentro:

, \$c[2001-<2005>]

Véxase o campo 008 para ver como se indica a información relacionada.

Nalgunhas ocasións a data de publicación do primeiro volume é máis moderna ca a doutros volumes numerados como posteriores; se consideramos que é importante dar a data dese primeiro volume, farémolo en NOTA:

500 ## \$aVolume 1 publicado en 2009

Extensión e Dimensións (300)

Extensión (\$a)

O número de unidades físicas que constitúen o recurso dáse no campo 300 \$a, engadindo o número de páxinas do que consta cada unha delas.

➔ Paxinación continua

Cando a paxinación de todos os volumes de que consta a obra é continua, o total de páxinas dáse entre paréntese a continuación do número de volumes:

300 ## \$a8 volumes (894 páxinas)

Cando só o primeiro volume ten unha secuencia separada de páxinas preliminares precedendo a numeración continua principal, danse ambas as secuencias deste modo:

300 ## \$a3 volumes (XX, 804 páxinas)

Cando cada volume ten unha secuencia separada de páxinas preliminares precedendo a numeración continua principal, ignóranse as secuencias de paxinación separada dos preliminares dos volumes seguintes ao primeiro:

300 ## \$a3 volumes (XX, 800 páxinas)

[Páxinas numeradas: I-XX, 1-201; I-XX, 202-513; I-XX, 514-800]

Só temos en conta a primeira secuencia do primeiro volume.

→ Varias paxinacións

Se cada unidade ten numeración propia e non se vai facer nota de contido, na paréntese indícase a numeración de cada un dos volumes, **ata seis**, seguindo o seguinte esquema:

300 ## \$a5 volumes (31, 33, 49, 37, 18 páxinas)

300 ## \$a3 volumes (VI, 310; VI, 434; VIII, 492 páxinas)

300 ## \$a3 volumes (VI, 310 páxinas, 20 follas de láminas; VIII, 342 páxinas, 32 follas de láminas; X, 490 páxinas, 52 follas de láminas)

Se hai máis de seis, o catalogador decidirá o máis adecuado en obras de especial importancia. Se todas as unidades teñen o mesmo número de páxinas, a información darase do seguinte xeito:

300 ## \$a10 volumes (30 páxinas cada un)

300 ## \$a5 volumes (aproximadamente 40 páxinas cada un)

Se se vai facer unha nota de contido, a paxinación de cada volume dáse a continuación do título que lle corresponde (véxanse máis exemplos en 505).

245 00 \$aHistoria global de Venezuela

300 ## \$a4 volumes

505 ## \$avolume I. Período prehispánico y colonial (256 páxinas) – volume II. Independencia y siglo XIX (273 páxinas) – volume III. Siglo XX: dictadura y democracia (244 páxinas) – volume IV. Colofón, siglo XX, albores siglo XXI (288 páxinas)

→ Número de volumes non coincidente co número de unidades bibliográficas

Cando o número de unidades físicas non coincide co número de unidades bibliográficas, pódese dar unha explicación en nota, a non ser que esta información fose xa expresada nunha nota de contido.

300 ## \$a5 volumes

500 ## \$aVolumes numerados como: 1, 2A, 2B, 2C, 3

300 ## \$a5 volumes

500 ## \$a8 tomos en 5 volumes

300 ## \$a6 volumes

500 ## \$aA portada do volume 6 leva a designación ««Bds 6-7»»

→ Obra en curso de publicación

Cando temos unha obra en curso de publicación, a extensión exprésase en «volumes».

En caso de que os volumes da obra estean numerados e esta non estea completa, poñeremos entre picos <> o volume ou volumes que recibísemos. Isto indica que a información é provisional e irá variando conforme se vaia recibindo o resto dos volumes.

Por exemplo:

Volumes recibidos	Rexistro da extensión
Temos un só volume (por exemplo o 1)	volumes <1>
Temos varios volumes intermedios (por exemplo os volumes 1, 3 e 4)	volumes <1, 3-4>
Temos varios volumes divididos en partes, pero non se completaron	volumes <1, ptes. 1-2; 2, pte. 2>
Temos un volume dividido en partes, completo, e tamén outros volumes	volumes <1 (2 v.); 3-4>
Temos a obra completa	8 volumes

As páxinas danse seguindo as indicacións expresadas nos parágrafos anteriores

300 ## \$avolumes <1> (325 páxinas) [Só temos o volume 1]

300 ## \$avolumes <1, 3-4> (325, 412, 147 páxinas) [Temos 3 volumes, dos cales dous son consecutivos, cada un cun número de páxinas distinto]

300 ## \$avolumes <1, ptes. 1-2 (231, 521 páxinas); 2, pte. 2 (225 páxinas)> [Temos algunhas partes de 2 volumes]

Se os volumes non están numerados e a obra non está completa só poñemos “volumes”:

300 ## \$avolumes

Se algún dos volumes non está numerado, especialmente se se trata do primeiro, daremos esta información en nota:

500 ## \$aVolume 1 sen numerar

➔ Recursos publicados en fascículos

Se nun recurso publicado en fascículos a intención é que estes se encadernen nunha ou máis unidades físicas; o número de páxinas, follas e/ou volumes darase nos termos apropiados á súa forma final, indicando nunha nota que se publicou en fascículos.

(Véxase tamén o apartado **Obras en fascículos**) ➔ *Este apartado segue sen aparecer neste perfil*

Dimensións (\$c)

➔ Recursos gardados en contedor (estoxos, caixas, carpetas...)

Cando un recurso está gardado en envase e hai dúas dimensións diferentes apreciáveis para o recurso e o envase, as dimensións do envase danse en NOTA:

300 ## \$a2 volumes :\$bilustracións (cor) ;\$c24 cm +\$e1 CD_ROM

500 ## \$aGardado en caixa de 35 x 25 x 15 cm

300 ## \$a4 volumes (1245 páxinas) :\$bilustracións (cor) ;\$c28 cm

500 ## \$aGardado en carpeta de 35 cm

→ Unidades físicas de diferente tamaño

Se as dimensións dunha obra en varias partes cambian, daremos a menor e a maior separadas por un guión.

300 ## ...\$c 20-30 cm

[Dimensións do máis pequeno e máis grande dos volumes nun recurso que consiste en 6 volumes de diferente altura]

Cambios no tipo de Medio (337)

Se hai un cambio no tipo de medio nunha ou varias partes dunha monografía en varias partes, non redacte unha nova descrición mentres se trata da mesma obra.

Converta o rexistro de monografía nun rexistro de kit ou multimedia e siga as pautas para catalogación de recursos multimedia.

Cambios no tipo de Soporte (338)

Rexistre o tipo de soporte seguindo o establecido no apartado Tipo de soporte (3.3) do documento xeral. No caso de que nas partes constituíntes aparezan máis dun tipo de soporte, rexistre todos os tipos. Redacte unha nota se o cambio no tipo de soporte o considera importante para a identificación ou selección (3.21.4.3.1)

338 ## \$avolume \$2rdacarrier

338 ## \$atarxeta \$2rdacarrier

500 ## \$aAs partes 25 e 26 preséntanse en soporte tarxeta

Cando o cambio no tipo de soporte supoña un cambio no tipo de medio, siga o establecido no punto anterior (**Tipo de medio (3.2)**) e redacte o rexistro seguindo as especificacións para recursos multimedia.

Cambios na Mención de Serie(490)

Especificación de materiais (\$3)

- Uns volumes da obra en varias partes corresponden a unha serie e os seguintes a outra

Cando uns volumes corresponden a unha serie e os seguintes a outra distinta, os datos correspondentes a cada serie danse en campos 490 diferentes indicando no subcampo \$3 que volumes corresponden a cada serie:

490 0⁸⁷ # \$3Volumes 1-3 \$aPublications de la Casa de Velázquez ;\$v22-24

490 0# \$3Volumes 4-6 \$aCollection Casa de Velázquez ; \$v25-27

[Neste caso trátase da mesma serie, con cambios no título]

87 0 = Serie sen recuperación ; 1 = Serie con recuperación

490 0# \$3Volumes 1-4 \$aColección Informes técnicos

490 0# \$3Volumes 5-<7> \$aColección Estudios [O <7> dase así porque faltan volumes, o 6 polo menos]
[Diferente serie ao longo da publicación]

Se os cambios son numerosos, redáctase unha nota xeral:

500 ## \$aO subtítulo da serie varía

Numeración dentro da serie (\$v)

→ Se a numeración da serie é correlativa

Dáse a numeración das partes primeira e última separadas por un guión:

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v4-7

490 0# \$aTítulo da serie ;\$vv. 11-15

Se tivéssemos que deixar o rexistro aberto, contemplaríamos estas posibilidades:

- Primeiro volume da obra, que é o volume 10 da serie:

300 ## \$avolumes <1>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v10

- Último volume dunha obra en cinco volumes, que é o volume 15 da serie

300 ## \$avolumes <5>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v15

- Un volume intermedio, por exemplo, o volume 2 da obra e 11 da serie:

300 ## \$avolumes <2>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v<11>

Outros volumes da serie numerados consecutivamente, por exemplo:

- Volumes 1 e 2 da obra e 11 e 12 da serie:

300 ## \$avólúmenes <1-2>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v11-<12>

- Volumes 2, 3 e 4 da obra, e 12, 13 e 14 da serie:

300 ## \$avolumes <2-4>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v <12-14>

→ Cando a numeración da serie non é correlativa

Se a numeración da serie non é correlativa, a numeración da cada parte darase separada por comas:

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v2, 6, 13

490 0# \$aTítulo da serie ;\$volume 131, 145, 152

Se tivéssemos que deixar o rexistro aberto, poderíamos ter estes casos:

- Temos os volumes 1, 2 e 3 dunha obra completa en tres volumes, que se corresponden cos volumes 10, 14 e 18 da serie:

300 ## \$a3 volumes

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v 10, 14, 18

- Temos os volumes 1 e 3 dunha obra en catro volumes. Son o 20 e 30 da serie:

300 ## \$avolumes <1, 3>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v20, <30>

- Temos os volumes 2 e 4 dunha obra en cinco volumes que son os volumes 41 e 47 da serie:

300 ## \$a<2, 4>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v<41, 47>

→ Se algúns números da serie son correlativos e outros non

Aplícase a cada tramo da numeración o criterio dos anteriores que corresponda:

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v4-7, 10

490 0# \$aTítulo da serie ;\$vv. 11, 14-16

Se tivéssemos que deixar o rexistro aberto:

- Temos os volumes 1, 2, 3 e 4 dunha obra en cinco volumes que corresponden aos volumes 9, 12, 15 e 16 da serie:

300 ## \$avolumes <1-4>

490 0# \$aTítulo da serie ;\$v9, <12, 15-16>

- Cando hai un número de serie, pero non aparece na publicación a mención de serie, dáse a información en nota:

500 ## \$aNo lombo do volume 5: 7

- Cando algún volume aparece sen mención de serie, pero outros a levan:

500 ## \$aVolume 7 sen mención de serie

Notas sobre a Manifestación

Notas xerais (500)

Ademais do xa visto en epígrafes anteriores, utilizarase este campo para dar notas xerais

500 ## \$a"Oxford" – Cuberta do volume 2

500 ## \$aNa cuberta do volume 5: Consellería de Emprego

Notas relacionadas con apéndices e/ou suplementos (500)

Emprégase sobre todo en grandes obras de referencia, compostas por unha obra base, normalmente organizada de forma alfabética á que posteriormente se lle van agregando suplementos ou apéndices, que seguen a numeración da obra base.

No rexistro correspondente aos apéndices ou suplementos que continúan a numeración da obra base correlativamente, dáse esta nota:

500 ## \$aOs volumes presentan numeración correlativa cos da edición en 10 volumes da obra base.

500 ## \$aVolumes 10-11 publicados como suplemento I e II

500 ## \$aApéndice documental en volume 3, páxinas 230-260

Se non foron completados todos os volumes da obra base. poñerase a seguinte nota:

500 ## \$aEn 10 volumes sen incluír os apéndices

500 ## \$aEn 10 volumes sen incluír os suplementos

500 ## \$aEn 10 volumes sen incluír os apéndices e suplementos

Se a obra base está completa, a nota cambia:

500 ## \$aSen incluír os apéndices

500 ## \$aSen incluír os suplementos

500 ## \$aSen incluír os apéndices e suplementos

Estas notas utilízanse cando temos varias edicións da mesma obra e non sabemos a cal delas corresponden estes apéndices e/ou suplementos

Nota de contido complementario: bibliografía (504)

Cando unicamente temos bibliografía nun dos volumes:

504 ## \$aBibliografía: volume 5, páxinas 90-108

504 ## \$aBibliografía: volume 5, páxinas 90-108. Índice

504 ## \$aFilmografía: volume 1: páxinas 16-18

Se temos bibliografía ou referencias bibliográficas en todos os volumes:

504 ## \$aInclúe referencias bibliográficas

Nota de contido (505)

No campo 505 recóllese a nota normalizada de contido que pode referirse á obra, á expresión ou á manifestación. En moitas ocasións, aínda que non sempre, a división intelectual da obra coincidirá coa división física da manifestación. Hai que ter en conta que termos como *parte*, *tomo* ou *volume*, poden indicar, indistintamente, unha ou outra división.

Indicadores

O campo ten dous indicadores, dos que o primeiro ten catro opcións posibles:

0 – Utilízase para xerar a visualización asociada «**Contido completo**». A nota representa todo o contido do documento.

505 0# \$avol. 1. Carbón – vol. 2. Nitróxeno – vol. 3. Xofre – vol. 4. Metais

1 – Utilízase para xerar a visualización asociada «**Contido incompleto**». A nota indica que non todas as unidades físicas da obra están dispoñibles debido a que non foron publicadas ou non foron adquiridas pola axencia catalográfica.

505 1# \$aparte 1. General observations – parte. 2. Methodology – parte. 3. Initial phase

2 – Utilízase para xerar a visualización asociada «**Contido parcial**». A nota describe só partes seleccionadas dun documento aínda que se dispón de todas para a súa catalogación.

300 ## \$a3 volumes :\$bilustracións (cor) ;\$cxx cm

300 ## \$a2 CD-ROM

300 ## \$a1 DVD-ROM

505 2# \$a[1]. Flora (xx páxinas) – [2]. Fauna (xx páxinas) – [3]. Minerais (xx páxinas) (1 CD-ROM)

[Un dos CD-ROM e o DVD-ROM non levan título]

8 – Non xera visualización asociada. A información relacionada con contido recollido na nota dáse no mesmo campo:

300 ## \$a3 volumes :\$bilustracións (cor) ;\$cxx cm

300 ## \$a2 CD-ROM

505 8# \$aContido do texto impreso: [1]. Welcome to Britain (xx páxinas) – [2]. Audio files (xx páxinas) – [3]. A past to rememeber (xx páxinas)

[Os CD-ROM non levan título]

O segundo indicador deixámolo en branco [#], indicando así que a designación de contido corresponde ao nivel básico (toda a información se inclúe no subcampo \$a). O sistema dá por defecto o literal apropiado que precede á nota dependendo do indicador utilizado.

Uso xeral

Nesta nota descríbense os títulos particulares das partes e as mencións dos responsables principais destas (separados por barra) se se considera importante mencionalos para xustificar os puntos de acceso. Ao final da información de cada parte poñeranse as páxinas entre paréntese.

A designación da parte será a que veña no libro e na lingua do documento (vol., tomo, band., book, no., parte...).

A numeración darase como veña na fonte:

245 00 \$aHistoria global de Venezuela

505 0# \$avol. 1. Período prehispánico e colonial (256 páxinas) – vol. 2. Independencia e século XIX (256 páxinas) – vol. 3. Século XX: ditadura e democracia (256 páxinas) – vol. 4. Colofón, século XX, albores século XXI (288 páxinas)

Cando os volumes carezan de numeración, ordénanse da forma máis coherente posible e poñerase o número que lle asignemos a cada volume, entre corchetes.

505 0# \$a[1]. Temario (234 páxinas) – [2]. Tests (253 páxinas)

Casos nos que hai subdivisións de partes

➤ Obras en partes con título de volume e título de parte:

505 0# \$aTítulo xeral (parte. 1. Título da parte (páxinas) – parte. 2. Título da parte (páxinas))

Por exemplo, temos unha obra cuxo volume 1 se titula *Historia antiga* e está dividido en dúas partes: *Os celtas* e *Os iberos*:

505 1# \$atomo 1. Historia antiga (parte 1. Os celtas (258 páxinas) – parte 2. Os iberos (321 páxinas))

Se temos obras en partes con denominación propia da parte, reflectirémola no rexistro tal como apareza na fonte:

505 1# \$avolume 1, tomo 1

505 1# \$avol. 1, tomo IV

505 1# \$avolume 1, módulo 1

Se non existe unha denominación propia para a parte, utilizaremos «parte».

➤ Un volume en varias partes, pero sen título de parte:

505 1# \$aTítulo xeral (número de volumes físicos)

505 1# \$avolume 1. Historia antiga (2 volumes) (243, 314 páxinas)

No caso de que nos faltase algunha das partes, a descrición sería:

505 1# \$aTítulo xeral <n.º de parte>

505 1# \$avolume 1. Historia antiga <parte. 1> (243 páxinas) (ponse entre picos porque é un dato provisional)

Cando unhas partes teñen título particular pero outras non, poñeremos unicamente o título xeral.

➤ **Un volume en varias partes sen título común, pero cada parte leva o seu propio título**

505 0# \$avolume 1 (parte. 1. Título da parte – parte. 2. Título da parte)

505 0# \$avolume 1 (parte. 1. Os celtas (215 páxinas) – parte. 2. Os íberos (250 páxinas))

➤ **Se algunha das partes non ten título particular**

Se algunha das partes non ten título particular, no 505 poñeremos [*Sen título particular*]

505 0# \$a2. Os celtas (215 páxinas) – 3. [*Sen título particular*] (312 páxinas) – 4. Os visigodos (56 páxinas)

Se, amais de non levar título particular, tampouco leva numeración, todo iría entre corchetes:

505 0# \$a2. Os celtas (215 páxinas) – [3. *Sen título particular*] (312 páxinas) – 4. Os visigodos (56 páxinas)

Pero se a maioría das partes non ten título particular e só unha o ten, a nota sería xeral:

500 ## \$aTítulo particular do volume 8: Atlas

Do mesmo xeito, cando un volume non ten título colectivo, redactaremos a nota:

500 ## \$aVolume 8 sen título colectivo

Nota de reprodución (534)

Usamos este campo para dar os datos da edición orixinal cando estamos catalogando unha reprodución e non temos o rexistro da manifestación relacionada na base de datos (en cuxo caso se establecería a relación mediante un campo 787 como se indica no apartado **Manifestacións relacionadas (27.1)**)

534 ## \$pReprodución da edición de:\$cMadrid : Santiago Burgos, 1885

Se non todas as partes son reproducións (ou cada volume é reprodución dunha manifestación diferente), mediante o subcampo \$3 indicárase cales son as que se atopan nesta circunstancia:

534 ## \$3volume 2 \$pReprodución da edición de:\$cMadrid : Casa Editorial Hernando, 1924

Nota sobre a parte usada como base para a descripción (588)

Utilizaremos esta nota cando non describamos a partir do primeiro volume. Se posteriormente chegase o volume 1, modificarase a descripción se fose necesario para adaptala a este volume, e quitarase a nota.

588 ## \$aDescripción baseada en: volume 3

ANEXO II. Catalogación de monografías electrónicas

Este anexo establece (seguindo a estrutura do rexistro MARC 21) as peculiaridades da catalogación de recursos electrónicos monográficos. Para calquera punto non previsto neste anexo, consulte o elemento correspondente dentro do perfil xeral de aplicación para monografías modernas.

Se o que necesita é orientación sobre a catalogación de monografías impresas que ofrecen acceso a información en liña, consulte entre os seguintes apartados os que máis se adecúen ao seu caso:

- Se a monografía dá acceso a outro recurso en liña, xa sexa unha versión electrónica total ou parcial da monografía, ou un recurso relacionado que non forme parte da mesma: consulte o apartado **Manifestacións relacionadas (27.1)**.
- Se unha parte da propia monografía se encontra exclusivamente en liña: consulte o apartado **Pautas xerais para a descrición de soportes (3.1)**.

Primeira Decisión: material textual ou multimedia/interactivo


Antes de catalogar un recurso electrónico hai que ter en conta que o contido vai determinar o tipo de rexistro que se redacta. [No Departamento de Proceso Técnico da BNE redactaranse rexistros unicamente para **material textual e para arquivos de ordenador** (fundamentalmente recursos electrónicos multimedia/interactivos), cuxos valores de **cabeceira/06 son «a» e «m»⁸⁸**, respectivamente]

Se existe un elemento significativo que poida facer pensar que lle corresponde outro código de **cabeceira/06**, débese ter en conta (por exemplo, datos vectoriais que son cartográficos non se codifican como numéricos senón como mapas, un disco duro cuxo contido fundamental sexan vídeos non se codificarán como arquivo de ordenador senón como vídeo etc.).

O documento [Guidelines for Coding Electronic Resources in Leader/06](#) ofrece información adicional para a correcta asignación do tipo de rexistro, así como exemplos de recursos electrónicos catalogados como material textual, arquivo de ordenador e demais tipos de rexistro.

O seguinte diagrama serve de resumo para guiar esta primeira decisión á hora de catalogar un recurso electrónico:

⁸⁸ É dicir: a=Material textual, e m=Arquivo de computadora





A decisión condicionará o rexistro que se vai redactar. En particular a **cabeceira**, os **campos de lonxitude fixa** e o **formato de rexistro** serán diferentes en función de que se trate de recursos textuais ou recursos multimedia/interactivos.

Formato de rexistro, cabeceira, campos de control

Formato de rexistro

Na catalogación de recursos electrónicos monográficos na BNE, o formato de rexistro escóllese no despregable da pestana Control en Symphony.

	TEXTUAIS	MULTIMEDIA/INTERACTIVOS
Formato de rexistro	<i>Monografías modernas</i>	<i>Recurso electrónico local ou remoto</i>

Koha: Módulo catalogación: Novo rexistro	
DIGIBIB: Novos: - Tipo de rexistro	

Cabeceira

	TEXTUAIS	MULTIMEDIA/INTERACTIVOS
000/06	<i>a</i>	<i>m</i>

006 – Códigos de información de lonxitude fixa

O campo 006 só se consignará no caso de recursos electrónicos textuais

006	TEXTUAIS	MULTIMEDIA/ INTERACTIVOS
/00 – Forma de material	<i>m</i>	<i>Non se rexistra</i>
/05 – Público destinatario	<i>Consignar o mesmo valor ca 008/22</i>	<i>Non se rexistra</i>
/06 – Forma da publicación	<i>Consignar o mesmo valor ca 008/23</i>	<i>Non se rexistra</i>
/09 – Clase de arquivo de ordenador	<i>d (textual)</i>	<i>Non se rexistra</i>
/11 – Publicación oficial	<i>Consignar o mesmo valor ca 008/28</i>	<i>Non se rexistra</i>

007 – Campo fixo de descrición física

O campo 007 cubrirase en recursos textuais e multimedia/interactivos seguindo as mesmas directrices.

007	TEXTUAIS	MULTIMEDIA/ INTERACTIVOS
/00 – Clase de material	<i>c – Recurso electrónico</i>	<i>c – Recurso electrónico</i>
/01 – Designación específica de materia	<i>o – Disco óptico (CD-ROM, DVD-ROM)</i> <i>b – Cartucho de chip (memorias USB)</i> <i>r – Remoto (recursos en liña)</i>	<i>o – Disco óptico (CD-ROM, DVD-ROM)</i> <i>b – Cartucho de chip (memorias USB)</i> <i>r – Remoto (recursos en liña)</i>
/03 – Cor	<i>b – Branco e negro</i> <i>c – Polícromo</i>	<i>b – Branco e negro</i> <i>c – Polícromo</i>

/04 – Dimensións	<i>g</i> – 12 cm (case todos os CD-ROM, DVD-ROM) <i>z</i> – Outro (memorias USB, discos duros) <i>n</i> – Non aplicable (recursos en liña)	<i>g</i> – 12 cm (case todos os CD-ROM, DVD-ROM) <i>z</i> – Outro (memorias USB, discos duros) <i>n</i> – Non aplicable (recursos en liña)
/05 – Son	<i>a</i> – Son # – Sen son (branco)	<i>a</i> – Son # – Sen son (branco)

008 – Códigos de información de lonxitude fixa

Cubrirase o campo seguindo as especificidades de cada tipo de material, tendo en conta a posición 23 no caso de recursos textuais e as posicións 23 e 26 no caso de multimedia/interactivos.

008	TEXTUAIS	MULTIMEDIA/ INTERACTIVOS
Tipo de 008	<i>Libros</i>	<i>Archivos de ordenador</i>
/23 – Tipo de publicación	<i>o</i> – En liña	<i>o</i> – En liña
	<i>q</i> – Electrónica de acceso directo	<i>q</i> – Electrónica de acceso directo
/26		/26 – Clase de arquivo de ordenador: <i>g</i> – Xogo <i>i</i> – Multimedia interactivo <i>m</i> – Combinación

Fontes preferidos de información

- Cando o recurso consista nun **único arquivo de texto asimilable a un recurso impreso** (arquivo .doc, presentación de PowerPoint, PDF etc.), siga o indicado no apartado **Fonte preferida de información (2.2.2)** do **Perfil xeral para monografías modernas**, equiparando as fontes impresas á imaxe destas fontes nun recurso electrónico (é dicir, tome como fonte de información a imaxe dunha portada ou dunha folla de título; no caso de non tela, tome como fonte a imaxe dunha cuberta ou sobrecuberta etc.).
- No resto dos casos, elixa como fonte preferida de información a que identifique o recurso no seu conxunto, seguindo a seguinte orde:
 - Unha fonte textual que forme parte do soporte do recurso (por exemplo, unha etiqueta dun CD-ROM), excluindo o envase e o material anexo.
 - Unha fonte interna que presente un título de xeito formal (por exemplo, unha pantalla de título, unha páxina de créditos etc.).
 - Unha fonte no envase ou no material anexo.

017 – Depósito Legal

Consignarase o número de depósito legal do mesmo xeito ca nun documento impreso, tanto para obras unitarias como para obras en varias partes.

Cando un mesmo recurso electrónico constitúa unha colección de obras sen un número de DL para o conxunto, pero con número de DL para cada unha das obras, catalogarase seguindo o indicado no apartado **505 – Nota de Contido** deste mesmo anexo.

1XX e 7XX – Elección de Puntos de acceso

A política de puntos de acceso para este tipo de recursos será a mesma ca en monografías modernas impresas. Polo xeral, relacione mediante campos 7XX todos os axentes responsables da creación do recurso. O xuízo do catalogador determinará en que casos o elevado número de axentes e a limitada importancia da función que desempeñan aconsellan non crear puntos de acceso de tales axentes.

246 – Variantes de Título

Sempre que se redacta unha variante de título na que haxa que expresar a fonte, emprégase o \$i cos indicadores 1#. As fontes citaranse seguindo as indicacións da lista que se atopa baixo a epígrafe **500 – Nota de Fonte do Título propiamente dito**.

246 1# \$iTítulo da etiqueta:\$aINDOTEC 2013

300 – Descrición física

Extensión (\$a)

Siga a alternativa en 3.4.1.3 e prefira un termo de uso común (incluído un nome comercial se fose aplicable) antes ca os termos da lista en 3.3.1.3. [Para recursos electrónicos, os termos máis comúns serán:](#)

- CD-ROM
- DVD-ROM
- memoria USB
- tarxeta de memoria
- disco duro externo
- recurso en liña

300 ## \$a2 CD-ROM

300 ## \$a1 recurso en liña

300 ## \$a3 DVD-ROM

300 ## \$a1 memoria USB

300 ## \$a1 tarxeta de memoria

300 ## \$a1 disco duro externo

Cando o recurso consista nun único arquivo de texto asimilable a un recurso impreso (arquivo .doc, presentación de PowerPoint, PDF etc.) engadirase a extensión entre paréntese. Non se engadirá nada se inclúe máis dun arquivo ou se se trata dun arquivo de texto en html ou calquera outro formato non asimilable a un recurso impreso.

300 ## \$a1 CD-ROM (XV, 345 páxinas) ;\$c12 cm

Se as páxinas no arquivo de texto están numeradas, reflectirase esa numeración. Se non están numeradas, reflectirase o número de páxinas reais que marque o programa que executa o arquivo.

Outras características físicas (\$b)

En recursos textuais, siga o indicado nos puntos **Contido ilustrativo (7.15)** e **Contido a cor (7.17)** do **Perfil xeral de monografías** se indica o referente á cor e ao son.

300 ## \$a1 memoria USB (237 p.) :\$b ilustracións (cor)

En recursos multimedia/interactivos indique o referente á cor e ao son.

300 ## \$a1 CD-ROM :\$bson, cor ;\$c12 cm

Dimensións (\$c)

No caso de discos ópticos, consigne o diámetro en centímetros (xeralmente 12 cm). Para memorias USB, discos duros e tarxetas de memoria, consigne o longo. Os recursos en liña non teñen dimensións.

337 – Tipo de Medio

Aplique 3.2.1.3 e consigne o termo «ordenador⁸⁹».

337 ## \$aordenador\$2rdamedia

338 – Tipo de Soporte

Siga o especificado no apartado Tipo de soporte (3.3) do **Perfil xeral de monografías modernas**. Utilice a lista de termos específicos para soportes electrónicos:

- carrete de cinta de ordenador
- cartucho de chip para ordenador
- cartucho de cinta de ordenador
- cartucho de discos de computadora
- casete de cinta de ordenador
- disco de ordenador
- recurso en liña
- tarxeta de ordenador
- outro (para soportes non previstos nesta lista, como *memorias USB*)

⁸⁹ BNE usa “computadora”

347 – Características do Arquivo dixital

Especificarase o relativo ao tipo de arquivo e formato do arquivo sempre que se teña a información.

\$a – Tipo de Arquivo dixital

Tomarase o valor da lista que ofrece RDA en 3.19.2.3:

- Arquivo de datos
- Arquivo de imaxe
- Arquivo de programa
- Arquivo de texto
- Arquivo de vídeo
- Arquivo de son

347 ## \$aArquivo de texto

Cando exista máis dun tipo de arquivo, rexistrarase o tipo de arquivo que conteña a información máis relevante do documento. Cando non sexa posible identificalo, rexistraranse todos os tipos de arquivo contidos que o catalogador considere importantes para a identificación do recurso.

O tipo de arquivo refírese exclusivamente ao arquivo dixital en si mesmo, non ten por que gardar correspondencia co valor que figure en 336 (tipo de contido).

336 ## \$aTexto

347 ## \$aArquivo de imaxe \$bJPG

[O recurso é un CD-ROM que contén imaxes dixitalizadas en formato JPG das páxinas dun libro]

\$b – Formato do Arquivo dixital

Só se especificará o formato cando sexa facilmente identificable. Tomarase o valor da seguinte lista:⁹⁰

Texto	Imagen	Audio	Vídeo	Datos	D. espaciales
ASCII			Blu-Ray		
HTML			DVD-video		ArcInfo
Megadots	BMP	CD-Audio	Flash	Access	BIL
MS Word	GIF	DVD-Audio	HD-DVD	Excel	BSQ
PDF	JPEG2000	DAISY	MPEG-4	Lotus	CAD
RTF	JPEG	MP3	QuickTime	XML	DEM
SGML	PDF**	RealAudio	RealVideo		E00
TeX	PNG	SACD	SVCD		MID/MIF
Word Perfect	TIFF	WAV	VCD		
XHTML			Windows media		
XML					

** Nota (PDF): O formato PDF codificarase como formato de arquivo de imaxe só cando o arquivo conteña exclusivamente imaxes e careza de calquera texto.

⁹⁰ NOTA: Esta lista ofrecíase en versións anteriores de RDA. Actualmente RDA non ofrece ningún vocabulario controlado para o formato de arquivo dixital.

No caso de non atopar o valor nesta lista, rexístrase o formato na forma que apareza como a máis frecuente nas fontes consultadas.

Se o formato non resulta fácil de identificar, rexístrase «formato non identificado».

347 ## \$aArquivo de vídeo\$bFormato non identificado

Repetibilidade do campo*

Rexístrase un campo 347 diferente para cada tipo de arquivo. Cada formato de codificación rexístrase a continuación do tipo de arquivo correspondente.

347 ## \$aArquivo de texto\$bPDF

347 ## \$aArquivo de imaxe\$bJPG

347 ## \$aArquivo de texto\$bPDF\$bEPUB

[Dos arquivos de texto en diferente formato]

***NOTA:** O campo especifica “*Diferentes valores tomados do mesmo vocabulario fonte pódense rexístrar no mesmo campo repetindo subcampos. Diferentes termos tomados de diferentes vocabularios fonte rexístranse repetindo o campo*”. Ata o de agora, ao tomar o valor de \$a dunha fonte (RDA) e o \$b doutra (posto que a lista de formatos xa non está dispoñible en RDA), era obrigado repetir un campo para cada subcampo. Para dotar dun maior sentido ao campo, optouse por tomar como fonte xeral para ambos subcampos o presente documento (sen facelo constar en \$2)

500 – Nota de Fonte do Título propiamente dito

Cite sempre a fonte da que obtén o título propiamente dito.

Formas máis frecuentes de mención de fontes (tamén válida para o campo 246)

500 ## \$aTítulo tomado de ... (ou 246 ## \$iTítulo ...):

- Da pantalla do título
- Do menú principal
- Da pantalla de créditos
- Do ficheiro Léame
- Da etiqueta
- Da carátula
- Da páxina 3 da carátula
- Do material anexo
- Do estoxo
- Da funda
- Da carpeta
- Da páxina 2 da carpeta
- Da portada do arquivo de texto
- Do verso da portada do arquivo de texto
- Do volume anexo (cando non é o único material anexo descrito en **300 \$e**, xa que neste caso, a nota «**Título tomado do material anexo**» sería imprecisa)

Cando carátula anterior, lombo da carátula e carátula posterior vaian seguidas nunha soa folia, non se denominará a parte exacta excepto no caso dunha información repetida de diferente maneira en dúas das partes.

245 10 \$aSubvencións e axudas

246 1# \$iTítulo do lombo da carátula: \$aAxudas e subvencións

500 ## \$aTítulo tomado da carátula anterior

Cando a carátula conste dun díptico ou tríptico e sexa necesario especificar a páxina da que se obtén a información, cítase como “*páxina X de carátula*”, sendo a páxina 1 a propia carátula anterior, a páxina 2 o seu verso e, a partir de aí, sucedéndose as páxinas cara á dereita.

245 \$aSubvencións e axudas

246 \$iTítulo da páxina 3 de carátula: \$aAxudas e subvencións

500 \$aTítulo tomado da carátula anterior

505 – Nota de Contido

Redactarase unha nota de contido nos mesmos casos nos que se fai para calquera monografía impresa.

No caso específico no que un recurso teña dúas ou máis obras independentes, cada unha co seu propio depósito legal (e sen número de depósito legal común a todas), seguiranse as seguintes indicacións:

- Só se catalogará se hai unha entidade que o está presentando como unha edición; non se catalogarán os recursos sen etiqueta impresa.
- Redactarase unha nota de contido do seguinte xeito:
 - **Título primeira obra (DL primeira obra). Título segunda obra (DL segunda obra) etc.**
- Crearase un punto de acceso (secundario ou principal, segundo sexa aplicable) para a entidade responsable da edición.

Se ademais o recurso electrónico carecese de título colectivo, redactarase un título colectivo facticio que se axuste o máis posible ao contido e redactarase unha nota explicativa.

245 00 \$a[Másteres e posgraos] 2007 /\$cIL3

505 0 \$aColeccionismo de arte actual (DL B 45303-2007). De 1970 a 2007, historia das principais tendencias (DL B 45304-2007). Contexto artístico global (DL B 45305-2007). Bases xurídicas e lexislativas da arte actual (DL B 45306-2007). O novo papel do artista e da arte (DL B 45307-2007)

500 ## \$aTítulo redactado polo catalogador

520 – Nota de Sumario

Redáctase esta nota cando non se desprende o contido nin as técnicas especiais que utiliza do resto da descrición nin da materia. A información e a forma de expresión da nota xeralmente tómanse do propio recurso.

521 – Nota de Público destinatario

Redáctase cando aparece no recurso e non figura en ningún outro punto da descrición.

538 – Nota de requisitos del sistema

Dáse esta información cando estea dispoñible no recurso. A nota comezará coa frase introdutoria **«Requisitos do sistema»** e formularase tal e como veña no recurso. No caso de que a información estea dispersa polas fontes, seguirase a seguinte orde á hora de rexistrar os datos (separado cada un por punto e coma): *nome, modelo e/ou número da máquina; cantidade de memoria; nome do sistema operativo; requisitos do software; periféricos; modificacións do hardware; código de caracteres.*

856 – Localización e acceso electrónicos

Utilizarase nos seguintes casos e será de aplicación o indicado no documento ***Manifestacións que dan acceso a información en liña:***, no seu apartado *Uso do campo 856:*

- Cando se trate dun recurso electrónico en liña (ou dunha parte do recurso accesible en liña).
- Cando nas fontes se dea información relativa a unha versión en liña do recurso (total ou parcial).
- Cando nas fontes se dea información relativa a un recurso en liña complementario.

ANEXO XERAL. Rexistro de actualizacións no perfil de aplicación

As actualizacións están no documento orixinal do Perfil da BNE versión 3.

íTítulo

Título propiamente dicho
Título paralelo propiamente dicho
Información complementaria del título
Información complementaria del título paralela
Variante del título
Título propiamente dicho anterior
Título propiamente dicho posterior
Título clave
Título abreviado

Mención de responsabilidade

Mención de responsabilidade relacionada con el título propiamente dicho
Mención de responsabilidade paralela relacionada con el título propiamente dicho

Mención de edición

Designación de edición
Designación paralela de edición

Mención de responsabilidade relacionada coa edición
Mención de responsabilidade paralela relacionada coa edición

Designación de una revisión mencionada dunha edición
Designación paralela dunha revisión mencionada dunha edición

Mención de responsabilidade relacionada con una revisión mencionada dunha edición
Mención de responsabilidade paralela relacionada cunha revisión mencionada dunha edición

Numeración das publicacións seriadas

Designación numérica e/ou alfabética da primeira entrega ou parte da secuencia
Designación cronolóxica da primeira entrega ou parte da secuencia
Designación numérica e/ou alfabética da última entrega ou parte da secuencia
Designación cronolóxica da última entrega ou parte da secuencia
Designación numérica e/ou alfabética alternativa da primeira entrega ou parte da secuencia
Designación cronolóxica alternativa da primeira entrega ou parte da secuencia
Designación numérica e/ou alfabética alternativa da última entrega ou parte da secuencia
Designación cronolóxica alternativa da última entrega ou parte da secuencia

Mención de produción

Lugar de produción
Lugar de produción paralelo
Nome do produtor
Nome del produtor paralelo
Data de produción

Mención de publicación

Lugar de publicación
Lugar de publicación paralelo
Nome de editor
Nome de editor paralelo
Data de publicación

Mención de distribución

Lugar de distribución
Lugar de distribución paralelo
Nome do distribuidor
Nome do distribuidor paralelo
Data de distribución

Mención de fabricación

Lugar de fabricación
Lugar de fabricación paralelo
Nome do fabricante
Nome do fabricante paralelo
Data de fabricación

Mención de serie

Título propiamente dito da serie
Título propiamente dito paralelo da serie
Información complementaria do título da serie
Información complementaria paralela do título da serie
Mención de responsabilidade relacionada coa serie
Mención de responsabilidade paralela relacionada coa serie
Numeración en la serie
Título propiamente dito da subserie
Título propiamente dito paralelo da subserie
Información complementaria sobre o título da subserie
Información complementaria paralela do título da subserie
Mención de responsabilidade relacionada coa subserie
Mención de responsabilidade paralela relacionada coa subserie
Numeración da subserie

ii) As entidades corporativas considéranse creadoras cando son responsables de orixinar, editar ou causar a emisión de obras que entran en unha ou máis das seguintes categorías:

- a) Obras de natureza administrativa que se refiran a algúns dos seguintes aspectos da entidade mesma:
 - i. as súas políticas internas, procedementos, finanzas e/ou operacións.
ou
 - ii. As súas oficinas, persoal e/ou membresía (por exemplo, directorios)
ou
 - iii. os seus recursos (por exemplo, catálogos, inventarios)
- b) Obras que rexistran o pensamento colectivo da entidade (por exemplo, informes de comisións, comités; declaracións oficiais de postura sobre políticas externas; normas)
- c) obras que rexistran audiencias dirixidas por entidades lexislativas, xudiciais, gobernamentais e outras
- d) obras que informan a actividade colectiva de
 - i. unha conferencia (p.ex., actas, recompilacións de traballos)
ou
 - ii. unha expedición (p.ex., resultados de una exploración, investigación)
ou
 - iii. un evento (p.ex., una exposición, feira, festival) que responda á definición de una entidade corporativa (véxase 18.1.2) sempre que a conferencia, expedición ou evento estea mencionado no ítem que se describe
- e) obras que resultan da actividade colectiva de un grupo de intérpretes que actúan como un todo, onde la responsabilidade do grupo vai máis aló da mera interpretación, execución, etc.
- f) Obras cartográficas que se orixinan nunha entidade corporativa diferente dunha entidade que simplemente sexa responsable da súa publicación ou distribución
- g) obras legais dos seguintes tipos:
 - i. leis
 - ii. decretos dun xefe de estado, xefe do poder executivo ou entidade executiva gobernante
 - iii. anteproxectos e proxectos lexislativos
 - iv. regulamentos administrativos
 - v. constitucións, cartas de fundacións, etc.
 - vi. Regulamentos de tribunais
 - vii. instrucións aos xurados, acusacións, procesos e sentencias dos tribunais
- h) obras de arte recoñecidas por dúas ou máis artistas actuando como unha entidade corporativa